

SESFOR

Estudios e Iniciativas Forestales, S.L.

PROXECTO DE 1ª REVISIÓN DE ORDENACIÓN DO MONTE

A PEROXA, O QUINTEIRO E OUTROS

Parroquia de SANTA MARÍA DE PARAÑOS

Concello do COVELO

Provincia de PONTEVEDRA

PROPIEDAD: C.M.V.M.C. DE PARAÑOS

Decembro de 2011



Visado E004624
08/06/2012

PROYECTO DE 1ª REVISIÓN DE ORDENACIÓN DO MONTE
A PEROXA, O QUINTEIRO E OUTROS.

Parroquia de SANTA MARÍA DE PARAÑOS. Concello do COVELO.

Provincia de PONTEVEDRA.

ÍNDICE

1. TÍTULO I. Inventario

1.1. Capítulo I. Estado Legal	1
1.1.1. Situación administrativa	1
1.1.2. Pertenza	1
1.1.3. Grao de consolidación da propiedade	2
1.1.4. Límites	8
1.1.5. Superficies	9
1.1.6. Posibles servidumes ou ocupacións	10
1.1.7. Usos e costumes	11
1.1.8. Existencia consorcio/convenio	16
1.1.9. Regulamentación existente	19
1.1.10. Posibilidade de subvencións	20
1.2. Capítulo II: Estado Natural	21
1.2.1. Descrición da situación xeográfica, orográfica, configuración do terreo, clima e solo..	21
1.2.1.1. Características do clima.....	25
1.2.1.2. Características do solo.....	32
1.2.2. Infraestruturas de acceso	34
1.2.3. Estructura de usos.....	35
1.2.4. Estado dos procesos de erosión	36
1.2.5. Estado da rede fluvial e bosque ripícola.....	37
1.2.6. Biodiversidade; fauna e vexetación. Hábitats forestais (singulares e ecotonos)	38
1.2.6.1. Fauna	38
1.2.6.2. Vexetación.....	43
1.2.6.3. Hábitats forestais (singulares e ecotonos)	46
1.2.7. Enfermidades, pragas e outros danos	46
1.2.8. Descrición de árbores, entornes e paisaxes singulares, patrimonio cultural e valores recreativos	48

1.3. Capítulo III. Estado Forestal	50
1.3.1. División inventarial	50
1.3.1.1. Estratos	52
1.3.1.2. Cantóns	57
1.3.1.3. División do monte en rodais	60
1.3.2. Cálculo de existencias	60
1.3.2.1. Metodoloxía	60
1.3.2.2. Estrutura da masa por estratos	66
1.3.3. Descrición das unidades inventariais	87
1.3.4. Estado do rexenerado	123
1.3.5. Resumo do inventario	124
1.4. Capítulo IV: Estado Económico	126
1.4.1. Breve resumo económico do último decenio	126
1.4.1.1. Análise dos aproveitamentos	128
1.4.1.2. Análise dos usos sociais	129
1.4.1.3. Análise dos traballos silvícolas, de protección e de infraestruturas	129
1.4.1.4. Análise da man de obra empregada e maquinaria	130
1.4.1.5. Análise da fiscalidade	131
1.4.2. Distancias a núcleos e principais centros de transformación	131
1.4.3. Condicións da comarca e mercado de produtos forestais	132
1.4.3.1. Análise sucinto da situación social e económica da comarca	132
1.4.3.2. Estudo de mercado dos produtos forestais	134
1.4.4. Condicións intrínsecas do monte	136
1.4.4.1. Camiños forestais	136
1.4.4.2. Infraestruturas de defensa contra incendios forestais. Cargadeiros de madeira	137
1.5. Capítulo V: Conclusións do Inventario	139

2. TÍTULO II. Planificación

2.1. Capítulo I. Fundamentos e fins	141
2.1.1. Obxectivos da ordenación, especialmente cara ao Plan Forestal de Galicia	141
2.1.2. Prioridade e compatibilidades entre os aproveitamentos e servizos do monte.....	145
2.1.3. Principais limitacións da ordenación.....	147
2.1.4. Formación definitiva de cuarteis e seccións en relación cos obxectivos da ordenación	149
2.2. Capítulo II: Plan Xeral	150
2.2.1. Decisións selvícolas.....	150
2.2.1.1. Adecuación da masa na súa composición, estrutura, forma fundamental da masa, rexeneración á estación, obxectivos de xestión e directrices superiores.....	150
2.2.1.2. Elección de tratamentos selvícolas (modelo de silvicultura)	152
2.2.2. Decisións dasocráticas.....	157
2.2.2.1. Elección do método de ordenación.....	157
2.2.2.2. Discusión de quendas, idades de madurez ou diámetros de cortabilidade	158
2.2.2.3. Organización no tempo das actuacións selvícolas.....	159
2.2.2.4. Organización no espazo das actuacións selvícolas.....	159
2.2.2.5. Análise de sensibilidade e análise de risco dos principais obxetivos e limitacións	164
2.2.2.6. Estudo comparativo do esquema de ordenación e organización do Plan Xeral fronte ao Plan Forestal de Galicia	165
2.2.3. Monte ordenado.....	165
2.3. Capítulo III: Plan Especial	167
2.3.1. Plan de cortas	167
2.3.2. Plan de Melloras	174
2.3.2.1. Prezos de traballos mellora selvícola	175
2.3.2.2. Progrma de traballos mellora selvícola	181
2.3.2.3. Resumo do Plan de Melloras Selvícolas	191
2.3.2.4. Plan de traballos de infraestructuras e prevención de incendios durante o período 2012-2021	193
2.3.2.5. Outros gastos de mellora a realizar durante o período 2012-2021	194
2.3.2.6. Cadro resumo de gastos de melloras durante o período 2012-2021	195
2.3.3. Balance económico e financeiro	196

ANEXOS

1. Características dos rodais
2. Erro de mostraxe na estimación do volume
3. Táboas de produción para o monte ordenado
4. Esquemas silvícolas
5. Información para comprobación de norma UNE-162002-1:2007 de Xestión Forestal Sostible

PLANOS

1. Plano de situación do monte
2. Plano de localización do monte
3. Plano topográfico
4. Plano de estratos e parcelas de mostraxe
5. Plano de inventario
6. Plano de planificación

TÍTULO I: INVENTARIO

- 1.1. CAPÍTULO I: ESTADO LEGAL**
- 1.2. CAPÍTULO II: ESTADO NATURAL**
- 1.3. CAPÍTULO III: ESTADO FORESTAL**
- 1.4. CAPÍTULO IV: ESTADO ECONÓMICO**
- 1.5. CAPÍTULO V: CONCLUSIONES DO INVENTARIO**



Visado E004624
08/06/2012

Estado Legal

1. TÍTULO I: INVENTARIO	1
1.1. Capítulo I: Estado Legal	1
1.1.1. Situación administrativa	1
1.1.2. Pertenza	1
1.1.3. Grao de consolidación da propiedade	2
1.1.4. Límites	8
1.1.5. Superficies	9
1.1.6. Posibles servidumes ou ocupacións	10
1.1.7. Usos e costumes	11
1.1.8. Existencia consorcio/convenio	16
1.1.9. Regulamentación existente	19
1.1.10. Posibilidade de subvencións	20



Visado E004624
08/06/2012

1. TÍTULO I: INVENTARIO

1.1. CAPÍTULO I: ESTADO LEGAL

1.1.1. Situación administrativa

O monte A Peroxa, O Quinteiro e outros atópase no sueste da provincia de Pontevedra, no concello do Covelo, na parroquia de Santa María de Paraños. Pertence ao partido xudicial de Pontearreas. Dende o punto de vista da Administración Forestal sitúanse no Distrito Forestal XVII O Condado-Paradanta.

1.1.2. Pertenza

O monte A Peroxa, O Quinteiro e outros pertence a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Paraños, por estar clasificado como monte veciñal en man común adscritos á parroquia de Paraños. Está integrado por seis parcelas principais, ademais de pequenas parcelas dispersas por toda a parroquia, que en total suman unha superficie de 302,45 hectáreas . Para comprender o estado actual é necesario realizar unha descrición de cómo evolucionou a propiedade ao longo dos anos.

O monte A Peroxa, O Quinteiro e outros foron clasificados como veciñais en man común por resolución do Xurado Provincial de Pontevedra con data 4 de maio de 1979, aínda que a superficie clasificada non se corresponde coa real do monte.

A superficie real obtívose ó engadirse sobre a clasificada, aparte de pequenos anacos repartidos pola zona central da parroquia, como resultado dunha sentenza a favor da Comunidade de Paraños, a nº 195/2001 con data de 25 de maio de 2001 emitida pola Sección Terceira da Audiencia Provincial de Pontevedra. A pesares de que, contra ese fallo a Comunidade de Montes de Mouriscados interpuxo recurso de casación (nº 34/01) con data de 5 de setembro de 2001 ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, este por resolución do 21 de febreiro de 2002 desestima o recurso de casación, e comúncalle que contra a mesma non cabe recurso algún. No apartado

seguinte explicase de forma pormenorizada o desenvolvemento do proceso xudicial en cuestión.

Ademais do monte veciñal a Comunidade de Montes é propietaria de dúas parcelas de carácter patrimonial por ser adquiridas nunha compra-venda. Un pequeno cuoto redondo de 0,36 ha (rodal 23f do inventario) formado por varias parcelas no paraxe da Levadiña cerca do lugar de Torreiro, que se emprega como área de lecer polos veciños. E outra peza de 0,06 ha (rodal 23g do inventario) no paraxe da Alvariña, tamén situada no centro da parroquia, que está destinada a aparcamento.

1.1.3. **Grao de consolidación da propiedade**

As orixes da propiedade dos montes de Paraños son forais. A propiedade dos bens rústicos integrantes de todo o “coto redondo” do pobo, así adquirido polos veciños da comunidade, evolucionou de xeito diferente en razón do uso e aproveitamento de cada un de eles.

En xeral, as fincas agrícolas, individualizadas e delimitadas claramente, evolucionaron cara a propiedade privada. Pola contra, os montes abertos, máis indiferenciados nos seus límites e aproveitamentos, tenderon cara a propiedade de tipo comunitario, con matices variables segundo as circunstancias socio-económicas de cada época e lugar.

O aproveitamento máis importante destes montes era o pastoreo mancomunado, con roza de esquilmos e corta de leñas por todos os veciños da parroquia. Nalgunhas zonas de mellor terreo chegouse, en época de escaseza de cereais e man de obra abundante, a facer cavadas para sementa de centeo e toxo. Algunhas destas cavadas, chegaron a ser parcelas fixas, que en ocasións ata se transmitiron.

Na carpeta-ficha non consta que este monte fora inscrito no Rexistro da Propiedade.

No Catálogo de Montes de Utilidade Pública (C.M.U.P.) figuraban incluídos os montes que se relacionan:

Nº	Nome	Pertenza	Superficie ha
231	Costa da Grifa	Paraños	1,00
253	As Medelas*	Paraños	49,15
254	Parada	Paraños	1,00
256	A Peroxa	Paraños	68,00
258	O Quinteiro	Paraños	10,00
Superficie total segundo o Catálogo de M.U.P.			129,15

* Do monte As Medelas pertencen exclusivamente á parroquia de Paraños 11 hectáreas.

Aínda que só estaba deslindado o monte das Medelas nº 253 e eran un tanto imprecisos os demais lindeiros do Catálogo, pódese asegurar que as superficies neste asignadas a cada monte estaban por debaixo da realidade, e que os cinco montes relacionados abarcaban a maior parte do monte veciñal de Paraños. En relación aos perímetros actuais, non aparecen os montes de Picoto e das Pereiriñas, aos que farase referencia máis adiante.

Os montes da parroquia de Paraños, con procedencia foral é incuestionable e, polo tanto, da propiedade da comunidade veciñal, que nunca deixou de efectuar os aproveitamentos tradicionais, foron confundidos cos “bens comunais” de dominio municipal, definidos pola Lei de Réxime Local, iniciándose así a intervención do Concello.

O Concello do Covelo incluíu o monte A Peroxa, O Quinteiro e outros no inventario de bens patrimoniais do municipio, diferenciando varios montes coa cualificación de “comunais”.

O 30 de novembro de 1944, como todos os montes do municipio de O Covelo, foron consorciados entre o Concello e o Patrimonio Forestal do Estado (P.F.E.) para a súa repoboación, en contra dos veciños de Paraños, xa que a repoboación supoñía para eles a forzosa diminución do censo gandeiro, parte importante da economía dos labradores desta zona. O monte recibiu o número 13.111 no Elenco de Montes Consorciados. O consorcio, de acordo coa súa base 2ª, afectou a todos os terreos comprendidos no C.M.U.P. da provincia de Pontevedra, baixo os números 220 ó 264,

ambos inclusive, cunha superficie aproximada de 7.000 hectáreas. Chegouse deste xeito a repoboar parcialmente as parcelas denominadas A Peroxa e O Quinteiro.

Publicada a Lei de Montes Veciñais en Man Común o 27 de xullo de 1968 e o Regulamento para a súa aplicación aprobado por Decreto 569/1970 de 26 de febreiro, os veciños constituíron a comunidade de montes coa denominación XUNTA DE COMUNIDADE DOS MONTES VECIÑAIS DA PARROQUIA DE PARAÑOS, o 13 de xaneiro de 1979, co fin de que levase a cabo as xestións necesarias para a clasificación dos montes e recuperar a titularidade plena dos mesmos.

Iniciado o trámite de clasificación e dentro do período de información, o presidente da Xunta da Comunidade, en representación dos veciños, presenta ó Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, con data de 25 de xaneiro de 1979, un escrito no que se manifestan algunhas dúbidas en relación cos lindeiros que aparecen nos montes, de acordo co expediente que sobre os montes da parroquia confeccionou a empresa dedicada á investigación dos mesmos (I.N.A.S.T.E.); en concreto respecto ao límite dos montes de Paraños na demarcación da Peroxa, coa parroquia de Mouriscados, concello de Mondariz.

A modo de resumo, como se explica en parte nun traballo realizado polo perito Ángel Bravo Portela en 1997, estas dúbidas baseábanse no seguinte:

- En 1835 constitúense os municipios, como agrupación de parroquias enteiras. Consecuentemente, a liña divisoria de cada concello quedaría definida polas parroquias periféricas do mesmo no súa colindancia coas limítrofes pertencentes a distintos concellos. Á marxe de antigos intentos de demarcación das parroquias (Catastro do Marqués da Ensenada, 1753) nos que xa se facía referencia a un lugar denominado “Seixos Albos” como límite entre as parroquias de Paraños, Mouriscados e A Franqueira, no século XIX realízanse intentos para coñecer os límites dos distintos concellos, concretándose nos Reais Decretos de 1870 e 1889. Neles aludíase a “veciños coñecedores” en representación das distintas partes, para a localización dos elementos de demarcación histórica en canto a coincidentes cunha posesión efectiva. Como resultado destes deslindes,

incluíanse na parroquia de Paraños os terreos que esténdense cara ao mencionado Seixos Albos (situado ao sur da parroquia).

- O problema xorde coa realización do deslinde de 1940 polo Instituto Geográfico Catastral (I.G.C.) entre os concellos de Mondariz e O Covelo, que se fai de forma completamente allea ao precedente efectuado en 1890, e –sen a máis mínima alusión ao topónimo Seixos Albos- describe un percorrido mediante o cal inclúe no concello de Mondariz non só a maior parte do monte veciñal das parroquias de Paraños e Prado da Canda (ambas no concello do Covelo), senón tamén unha parte importante das leiras particulares destas dúas parroquias.
- Pouco tempo despois de realizado o deslinde que comentamos, efectúanse no ano 1954 as operacións sobre instalación de marcos divisorios de concellos, con nomeamento de comisións que no caso presente inclúen a veciños das parroquias involucradas. Consecuencia diso, o día 25 de xuño de 1954, comparecen as comisións dos concellos do Covelo e Mondariz, e de común acordo levantan acta, a cal é unha copia literal da realizada en 1890, cambiando os datos da data e asistentes; e confirmando novamente que o vértice Seixos Albos constitúe o punto de confluencia das demarcacións parroquiais.

Por resolución do Xurado Provincial con data 4 de maio de 1979, notificada aos veciños o 18 dese mesmo mes e ano, quedaron clasificados os montes de Paraños como veciñais en man común, sen que esta resolución aclarase as dúbidas dos lindeiros anteriormente indicados.

Contra esta resolución, o presidente da comunidade de montes interpuxo recurso de reposición, con data de 25 de xuño de 1979, a fin de que se determinase o punto de separación da Peroxa coa parroquia de Mouriscados, recurso que non foi resolto en prazo.

O 12 de abril de 1988 o perito Ovidio Veloso Montero elaborou un informe que pretendía aclarar os problemas de límites en favor dos veciños de Paraños, informe que non se empregou para ningunha acción concreta.

O día 25 de marzo de 1994 o Concello do Covelo, por iniciativa entre outros do entón presidente da Comunidade de Montes de Paraños, Nicanor Rodríguez Costa, acorda solicitar do Instituto Geográfico Nacional (I.G.N.) que efectúe os traballos de delimitación entre diversas parroquias do concello do Covelo con outras dos concellos limítrofes, entre elas, Paraños con Mouriscados. Presentados no Covelo membros do I.G.N. o 29 de decembro de 1994, elaboran un acta de rectificación de deslinde entre os concellos de Mondariz e O Covelo, na cal os representantes do concello de O Covelo amosan a súa desconformidade, por realizarse de acordo có deslinde de 1940. O 30 de decembro de 1994 o Concello en pleno acorda solicitar a apertura dun expediente de deslinde entre os concellos de O Covelo, Mondariz e Fornelos de Montes.

En 1997 os alcaldes de O Covelo e Mondariz, en presenza de funcionarios do I.G.N., proceden a asinar as actas de apertura do expediente de deslinde, que foi resolto polo Decreto 246/2000 (DOG de 18 de outubro), dispoñendo que se considera válida e vixente a liña xurisdiccional que se describe na acta de deslinde de 1890 e na de deslinde e amolloamento de 1954, tal e como queda reflectido no plano a escala 1:25.000 anexo ao decreto.

Paralelamente a isto, a finais de 1996 a comunidade de montes de *Mouriscados* realiza traballos silvícolas no monte da Peroxa, polo que a comunidade de montes de Paraños presenta o 24 de xaneiro de 1997 no Xulgado de Primeira Instancia N° 2 de Ponteareas, unha demanda (interdito n° 13/87) contra aquela, xuízo celebrado o 18 de abril de 1997. A sentenza ditaminou que a cuestión da propiedade debería dilucidarse nun xuízo declarativo, procedendo por iso á desestimación da demanda interposta por Paraños.

Por tal motivo esta comunidade presenta de novo outra demanda, o 12 de febreiro de 1998, no Xulgado de Primeira Instancia N° 1 de Ponteareas, na que se pide que, unha vez examinadas as probas presentadas no informe do perito Ángel Bravo Portela, se declare o monte en discordia como propiedade da Comunidade de Montes Veciñais da Parroquia de Paraños, así como que a Comunidade de Montes de Mouriscados devolva o importe do valor da madeira cortada en 1996, cos seus intereses correspondentes. Tras os correspondentes trámites e a apertura dun período

de proba ditouse sentenza con data de 9 de febreiro de 1999, na que se desestimaron todas e cada unha das demandas interpostas pola Comunidade de Montes de Paraños.

Contra esta sentenza, a comunidade de Paraños interpuxo recurso de apelación. á Sección Terceira da Audiencia Provincial de Pontevedra de cuxo resultado emitiuse a sentenza nº 195/2001 con data de 25 de maio de 2001 que ditaminou estimar en parte o recurso de apelación formulado por Paraños, declarando que a superficie veciñal en disputa é propiedade da Comunidade de Montes demandante por habela vindo posuíndo os veciños da parroquia de Paraños desde tempo inmemorial.

Contra esta sentenza a Comunidade de Montes de Mouriscados interpuxo recurso de casación nº 34/01 con data de 5 de setembro de 2001 ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que por resolución do 21 de febreiro de 2002 desestima o recurso de casación interposto pola comunidade de montes de Mouriscados, e faille saber que contra a mesma non cabe recurso algún.

A Comunidade de Paraños ten dúbidas con respecto aos límites dos montes do Quinteiro e Picoto. No primeiro, na súa parte norte, no linde coa parroquia de Sta. Mariña de O Covelo, por entender que o límite real debería estar máis ao Norte, polos cumes, e non polas liñas actuais delimitadas nun documento elaborado por un funcionario da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, en presenza dos presidentes de ambas comunidades, o 15 de febreiro de 1993, documento que non foi consultado nin referendado en asemblea polos comuneiros de Paraños nin de Sta. Mariña de O Covelo. Con respecto ao monte de Picoto, cuestiónanse o límite sur porque basea na delimitación actual dos concellos, que como se comentou anteriormente, non é aceptada polos veciños de Paraños. A xuízo destes, o límite real atópase un pouco máis ao Sur.

O monte das Medelas, nº 253 do C.M.U.P., posúe deslinde aprobado e firme. Declarouse o deslinde por Orden Ministerial de 23 de outubro de 1968 e o amolloamento por Orden Ministerial de 8 de xullo de 1971. O problema é que o deslinde está realizado para o monte en conxunto, sen diferenciar a parte correspondente a cada unha das parroquias que posúen participación no mesmo.

Co obxecto de non demorar a ordenación do monte A Peroxa, O Quinteiro e outros, seguirase o indicado no artigo 11 das Instrucións Xerais para a Ordenación de Montes Arborados, aprobadas por Orden Ministerial de 29 de decembro de 1970, e publicadas no B.O.E. nº 36, de 11 de febreiro de 1971, que di textualmente: “*Cando exista litixio sobre parte dos perímetros do monte adoptarase provisionalmente, e só ao efecto de poder iniciar a ordenación, a liña máis desfavorable para o dono do monte, e aprazarase ata resolución firme o estudo das porcións suxeitas a alteración por tal motivo*”.

1.1.4. Límites

Unha vez expostas as consideracións do apartado anterior, os límites das parcelas, perímetros ou coutos redondos que van a ser obxecto do proxecto de ordenación e os cantóns de inventario ca forman son os seguintes:

- Parcela nº 1: **A Peroxa**, cantóns do 11 ao 22.

NORTE: Particulares de Paraños.
SUR: Monte veciñal Menxicobo, parroquia de Mouriscados, concello de Mondariz.
LESTE: Monte veciñal das parroquias da Franqueira e de Prado de Canda, concello do Covelo, e particulares de Paraños.
OESTE: Parte co monte veciñal de Menxicobo e no resto con propiedades particulares de Paraños.

- Parcela nº 1: **Picoto**, cantóns 1 e 2

NORTE: Particulares de Paraños.
SUR: Monte comunal das parroquias de Mouriscados ou de Meiol* e particulares de Paraños.
LESTE: Camiño forestal e particulares de Paraños.
OESTE: Monte veciñal de Meiol, concello de Mondariz.

- Parcela nº 3: **Parada**, cantón 3

NORTE: Camiño forestal e particulares do barrio das Medelas.
SUR: Particulares de Paraños.
LESTE: Camiño forestal e particulares do barrio das Medelas.

* Entre estas dúas parroquias hai actualmente un litixio que non permite saber cal é a liña divisoria entre ambas, impedíndonos polo tanto coñecer cal limita exactamente co monte de Picoto.

OESTE: Monte veciñal de Meirol.

- Parcela nº 4: **As Medelas**, cantón 4

NORTE: Monte do mesmo nome da parroquia de Sta. Mariña do Covelo.

SUR: Propiedades particulares do barrio das Medelas.

LESTE: Particulares da parroquia de Sta. Mariña do Covelo e particulares do barrio das Medelas.

OESTE: Particulares do barrio das Medelas.

- Parcela nº 5: **O Quinteiro**, cantóns 5, 6, 7, 8, 9 e parte do 10.

NORTE: Monte veciñal de Baldomar, parroquia de Sta. Mariña do Covelo.

SUR: Particulares de Paraños.

LESTE: Monte veciñal de Baldomar e particulares das parroquias da Lamosa e Paraños.

OESTE: Particulares de Paraños.

- Parcela nº 6: **As Pereiriñas**, a outra parte do cantón 10.

NORTE: Camiño forestal e particulares de Paraños.

SUR: Camiño forestal e particulares de Paraños.

LESTE: Particulares de Paraños.

OESTE: Vía de enlace da Autovía das Rías Baixas (N-559) e particulares de Paraños.

- **Outras 23 parcelas:** existe un conxunto de parcela de escasa extensión repartidas pola parroquia que se agrupan no cantón 23 a efectos do inventario. Neste grupo inclúense as parcelas patrimoniais obtidas en compra-venda xa citadas no apartado 1.1.2.

Todos o monte veciñal nas partes que non conforman o perímetro parroquial, linda con propiedades particulares, existindo límites precisos, ata nos que non posúen deslinde, constituídos en gran parte por muros de pedra, e, noutros casos, por sendas ou devasas.

1.1.5. Superficies

Ao referirnos á inclusión dos montes de Paraños no C.M.U.P., apuntáronse as superficies nestes asignadas a cada monte, resultando un total de 129,15 hectáreas. Posteriormente, na carpeta-ficha dos montes, incluíronse como pertencentes á parroquia de paraños 220 hectáreas, superficie que non se adecuaba á realidade e

menos actualmente debido á incorporación da superficie da Peroxa que foi obxecto de litixio coa parroquia de Mouriscados.

Polo tanto, e tendo en conta as dúbidas en determinados perímetros como se puxo de manifesto no apartado anterior, as superficies consideradas para cada parcela neste proxecto de ordenación son:

A Peroxa , cantóns do 11 ao 22:	194,91 ha.
Picoto , cantóns 1 e 2:	17,77 ha.
Parada , cantón 3:	4,29 ha.
As Medelas , cantón 4:	11,07 ha.
O Quinteiro , cantóns 5, 6, 7, 8, 9 e parte do 10:	62,53 ha.
As Pereiriñas , outra parte do 10, o rodal 10b:	5,15 ha.
Outras 23 parcelas , o cantón 23:	6,73 ha.
<hr/>	
TOTAL A Peroxa, O Quinteiro e outros:	302,45 ha.

Na actualidade existen catro enclavados ben delimitados con muros, un no monte das Medelas, outro no de Picoto e dous no do Quinteiro. O do monte das Medelas ten unha extensión de 0,78 hectáreas, formado por varias fincas e está poboado principalmente de eucalipto, en contraste co piñeiro do monte veciñal. O enclavado do monte de Picoto ten unha extensión de 0,64 hectáreas. Actualmente atópase poboado por matogueira. No monte do Quinteiro existen tamén dous encravados, que teñen unhas extensións de 0,91 e 1,00 hectáreas. Ambos teñen piñeirais espontáneos de *Pinus pinaster* duns 25 anos.

O estado xeral dos encravados é que non se aplican coidados silvícolas ás masas, polo que supoñen un maior risco de propagación do incendio.

1.1.6. **Posibles servidumes ou ocupacións**

Existe unha liña de alta tensión propiedade de Unión Eléctrica Fenosa, S.A., que atravesa o monte da Peroxa en dirección leste-oeste nunha lonxitude de 1.200 metros, e ocupa 2,5 hectáreas de terreo veciñal. Descoñécese se no seu día esta empresa ou outra pagaron o canon pertinente de utilización do monte veciñal polo

paso da liña. Requiriuse á empresa que presente os documentos que acrediten a lexitimidade para o paso da liña. Polo momento non se recibiu resposta algunha.

Polo monte de Picoto cruza en 450 metros e en dirección leste-oeste, unha liña de media tensión propiedade de C.E. Sestelo e Cía., S.A. de Pontearreas, que subministra enerxía a Paraños, entre outras parroquias. Igual que no caso anterior, requiríuselle a esta empresa a acreditación para o paso da liña, sen que polo momento respondan. O mesmo sucede no monte das Medelas nunha lonxitude de 250 metros, cunha liña de media tensión que subministra enerxía eléctrica a Piñoi.

Tamén hai dúas liñas de Telefónica que atravesan o monte do Quinteiro, sendo unha aérea e outra subterránea. A primeira ten unha lonxitude aproximada de 2.000 metros e discorre polas proximidades da estrada N-120. A segunda atravesa o monte en dirección aproximada leste-oeste, nunha lonxitude duns 1.150 metros. Tamén se requiriu a súa acreditación á empresa responsable. Para a liña subterránea ten unha autorización por escrito do antigo Presidente da Xunta de Comunidade, de data de 8 de novembro de 1988 sen que paguen ningún canon e por tempo indefinido. Para a liña aérea non teñen autorización.

1.1.7. Usos e costumes

Na parroquia residen actualmente uns 264 habitantes. Ademais, hai moita xente que vive en Vigo e arredores por motivos de traballo e que volven os fins de semana a Paraños. Outra xente volve soamente durante as vacacións. A Comunidade de Montes de Paraños constituíuse o 13 de xaneiro de 1979, e no ano 1998 o número de comeneiros rexistrados é de 107 e no ano 2011 de 100.

Leñas

O aproveitamento de leñas, que fai décadas foi significativo entre os veciños, apenas se realiza na actualidade, aínda que está contemplado no Estatuto Regulador do Monte Veciñal como un aproveitamento directo e gratuíto. Extráense ao redor de 5 a 10 tractores cargados con leñas anualmente. Sempre desaparece algún piñeiro novo

na época de Nadal, especialmente no monte do Quinteiro, que é cruzado pola N-120, aínda que este problema non ten moita importancia.

Esquilmes

O esquilmeo, tan practicado noutros tempos, aprovéitase puntualmente, e só nas zonas máis fáciles e próximas aos núcleos habitados, a razón de 1 a 2 ha/año.

A desaparición progresiva desta actividade está orixinando a acumulación dunha gran carga de combustible moi perigosa na época de seca. Este feito debe terse presente na planificación da defensa contra incendios.

Mananciais

Ás augas superficiais ou subterráneas de orixe pluvial que segundo o Código Civil eran de dominio privado, a partir da Lei de Augas de 2 de agosto de 1985 e posteriores atribuíulles titularidade estatal, estando o seu aproveitamento regulado por devandita Lei, Regulamento subseguinte e normas posteriores que reparten a competencia na materia entre o Estado e a Comunidade Autónoma.

Existen varios mananciais nos montes veciñais, aos que dáse distinto uso. Algúns se empregan para as captacións de augas destinadas ao consumo dos veciños, e outros permanecen no seu estado orixinal, aproveitándose en determinados casos para regadíos (levada dos Avelandos, levada dos Cochos, levada do Lugar, Levada do Quinteiro, levada do Roupeiro,...). Estes mananciais tamén son empregados en ocasións para a extinción de incendios. Ademais existe un punto de auga no local social de Paraños que se emprega para baño na época estival.

Debido ao abandono dos cultivos e dos traballos agrícolas na parroquia, numerosas pozas e canalizacións, antes empregadas para regadío, estaban deterioradas, pero os veciños arranxáronas. As dúas principais canles da parroquia, a levada do Lugar e a levada do Quinteiro, foron canalizadas case na súa totalidade durante os últimos anos.

Existen dúas redes de traída de augas, unha que serve ao barrio das Medelas, construída en 1981, e outra para o resto da parroquia, construída no ano 1974. A primeira legalizouse no ano 1994 e a segunda no ano 1996.

Caza

Os montes de Paraños están integrados no coto de caza menor nº PO-10.135, dunhas 3.700 ha. Este coto é xestionado pola Sociedade de Caza “La Covelense”, e integra as parroquias de Paraños, Prado de Canda, A Lamosa, Sta Mariña de O Covelo, Santiago de O Covelo e Casteláns. Con motivo da aprobación da nova Lei de Caza de Galicia de 25 de xuño de 1997, uníronselle os cotos doutras tres parroquias do mesmo concello (Barcia de Mera, Maceira e Godóns), co fin de que estas poidan adaptarse á mencionada lei, constituíndo así a Confederación de Cotos do Covelo, aínda que cada coto segue mantendo a súa autonomía.

Referíndose ao monte de Paraños, a especie de maior interese é o coello, seguido de o raposo, a perdiz, a torcaz e a galiñola ou arcea. O coello está afectado pola mixomatoses e a enfermidade vírica hemorráxica (EVH), como en moitas outras zonas de Galicia. De cando en vez realízanse batidas de xabarís ou porco bravo, dependendo da intensidade dos danos causados por este animal.

De todas maneiras o monte A Peroxa, O Quinteiro e outros non achegan ao coto unha gran superficie, ademais de estar cubertos por un bosque espeso de produción principal madeirable, o que dificulta a presenza das especies de máis interese, o coello e a perdiz.

Canteiras

Na actualidade non existen canteiras nos montes de Paraños, nin consta que as houbera, a excepción de vestixios dunha antiga canteira no lugar de Murallón, no monte de O Quinteiro, en terreos entre a parroquia de Paraños e a de Sta. Mariña de O Covelo. Suponse que as súas extraccións empregáronse para a construción da estrada N-120 ao seu paso polo concello.

Esporadicamente realízanse aproveitamentos de xabre para recebo de camiños do monte e a parroquia, recheos e algunha outra aplicación. Os principais lugares de obtención foron en Picoto, O Roupeiro e O Quinteiro.

Madeiras

O interese actual é froito das repoboacións, en contra dos veciños, efectuadas polo Patrimonio Forestal do Estado, a raíz do Consorcio entre este e o Concello de O Covelo nos anos corenta. Coa recuperación dos terreos veciñais traspasouse tamén o voo existente, quedando esquecida a dedicación tradicional do monte de pastoreo. Despois xurdiron numerosos incendios, coas conseguíntes cortas de madeira e rexeneracións naturais, chegando ao estado actual, no que a práctica totalidade do monte atópase arborado con piñeiro do país, coa presenza de distintas idades. Hoxe en día mantéñense en pe 5,4 hectáreas con masas procedentes das antigas repoboacións (estrato A₂).

Producións complementarias

Non existiu un aproveitamento reseñable de producións complementarias nos montes de Paraños. Na actualidade está adquirindo relativa importancia a recollida de cogomelos por unha minoría, como consecuencia de paseos polo monte.

Espallamento

O uso do monte como lugar de espallamento ten un interese crecente, coa cada vez maior demanda da sociedade por espazos ao aire libre. Os espazos de maior interese para uso social o de recreo descríbense de seguido:

Parque Forestal Fraga do Rei.

Trátase dun espazo de uso recreativo nunha zona de monte próxima á ao núcleo das Medelas e de acceso cómodo por pistas rurais asfaltadas dende a N-120. É de creación recente, entre os anos 2008 e 2009, co apoio das axudas á valorización integral do monte concedidas pola Xunta de Galicia. Acondicionouse o piñeiral ao usos social, facilitando o acceso e potenciando a biodiversidade da masa forestal. O obxectivo non foi crear unha área recreativa de grande afluencia de persoas, senón fomentar unha presenza reducida e dispersa dos visitantes. A función didáctica tamén é unha cuestión prioritaria.

As características principais desta área de lecer son:

- Superficie vinculada: 11,07 ha correspondentes coa superficie total do cantón especial 4.
- A formación vexetal a fomentar é a mestura de coníferas e frondosas con arbustos dispersos no sotobosque.
- Roza periódica selectiva de toda a superficie do parque, respectando a rexeneración natural xa existente de frondosas. Trituración dos restos obtidos na parte de traballos manuais con máquina de cadeas arrastrada por tractor.
- Instalacións existentes na actualidade na zona principal de acollida do parque: 3 mesas con dous bancos feitas de granito, dous cubos de lixo en madeira, unha fonte sobre un frontal de granito a partir de auga derivada da traída xeral que cruza o monte.
- Apertura de explanación de 200 x 2 m², achega de zahorra e pisado, para estacionamento de vehículos.
- Acondicionamento inicial arredor da presa de regadío mediante achega e estendido de capa de terra vexetal, roza da vexetación da contorna, extracción parcial de sedimentos.
- Delimitación do recinto do parque por medio dunha serie de estacas de madeira tratada.
- Hai unha explanación dun campo de fútbol en terra que se atopa abandonado e os seus bestiarios que están desfeitos no seu interior. Tratarase mais adiante de buscar un aplicación posiblemente ao servizo do parque.
- Creación de sendeiro no interior do parque forestal de 500 m de percorrido

A Ruta do río Xabriña.

É unha ruta de sendeirismo duns 17 km. de tipo fluvial creada recentemente pola Comunidade de Montes coa axuda de fondos FEDER e identificada na rede de sendeiros como a PR-G 119, cun desnivel de 495m, dificultade fácil e cun tempo estimado de 6 horas. O percorrido vai a través das parroquias de Paraños, Prado de Canda e A Lamosa, e ten un enlace coa ruta da parroquia veciña de Mouriscados. O río en cuestión é un afluente do tramo alto do río Tea. No itinerario o visitante pode deleitarse coa paisaxe e natureza do río, das rochas modeladas pola auga, a vexetación de ribeira, os prados e a fauna asociada. Ademais conta con numerosas construcións e elementos de interese etnográfico tales como pontes, pasos, valados, fontes, lavadoiros, petos de ánimas, cruces, forxas, levadas e as vivendas rurais tradicionais que en algúns casos foron restauradas. Destacan especialmente os máis de trinta muíños e os lagares e eiras dos antigos cereiros. Inclúe tamén a área de lecer de Roupeiro con mesas, bancos e unha fonte, moi cerca das vivendas e núcleo central da parroquia. Elaborouse un folleto de difusión

Camiños de interese histórico

Camiño da Franqueira. Atravesa o monte de A Peroxa un sendeiro de gran percorrido, que une os pobos de Redondela e A Franqueira, e que coincide ao seu paso por Paraños co trazado do antigo camiño á A Franqueira. Este camiño segue sendo empregado para a romaría das Pascuillas, que se celebra o luns de Pentecostés. No mes de setembro tamén realízanse romarías ao mesmo lugar, polo que a afluencia de xente por este camiño é notable.

Outros dos camiños de interese que veñen tamén reflectidos na cartografía da ordenación son o camiño histórico da Vereia e o camiño das Chozas.

1.1.8. **Existencia consorcio/convenio**

Como xa se comentou no apartado sobre grao de consolidación da propiedade, os montes de Paraños foron consorciados o 30 de novembro de 1944 entre o Concello do Covelo e o Patrimonio Forestal del Estado (PFE) para a súa repoboación. Posteriormente, a xestión dos montes pasou a mans do Instituto Nacional para a Conservación da Natureza (ICONA).

A comunidade de montes de Paraños, con data de 28 de maio de 1985, asinou un convenio coa Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación *para* a repoboación de terreos da súa propiedade, documento que anula o consorcio de 30 de novembro de 1944. O Convenio afecta aos montes da Peroxa e do Quinteiro.

No do monte da Peroxa inclúense 52 hectáreas con voo creado pola repoboación en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula, ademais de 8 hectáreas con arborado pertencentes á Comunidade propietaria e 12 hectáreas rasas sen repoboar. O total de superficie con convenio é de 72 hectáreas. Por resolución de 2 de setembro de 1994 aprobouse a rescisión das 72 hectáreas do convenio, a petición da Xunta de Comunidade de Paraños, previo ingreso do saldo a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes de 1.441 €

O convenio do monte do Quinteiro afectou a 27 hectáreas arboradas e 11 hectáreas repoboadas incluídas no consorcio anterior, ademais de 9 hectáreas arboradas sen consorciar e 4 hectáreas rasas. A superficie total para o novo convenio

é de 51 hectáreas. A duración do convenio é de 25 anos a partires da data da súa sinatura, que xa pasaron, pero por ter débedas pendentes a favor da Administración prorrógase o tempo necesario para emendar o déficit. Aínda así, as partes asinantes, de mutuo acordo, poden rescindilo. Por este convenio realizáronse ata o momento traballos de clareos, podas e rareos nas masas de rexeneración natural que xurdiron despois do incendio de 1989. Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior ou ben do presente convenio, a Administración reservarase o 30 % e entregará o 70 % restante á Comunidade propietaria. Dos ingresos obtidos nos aproveitamentos do arborado preexistente no monte e, por tanto, pertencente á Comunidade propietaria, a Administración non recibirá ningunha parte.

Durante os anos de duración do consorcio e os posteriores convenios realizáronse as seguintes actuacións salientables sobre os montes de Paraños:

Na Peroxa realizáronse a maior parte das repoboacións orixinais polo P.F.E. Producíronse sucesivos incendios que afectaron a maior parte do monte, salvo as que presentan actualmente masas de 68 anos. Todos os piñeiros novos son de rexeneración natural, agás na parte suroeste da Peroxa, na que a reiteración de incendios impediu a rexeneración por diseminado e houbo que proceder á repoboación da zona. Ao norte da liña de alta tensión que atravesa o monte e por baixo do viario de enlace da Autovía das Rías Baixas nunca se chegou a repoboar, xa que se conservou para pastoreo e esquilmos. Actualmente estes labores xa non se realizan e o monte atópase con pés dispersos de piñeiro, frondosas e abundante matogueira.

En A Grifa, efectuouse unha repoboación con eucaliptos no ano 1983 despois dun incendio que queimou a matogueira existente ata aquel momento. Sendo os eucaliptos novos, produciuse outro incendio, e actualmente saíron brotes das cepas que quedaran. Agora temos un área de corta do ano 2011 con gromos.

No monte do Picoto sempre se empregou para pastoreo, principalmente nun pasteiro entregado polo ICONA á Comunidade de Montes o 16 de xuño de 1983. No momento da realización do mesmo excluíuse unha pequena zona ao norte, a de maior

pendente, que puidera estar repoboada, atopándose na actualidade nela unha masa duns 18 anos procedente de rexeneración natural despois dun incendio.

Nas Medelas, non se ten constancia de que se efectuasen repoboacións. O estado actual do voo é o resultado da rexeneración natural de piñeiros despois dun incendio, que teñen unha idade aproximada de 35 anos.

A parcela de Parada sempre estivo cuberta por matogueira, ata que na primavera de 1994 a comunidade decidiu realizar unha repoboación con carballo americano.

No Quinteiro o P.F.E. realizou repoboacións na maior parte da súa superficie e no ano 1989 produciuse un incendio que obrigou á corta da masa adulta de aproximadamente 35 anos que vexetaba no lugar. Posteriormente produciuse un bo rexenerado natural, que tras ser obxecto de diferentes actuacións silvícolas, conforma o voo actual. Entre 1990 e 1991 realizouse unha repoboación con castiñeiro e carballo americano nunha superficie de 8,2 hectáreas, que na actualidade presenta un grande número de pés mortos, fundamentalmente pola enfermidade da tinta que afectou aos castiñeiros.

A parcela **de As Pereiriñas** non foi repoboada, e seguiu aproveitándose para pastoreo y esquilmos, aínda que existían pés soltos de piñeiro nados naturalmente. Tras un incendio produciuse unha boa rexeneración natural, e actualmente está poboada por unha masa de piñeiro de 22 anos.

O monte A Peroxa, O Quinteiro e outros leva con ordenación dende o ano 1999. O avance ata o estado de equilibrio en idades que favoreza a rotación é lento e difícil debido principalmente a que o conservadorismo en cortas e os grandes incendios xeraron algún estratos da mesma idade e cunha presenza moi estendida, destacando nesta situación o fustal de piñeiro que forma os estratos A e B.

1.1.9. **Regulamentación existente**

A lexislación aplicable ao monte comprende un conxunto de disposicións de ámbito local, autonómico, nacional ou comunitario que foi tida en conta na elaboración do proxecto de ordenación, aínda que poden condicionar a forma, o período e trámites de facer os traballos previstos na planificación.

Agora estase nunha fase de trámite parlamentario do borrador da primeira Lei de Montes de Galicia, que é a que terá mais incidencia sobre a xestión xunto coa Lei 3 de 2007 de prevención de incendios forestais e a Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural e as súas modificacións.

Tamén teñen influencia na elaboración e execución do Proxecto de Ordenación, e cabe citar, as seguintes disposicións:

- *Plan Forestal Español (2002)*. O Plan Forestal Español proxéctase para un período de tempo de 30 anos (2002-2032). Ó longo deste período está previsto que se fagan dúas revisións en profundidade do documento que poderán afectar ao diagnóstico, estrutura, desenvolvemento e interpretación das medidas propostas no Plan. Os principios inspiradores do Plan Forestal Español son: desenvolvemento sustentable; multifuncionalidade dos montes; contribución á cohesión territorial a través do desenvolvemento rural, fixando poboación e emprego; contribución á cohesión ecolóxica, integrando a conservación da diversidade biolóxica na xestión forestal e preservando, ademais, o patrimonio xenético forestal; participación pública e social na formulación das políticas, estratexias e programas.
- *Plan Forestal de Galicia (1992)*. É un documento básico que establece un modelo forestal a longo prazo (1992-2032) co obxectivo de manter unha coherencia nas intervencións no monte e nos sectores derivados. En especial, o Plan sinala as liñas de acción da Administración da Comunidade Autónoma neste ámbito e as de participación dos axentes sociais implicados.

- *Plan Integrado para a loita contra incendios forestais (INFOGA, anual).*
O Plan Integrado para a loita contra incendios forestais ten como obxectivo establecer a organización e procedemento de actuación dos recursos e servizos correspondentes á Comunidade Autónoma de Galiza e daqueles que corresponden á Administración do Estado ou a outras Administracións Públicas ou Privadas, ou no seu caso, unha coordinación e actuación conxunta dos diversos Servizos e Administracións implicadas.
- *Normas complementarias e subsidiarias de planeamento provincial.* Estas normas afectan de xeito directo ao proxecto no referente ao solo non urbanizabel.

1.1.10. **Posibilidade de subvencións**

A insuficiencia orzamentaria de axudas á actividade forestal por parte da política agraria comunitaria fai imposible contar cunha mínima previsión estable e significativa de apoio a silvicultura e mellora de infraestruturas. Nos últimos tempos só se pode contar con axudas de prevención dos incendios forestais.

Estado Natural

1.2. Capítulo II: Estado Natural	21
1.2.1. Descrición da situación xeográfica, orográfica, configuración do terreo, clima e solo	21
1.2.1.1. Características do clima	25
1.2.1.2. Características do solo	32
1.2.2. Infraestructuras de acceso	34
1.2.3. Estructura de usos	35
1.2.4. Estado dos procesos de erosión	36
1.2.5. Estado da rede fluvial e bosque ripícola	37
1.2.6. Biodiversidade; fauna e vexetación. Hábitats forestais (singulares e ecotonos)	38
1.2.6.1. Fauna	38
1.2.6.2. Vexetación	43
1.2.6.3. Hábitats forestais (singulares e ecotonos)	46
1.2.7. Enfermidades, pragas e outros danos	46
1.2.8. Descrición de árbores, entornes e paisaxes singulares, patrimonio cultural e valores recreativos	48



Visado E004624
08/06/2012

1.2. CAPÍTULO II: ESTADO NATURAL

1.2.1. Descrición da situación xeográfica, orográfica, configuración do terreo, clima e solo

Os montes obxecto da ordenación están repartidos por toda a parroquia de Paraños, concello do Covelo, no sueste da provincia de Pontevedra, a ambos os dous lados da estrada N-120 de Vigo a Ourense, entre o val de Pontearreas e os altos da Cañiza.

Distribúense entre as seguintes coordenadas:

U.T.M. Internacional:

Fuso 29 Norte

$X = 549.500 / 553.000$

$Y = 4.670.498 / 4.674.000$

A cartografía existente da zona é a seguinte::

- Folla do Mapa 1:50.000 do Instituto Xeográfico Nacional: **224**.
- Folla do Mapa 1:50.000 do Servizo Xeográfico do Exército: **224**.
- Folla do Mapa 1:25.000 do Instituto Xeográfico Nacional: **224-III** (realizado a partires do voo fotogramétrico de 1976).
- Follas do mapa 1:10.000 da C.O.T.O.P.: **224-32** e **224-42** (realizado a partires do voo fotogramétrico de setembro de 1981).
- Follas do Mapa 1:5.000 da C.O.T.O.P.: **224-63, 64, 73, 74, 83 e 84** (realizado a partires dos voos fotogramétricos de maio de 1991 e novembro de 1994).

Os montes veciñais de Paraños están emprazados nas estribacións noroccidentais dos Montes de Fontefría, ao noroeste dos Montes da Paradanta, formando parte dos últimos resquicios da dorsal galega. Estas montañas son parte do sistema montañoso que discorre polo bordo oriental da gran fractura meridiana que atravesa Galicia de norte a sur, desde Malpica ata Tui.

O relevo actual da zona é o resultado da acción combinada da erosión sobre a litoloxía e a tectónica, dando lugar a formas suaves e redondeadas.

Os montes de Paraños distribúense arredor dos núcleos de poboación en seis grandes parcelas claramente diferenciadas, que nalgúns casos teñen parte do seu perímetro exterior coincidente co límite da parroquia. Ademais, existen pequenas parcelas dispersas por gran parte da superficie desta, das que non se fai unha descrición das características naturais das mesmas pola escasa representatividade territorial.

A parcela nº 1 (A Peroxa), que representa a extensión máis importante (194,91 ha, 64,44 % dos montes veciñais de Paraños), esténdese pola zona sur da parroquia, e ocupa parte das ladeiras norte e occidental do alto coñecidos como Seixos Albos, que dan nome ao monte veciñal. Presenta un desnivel de 405 m, dende os 350 m nas proximidades do río Xabriña ata os 755 m na cota superior. A cota media é de 576 m.

Nesta parcela as pendentes distribúense segundo se indica no cadro N° 1.2.1.; o 92 % da superficie ten pendentes superiores ao 20 %, sendo a media para toda ela do 26 %. Trátase dun monte en ladeira con pendentes de moderadas a fortes, sen terreos chairos.

A parcela nº 2 (Picoto) ten una extensión de 17,77 ha (5,88 % sobre o total), e está situada na parte máis occidental de Paraños, nunha zona lixeiramente elevada respecto aos núcleos de poboación e cunha superficie chaira na súa parte central. Dada a súa configuración fisiográfica, ofrece todas as orientacións, con lixeira vantaxe ás que miran ao sur e ao oeste. O seu perímetro é irregular, xa que presenta un alongamento na parte norte e outro na sueste. O desnivel, de 50 m, vai dende a cota 360 nas inmediacións da estrada N-120 ata os 410 m na zona máis elevada. A

súa cota media é de 400 m. Máis do 60 % da súa superficie presenta pendentes menores do 10 %, non alcanzándose en ningún caso valores superiores ao 30 % (ver cadro nº 1.2.1.).

A parcela nº 3 (Parada) ten unha extensión de 4,29 ha (1,42 % do total veciñal), e localízase na parte noroeste da parroquia, nunha zona de exposición predominante ao sudoeste. Ten unha forma alongada en dirección nordes-suroeste, cunha anchura de 150 m e un longo de 330 m. O desnivel é de 40 m, dende os 340 m ata os 380 m, e a súa cota media 367 m. A pendente non supera o 40 %, atopándose o 88 % da superficie no intervalo 10-30 % (ver cadro nº 1.2.1.).

A parcela nº 4 (As Medelas) ten unha extensión de 11,07 ha (3,66 % do total) denominada As Medelas, e sitúase na zona máis setentrional de Paraños. Ocupa parte dunha pequena meseta. A súa forma é algo alongada en dirección este-oeste, cunha lonxitude media de 750 m e un ancho medio de 210 m. A súa posición no terreo fai que non teña unha orientación definida, se ben se pode apreciar unha certa tendencia ao sur e sudoeste nas zonas máis escarpadas. O desnivel é de tan só 16 m, sendo a cota máis elevada de 416 m. As pendentes son suaves, presentando o 83 % da superficie un valor inferior ao 10 % (ver cadro nº 1.2.1.).

A parcela nº 5 denomínase **O Quinteiro**, ten unha extensión de 62,53 ha (20,67 % do total). Ocupa a parte nororiental da parroquia, limita coas paraxes de “Chans da Lamosa e de Santa Mariña”, e discorre na súa maior parte pola ladeira que une estes co núcleo de poboación de Paraños. Ten unha exposición predominante ao sudoeste, e é atravesada en varias ocasións pola estrada N-120. A súa forma é case triangular, cos bordos suroccidentais irregulares. A base deste triángulo ten unha lonxitude aproximada de 1.680 m e a anchura de 1.000 m. Presenta un desnivel de 190 m, dende os 425 m nas proximidades do lugar do Quinteiro ata os 615 m nos chairros citados. A súa cota media é de 513 m.

En canto á distribución das pendentes, varían moito dunha zona a outra, aínda que se pode apreciar unha maior proporción de superficie no intervalo 10-20 % (cun 45 %), seguido do intervalo 20-30 % (24 % do total) (ver cadro nº 1.2.1.).

A parcela nº 6, (As Pereiriñas), ten unha extensión de 5,15 ha (1,70 % do total). Sitúase na parte centro-este da parroquia, entre os montes de O Quinteiro e A Peroxa. A súa exposición predominante é ao oeste. É un perímetro continuo de forma irregular, cun ancho aproximado de 300 m en dirección este-oeste e un longo de 370 m. O desnivel é de 30 m, dende os 435 m ata os 465 m. O 64 % da superficie ten unha pendente entre o 10-20 %, sendo o valor medio para toda a parcela do 18,6 % (ver cadro nº 1.2.1.).

A frecuencia das orientacións de cada unha das parcelas descritas recóllese no cadro nº 1.2.2.

Cadro nº 1.2.1.: Superficie (en %) dos distintos estratos de pendente.

% Superficie							
Parcela	0-10 %	0-20 %	20-30 %	30-40 %	40-50 %	50-60 %	>60 %
Picoto	57,3	0,1	29,7	10,3	1,5	0,8	0,3
As Medelas	75,1	0,0	23,0	1,8	0,0	0,0	0,0
A Peroxa	4,7	0,9	25,7	38,9	21,2	6,6	1,9
O Quinteiro	30,4	0,5	39,2	20,6	6,6	2,2	0,5
Parada	20,4	0,0	68,4	7,3	2,7	1,2	0,0
As Pereiriñas	14,4	0,3	45,5	24,8	11,3	3,3	0,4

Cadro nº 1.2.2.: Superficie (en %) das distintas orientacións.

% de superficie									
Orientación	Llano	N	NE	E	SE	S	SO	O	NO
Picoto	14	17	9	7	7	19	13	6	8
As Medelas	24	1	2	1	20	9	10	26	7
A Peroxa	2	27	16	6	1	2	6	10	30
O Quinteiro	9	1	0	0	2	8	37	36	6
Parada	9	0	0	0	13	28	33	16	1
As Pereiriñas	7	1	0	0	10	13	24	38	7

As outras parcelas, que se agrupan no cantón 23, suman un superficie de 6,73 ha e representan o 2,23% da extensión. En xeral ocupan as cotas medias e baixas e son de pouca pendente.

1.2.1.1. Características do clima

A situación xeográfica e as posicións orográficas son determinantes na caracterización climática dos montes de Paraños. Como se comentou anteriormente, atópanse nas estribacións suroccidentais da Serra do Suído, en diferentes posicións orográficas (variando entre vales, ladeiras e cumios), a unha altitude media de 541 m e a uns 33 km de separación da costa en dirección este-oeste.

Nesta zona preséntase un clima atlántico con influencia mediterránea, réxime térmico temperado-fresco, réxime pluviométrico hiperhúmido e con oscilacións térmicas non moi acusadas pola proximidade da costa.

A situación meteorolóxica normal a escala macroclimática queda practicamente definida en dúas variantes:

- **Situación ciclónica:** Caracterízase pola entrada de masas de aire de compoñente sudoeste, con fronte cálidos cargados de humidade que proporcionan a meirande parte das precipitacións do ano, acumuladas sobre todo na época invernal. Esta situación asociada a núcleos de baixas presións, provoca con relativa frecuencia temporais de vento mariño de gran intensidade, que son freados considerablemente debido á presenza de obstáculos montañosos como Serra da Grova, Serras do Galiñeiro, Cepudo, Outeiro Grande e Castelo.
- **Situación anticiclónica** (anticiclón das Azores): Caracterízase pola entrada de masas de aire de compoñente nordeste, que o fan polo Cantábrico en forma de fronte frío con pouca humidade, cruzan Galicia en diagonal provocando escasas precipitacións e chegan a esta zona xeográfica con vento normalmente seco. No período estival son moi comúns, e ao coincidir co período máis cálido, provocan unha seca temporal acusada que explica o forte matiz mediterráneo deste clima. No

período invernal producen frío, que en ausencia de vento, pode acusar a aparición de xeadas de radiación.

Para facer unha estimación do clima existente nos montes e a falta de observacións tomadas directamente neles, utilizáronse os datos das estacións termopluviométricas de Pontareas, Xende (A Lama) e Fornelos de Montes. As súas altitudes respectivas sobre o nivel do mar son 100 m, 487 m e 759 m. Da primeira dispónse de 30 anos de observacións, e por situación e proximidade a Paraños (10 km ao oeste-sudoeste) servirá para caracterizar o clima das zonas máis baixas de val, unha vez corrixidos os seus datos en función dos gradientes¹ térmicos e pluviométricos. A segunda, sitúase a media ladeira e con exposición e características similares ás de gran parte das ladeiras dos montes, dispón de observacións numerosas e completas. Localízase 20 km ao norte-noroeste de Paraños, e a súa altitude é similar á que se obtivo ao calcular a altitude media dos montes (541 m, resultado de ponderar, en función da superficie, cada intervalo altitudinal). A estación de Fornelos de Montes, con observacións dende 1974, e situada 12 km ao norte dos montes, considérase representativa do sector máis elevado da zona, unha vez corrixidos igualmente os seus datos; coincide ademais a súa exposición noroeste.

Estación	Latitude	Lonxitude	Altitude (m)
Pontareas	42° 11'	8° 30'	100
Xende (A Lama)	42° 23'	8° 24'	487
Fornelos dos Montes	42° 19'	8° 23'	759

O clima dos montes que nos ocupan está influenciado polos ventos oceánicos do sudoeste que remontan o val do Miño e os seus afluentes, Caldelas e Tea, nos temporais de inverno.

¹ Gradientes calculados por interpolación entre os valores das estacións de Pontareas e Xende, e entre esta e a de Fornelos de Montes, e que toman valores medios anuais de -0,69 °C de temperatura e +10,7 % de precipitación, para as primeiras, e de -0,30 °C de temperatura e +19,8 % de precipitación, para as segundas, ambos os dous calculados por cada 100 m de suba en altitude respecto ás estacións de referencia.

A néboa que anega os vales nos períodos anticiclónicos adoita alcanzar a cota de 300 m, e rara vez supera a dos 350 m. Pola súa banda, se a néboa ocupa as partes máis elevadas, adoita baixar ata a cota de 450 m, polo que existe unha franxa altitudinal de aproximadamente 100 m na que a néboa aparece de xeito ocasional.

Calculáronse os climodiagramas das estacións meteorolóxicas e os diagramas bioclimáticos para unha hipótese de escurrentía do 30 % e unha capacidade de retención de 100 mm. Tamén se calcularon unha relación de datos e índices fitoclimáticos de influencia nas comunidades vexetais. No cadro nº 1.2.3. detállanse mensualmente outros datos de interese para as estacións elixidas e para as estimacións feitas nas cotas extremas dos montes.

Á vista dos resultados obtidos xorden os seguintes comentarios:

O período vexetativo (período cando a temperatura media mensual é igual ou superior a 7,5 °C) dura entre nove e once meses. Nas zonas máis elevadas impónse un paro na actividade vexetativa durante os meses de xaneiro e febreiro, podendo acontecer incluso xa en decembro. Nas zonas máis baixas moitas plantas poden crecer na meirande parte do ano cando a temperatura sobrepase os umbrais mínimos fisiolóxicos de 6 °C ou 7 °C.

As primeiras xeadas poden rexistrarse en novembro, pero o habitual é que sexan nos meses de inverno. As últimas xeadas adoitan ser en marzo e algunha vez en abril; en casos excepcionais en maio, sendo pouco comúns danos ás especies forestais por xeadas tardías, polo menos en posición de cume ou ladeira ventilada.

A amplitude térmica é bastante atenuada, típica dos climas marítimos, e en ningún caso as temperaturas medias do mes máis cálido e do mes máis frío, agosto e xaneiro, sepáranse máis de 11,6 °C. O conseguinte índice de **Gorezynski** de continentalidade, **K**, a xulgar polos datos calculados para os montes, cun valor de 7,8, colócanos no clima oceánico ($-11 < \mathbf{K} < +10$).

Datos meteorolóxicos e índices fitoclimáticos das estacións de Pontearreas, Xende e Fornelos de Montes.

Pontearreas	Xende	Fornelos de Montes	
100	487	759	Altitude sobre o nivel do mar (m).
30-30	14-14	20-20	Nº anos de observación de temperaturas e precipitacións.
14,7	12,0	11,1	Temperatura media anual (° C).
13,0	11,2	11,4	Amplitude térmica anual (diferenza máxima entre temperaturas medias mensuais).
260	299	267	Media de período sen xeadas (días).
12	10	9	Período vexetativo en meses (temperatura media superior a 7,5 °C).
1.485	1.947	3.117	Precipitación anual (litros/m ²).
823	784	764	Evapotranspiración Potencial anual (ETP) (litros/m ²).
Xullo	-	-	Meses áridos (2T > P).
12,5	7,8	8,5	Índice de continentalidade térmica de <i>Gorezynski</i> . $K = [(Ampl. Térm. \times 1,7 / \text{sen Lat.}) - 20,4]$ (-11 < K < +10 clima oceánico).
3,3	1,69	1,3	Índice de mediterraneidade (ETP/P de Xñ+XI+Ag) (>2,5 mediterráneo).
(s.d.)	(s.d.)	8,5	Velocidade media anual do vento (m/seg) a 10 metros de altura do solo.
17,2	11,0	9,3	Intensidade Bioclimática Potencial (IBP, en u.b.c.).
10,0	8,5	7,8	Intensidade Bioclimática Libre (IBL, en u.b.c.). Capacidade de retención: 100 mm (u.b.c.); Coeficiente de escorrentía: 30 %.

As precipitacións caracterízanse por ser moi elevadas, con valores que oscilan entre os 1.800 e os 2.400 mm anuais, dependendo da altitude. Estamos, pois, ante un clima hiperhúmido. Este carácter húmido vese reforzado ademais polas frecuentes néboas do val do Xabriña, que orixinan precipitacións ocultas nos períodos anticiclónicos. A distribución da choiva ao longo do ano é irregular. A mínima mensual dáse en xullo e vén ser case seis veces menor que a de decembro ou xaneiro. A diminución da choiva en verán, unido ao incremento de temperatura estival, responde ao matiz de mediterraneidade que caracteriza a Galicia, máis marcado no sur. Pero a leve seca estival só afecta negativamente á produción forestal cando o solo é moi lixeiro e non pode reter a auga dos meses anteriores.

Restando da media de choiva anual duns 2.000 mm, o 15 % estimado de intercepción de choiva polo arborado existente, aproximadamente 300 mm, e os 800 mm en que tamén se estima a evapotranspiración, queda para a escorrentía e mananciais uns 900 mm, que se corresponde ben co caudal medio anual de drenaxe citado no capítulo sobre hidrografía de 18 litros $s^{-1} km^{-2}$.

Do factor vento non se dispón de medicións aplicables aos montes, aínda que a título orientativo pódense citar as medicións efectuadas no aeroporto de Peinador, que aportan datos sobre rachas medias máximas anuais de 97 km/h, sendo a racha máxima en trinta anos de 140 km/h. Polas observacións que se fixeron no inventario, apréciase que nas zonas máis elevadas o vento constitúe un factor que limita en certa medida o crecemento das árbores. No caso de clareos e claras poden orixinarse derrubas se estes son demasiado intensos e a destempo..

Dende o punto de vista da produtividade forestal, interesan os índices de Intensidade Bioclimática Potencial (IBP) e Libre (IBL), que valen en torno a 11,0 e 8,5 u.b.c. (unidades bioclimáticas), respectivamente. Isto significa que por termo medio nos sitios con solos ben abastecidos de humidade (sen enchoupamentos) o crecemento do piñeiro pinaster pode roldar polos 11-12 m^3/ha e año e en condicións normais por 8-9 m^3/ha e año, e no caso do eucalipto estas cifras valerían o dobre.

Cadro nº 1.2.3.: Datos das estacións termopluviométricas de Pontearreas, Xende e Fornelos de Montes.

	Estación	E	F	Mr	Ab	Ma	Xñ	XI	Ag	S	O	N	D	ANUAL
Temperatura media	Pontearreas	8,5	9,4	11,7	13,5	15,7	19,1	21,5	21,2	19,2	16,0	11,3	8,7	14,7
	Xende	7,0	6,7	8,8	9,8	12,3	16,0	17,7	17,9	16,6	13,5	9,9	7,4	12,0
	Fornelos de Montes	6,3	6,2	7,7	8,9	11,1	14,8	17,3	17,6	16,0	11,6	9,0	7,2	11,1
Temperatura media das mínimas	Pontearreas	3,9	4,1	5,9	7,0	9,5	12,2	13,8	13,6	12,5	9,8	6,2	4,1	8,6
	Xende	4,7	3,8	5,5	6,3	8,5	11,9	13,7	13,5	13,3	10,8	6,9	5,2	8,7
	Fornelos de Montes	3,6	3,2	4,5	5,4	7,2	10,5	12,7	12,6	11,7	9,0	6,1	4,6	7,6
Temperatura media das mínimas absolutas	Pontearreas	-3,0	-2,2	-0,7	1,7	4,0	6,9	9,1	9,0	7,1	3,5	-0,8	-2,3	2,7
	Xende	-1,0	-1,7	-0,4	1,3	3,5	7,3	9,6	9,4	8,6	5,5	1,5	0,1	3,6
	Fornelos de Montes	-0,9	-1,2	0,1	1,0	2,1	5,3	7,9	7,6	6,4	3,6	1,4	0,0	2,8
Temperatura media das máximas	Peinador	13,1	14,7	17,5	20,0	22,0	26,0	29,1	28,7	25,9	22,3	16,4	13,3	20,8
	Xende	9,2	9,6	12,1	13,3	16,1	20,1	21,7	22,3	19,9	16,3	12,8	9,7	15,3
	Fornelos de Montes	9,0	9,1	10,9	12,3	14,9	19,1	21,9	22,6	20,4	14,7	12,0	9,8	14,7
Temperatura media das máximas absolutas	Pontearreas	17,9	21,0	24,6	28,4	31,0	35,8	38,2	37,1	34,4	29,9	21,9	18,2	28,2
	Xende	15,0	15,4	18,5	20,9	25,4	30,0	29,3	29,4	28,2	22,6	18,1	14,4	22,3
	Fornelos de Montes	14,4	14,8	17,9	20,4	22,5	25,7	29,1	30,4	27,7	21,6	17,6	15,5	21,5
Precipitacións	Pontearreas	201	178	163	103	120	52	29	42	88	138	188	183	1.485
	Xende	245	202	198	131	146	98	48	70	164	186	248	210	1.947
	Fornelos de Montes	400	433	279	214	208	141	63	72	200	314	301	492	3.117

- Temperaturas en graos centígrados.
- Precipitacións en milímetros.

Cadro nº 1.2.3. (Continuación): Datos da zona media e as estimacións realizadas para as cotas extremas dos montes.

	Estación	E	F	Mr	Ab	Ma	Xñ	XI	Ag	S	O	N	D	ANUAL
Temperatura media	Estimación a 350 m	7,5	7,7	9,8	11,1	13,5	17,1	19,0	19,1	17,5	14,4	10,4	7,9	12,9
	Zona media (486 m)	7,0	6,7	8,8	9,8	12,3	16,0	17,7	17,9	16,6	13,5	9,9	7,4	12,0
	Estimación a 600 m	6,7	6,5	8,4	9,4	11,8	15,5	17,5	17,8	16,4	12,7	9,5	7,3	11,6
Temperatura media das mínimas	Estimación a 350 m	4,4	3,9	5,6	6,5	8,9	12,0	13,7	13,5	13,0	10,4	6,7	4,8	8,6
	Zona media (486 m)	4,7	3,8	5,5	6,3	8,5	11,9	13,7	13,5	13,3	10,8	6,9	5,2	8,7
	Estimación a 600 m	4,2	3,6	5,1	5,9	8,0	11,3	13,3	13,1	12,6	10,1	6,5	5,0	8,2
Temperatura media das mínimas absolutas	Estimación a 350 m	-1,7	-1,9	-0,5	1,4	3,7	7,2	9,4	9,3	8,1	4,8	0,7	-0,7	3,3
	Zona media (486 m)	-1,0	-1,7	-0,4	1,3	3,5	7,3	9,6	9,4	8,6	5,5	1,5	0,1	3,6
	Estimación a 600 m	-1,0	-1,5	-0,2	1,2	2,9	6,5	8,9	8,6	7,7	4,7	1,5	0,1	3,3
Temperatura media das máximas	Estimación a 350 m	10,6	11,4	14,0	15,7	18,2	22,2	24,3	24,6	22,0	18,4	14,1	11,0	17,2
	Zona media (486 m)	9,2	9,6	12,1	13,3	16,1	20,1	21,7	22,3	19,9	16,3	12,8	9,7	15,3
	Estimación a 600 m	9,1	9,4	11,6	12,9	15,6	19,7	21,8	22,4	20,1	15,6	12,4	9,7	15,0
Temperatura media das máximas absolutas	Estimación a 350 m	16,0	17,4	20,7	23,6	27,4	32,1	32,5	32,1	30,4	25,2	19,4	15,7	24,4
	Zona media (486 m)	15,0	15,4	18,5	20,9	25,4	30,0	29,3	29,4	28,2	22,6	18,1	14,4	22,3
	Estimación a 600 m	14,8	15,2	18,2	20,7	24,2	28,2	29,2	29,8	28,0	22,2	17,9	14,9	21,9
Precipitacións	Estimación a 350 m	229	194	186	121	137	82	42	60	137	169	227	200	1.783
	Zona media (486 m)	245	202	198	131	146	98	48	70	164	186	248	210	1.947
	Estimación a 600 m	309	298	232	165	172	116	55	71	179	239	270	327	2.433

- Temperaturas en graos centígrados.
- Precipitacións en milímetros.

Na clasificación fitoclimática de Allué Andrade (1988) o clima do monte entraría con carácter xenuíno na clase VI (V). Defíneo como atlántico-fresco-morno-nemolauroide oceánico de planicaducifolia obrigada típico. É a clase máis representada de Galicia. Os montes pertencen á comarca xeobotánica denominada Costa Atlántica no Plan Forestal de Galicia.

Austin Miller na súa clasificación dos climas do mundo (1957), de gran sinxeleza, inclúe a nosa zona no clima temperado frío marítimo (**C₁**, bosque caducifolio) pola súa escasa seca estival, a pesar de que pola súa temperatura invernal corresponderíalle figurar entre os temperados cálidos mediterráneos (**B₁**, estepas).

1.2.1.2. Características do solo

Os montes de Paraños aséntanse sobre diferentes tipos de rochas. Por unha banda rochas migmatíticas e por outra granitos de afinidade alcalina, con pasos graduais entre ambas as dúas salvo nalgúns puntos de contacto ben diferenciados. Na parroquia aparecen tamén rochas metamórficas do precámbrico-ordovícico (con escasa presenza nos montes veciñais), que presentan contactos netos coas anteriores.

As rochas migmatíticas aparecen na zona noroeste (montes de O Picoto, Parada e As Medelas) e nalgunha inclusión no sur (A Peroxa). Son un grupo bastante heteroxéneo, con todos os pasos intermedios entre micaesquistos e gneises migmatíticos, por un lado, e granitos de dúas micas inhomoxéneos por outro. A parte de materiais metamórficos deste substrato mixto está constituída por micaesquistos e gneises migmatíticos compostos por biotita, moscovita, silimanita, cuarzo e feldespato. Nos gneises está presente a plagiocasa.

Os granitos (ocupan o resto da superficie veciñal), produto da fusión de rochas pelíticas, é dicir, anatéticas, son de gran medio-groso. Trátase de granitos de dúas micas con feldespato alcalino, na facies que o Instituto Xeolóxico denomina granito inhomoxéneo de gran medio a grosso. Estes granitos están compostos principalmente por cuarzo, microclina, moscovita e biotita.

Na cartografía (“Mapa Xeolóxico de España”, Ed. I.G.M.E.) aparecen diferenciadas ambas formacións, aínda que na práctica na maioría das ocasións faise difícil separalas, xa que existe unha transición gradual entre estas rochas.

O granito de dúas micas foi utilizado na zona como áridos naturais (xabre) para recebo de camiños, existindo na actualidade zonas no monte con capas relativamente importantes deste material, penetrable polo aire, a auga e as raíces.

As características físicas dos granitos de dúas micas permiten ás árbores acadar un bo abastecemento de auga e nutrientes, o que se reflexa no bo crecemento que amosan en boa parte do monte. Neste mesmo senso inflúe a acumulación de coluvios que foron arrolados polas valgadas ou pe de costas, xeralmente ben abastecidas de auga subterránea.

No cadro nº 1.2.4. pode verse a composición química que da o Instituto Xeolóxico dos tipos de rochas presentes en Paraños.

Cadro nº 1.2.4: Composición química da rocha nai.

Facies	1 (*)	2 (*)	3 (*)
Nº mostras	7	8	3
SiO ₂	68,37	72,85	60,35
TiO ₂	0,73	0,24	1,14
Al ₂ O ₃	16,27	14,35	20,05
Fe ₂ O ₃	4,88	2,18	7,22
Mg O	1,34	0,46	1,77
Mn O	0,04	0,05	0,05
Ca O	0,42	0,40	0,30
Na ₂ O	1,13	2,72	0,61
K ₂ O	4,17	4,79	5,20
P ₂ O ₅	0,15	0,11	0,18
M.V.	2,21	1,47	2,94

(*)

1 : Rochas migmatíticas.

2 : Granito alcalino de dúas micas (inhomoxéneo de gran medio a grosso).

3 : Rochas metamórficas do precámbrico-ordovícico.

Nas circunstancias predominantes no monte, os solos manifestan pouca evolución. Os incendios, a erosión e as migracións de auga subterránea nas ladeiras non favorecen a formación de horizontes iluviaais. O tipo de solo máis frecuente é o **ranker**, perfil **A;C** soportado por unha capa de *xabre* máis ou menos grosa e máis ou

menos disgregable. Nos sitios mellores, que foron ocupados por vexetación máis exuberante, subxacen solos pardos forestais de perfil **A;Bw;C**.

1.2.2. **Infraestruturas de acceso**

Os montes obxecto da Ordenación están repartidos por toda a parroquia de Paraños, concello do Covelo, no sueste da provincia de Pontevedra, a ambos os dous lados da estrada N-120 de Vigo a Ourense, entre o val de Pontearreas e os altos de A Cañiza. Ademais, están a escasos quilómetros da autovía A-52, aínda que só existe saída para os mesmos cando se circula de Vigo cara a Ourense.

As distancias dende o monte aos núcleos de poboación máis importantes son: 17 km a Pontearreas, 50 km a Vigo e 65 km a Pontevedra.

A rede de vías dispoñible nos montes presenta unha lonxitude e distribución axeitada para a explotación forestal. En ocasións o seu estado de conservación non é tan satisfactorio debido á desfeita de cunetas e de pasos de auga, dando lugar coa choiva do inverno á formación de regueiros nos camiños con pendente.

A rede principal de infraestruturas consta de 30,67 km, con anchura comprendida entre os 3 e os 8 metros. Nesta lonxitude incluíronse estradas, camiños que se consideraron principais polo seu estado de conservación e pola súa distribución, camiños secundarios e devasas. O firme varía, estando constituído principalmente por xabre procedente do mesmo desmonte. A densidade viaria para a totalidade do monte é de 101 m/ha e pódese considerar completa para os traballos forestais.

Aparte, existen camiños estreitos e abandonados que poden mellorarse se se consideran necesarios para a saca ou como acceso a puntos de auga e devasas. Non se recomenda tocar os camiños históricos que estean encaixados entre os valos

Fíxose unha clasificación das distintas vías de acceso presentes no interior do monte, especificando tipo de vía, lonxitude e densidade das mesmas. A lonxitude

exprésase en metros, a densidade exprésase en m/ha, considerando a superficie total a ordenar.

Tipo de vía	Lonxitude (km)
Camiños principais*	10,66
Camiños secundarios*	20,01
Devasas	4,381

A meirande parte das infraestruturas do monte presenta un estado de conservación apto para o tránsito de vehículos todoterreo. Algunhas incluso poderían ser transitadas por vehículos de grande tonelaxe, se ben estas zonas redúcense ás áreas de pendente máis reducida e que presentan un mellor acceso dende as estradas pretas ó monte.

1.2.3. Estrutura de usos

Neste apartado fíxose unha identificación dos distintos usos do solo que aparecen no monte, e dentro do uso forestal, identificáronse as distintas estruturas de vexetación que o ocupan, atendendo, máis que á densidade vexetal, á estrutura da vexetación que o ocupa.

Os distintos tipos de usos do solo codificáronse segundo as Instrucións para a Estruturação e Codificación dos Plans de Xestión Forestal (Xunta de Galicia, 2003). De seguido preséntanse os distintos usos do solo presentes no monte e a superficie (ha) que ocupan dentro do mesmo.

Tipo de uso do solo	Superficie (ha)
Bosque	63,25
Bosque de plantación	208,39

* Enténdese como camiños principais a aquelas vías aptas para todo tipo de vehículos mesmo camións articulados e como camiños secundarios a aquelas vías de trazado permanente e mantemento periódico aptas para vehículos xeralmente curtos.

Matogueira	17,55
Artificial	1,31
Infraestructuras de conducción	11,95

Preséntase ademais unha breve descrición dos distintos usos do solo:

- **Bosque:** agrupación de árbores en espesura cunha fracción de cabida cuberta superior ó 5% e uso netamente forestal. A orixe do mesmo é natural ou de repoboación netamente integrada.
- **Bosque de plantación:** agrupación de árbores en espesura cunha fracción de cabida cuberta superior ó 5% e uso netamente forestal. A orixe do mesmo é de plantación, cumprindo algún dos seguintes supostos: aparecen visíbeis os marcos de plantación ou outros elementos que delaten a súa orixe artificial; a partires da lista de especies consideradas artificiais para cada provincia.
- **Matogueira:** agrupación vexetal definida pola súa estrutura ou polo seu aspecto, conferidos polo feito de que o seu estrato superior ou o máis alto con espesura están caracterizados polo predominio de matas (especies leñosas relativamente baixas e ramificadas dende a súa base).
- **Artificial:** contén as teselas nas que a influencia antrópica determinou que o seu uso non sexa xa máis nin agrícola nin forestal. Exceptúanse as autoestradas e autovías, as infraestructuras de conducción, as minas, as entulleiras e os vertedoiros.
- **Infraestructuras de conducción:** estradas, camiños e sendas.

1.2.4. Estado dos procesos de erosión

Aínda que en determinadas zonas dos montes existen pendentes de moderadas a fortes, non se observan nas mesmas fenómenos erosivos. Isto é debido fundamentalmente a que case a totalidade da superficie do monte está cuberta por unha densidade alta de especies arbóreas e especies de mato que evitan a aparición destes fenómenos ou de producírense non o farán con demasiada virulencia.

1.2.5. Estado da rede fluvial e bosque ripícola

A maior parte destes montes verten ás súas augas ao río Xabriña, a través de numerosos regueiros que discorren polas valgadas (regueiros de Moeiros, Meixoeiros,...). Os montes da zona noroeste da parroquia verten ao regueiro de Portocelos, afluente do regacho Lougariños. Este regacho e o Xabriña son afluentes do río Tea, que percorre o concello do Covelo e continúa por terras de Mondariz, Pontearreas e Salvatierra ata o Miño, sendo o seu principal afluente nas terras do Baixo Miño.

A existencia dun réxime elevado de precipitacións e un substrato moi permeable en superficie orixina a aparición de numerosos afloramentos de auga.

Dentro das limitacións que como é natural orixina a estiaxe, estes mananciais manteñen un caudal bastante satisfactorio ó longo do ano, a pesares da seca de xullo e agosto, non considerándose esgotadas as posibilidades de captación.

A título orientativo citaremos estudos realizados polo Centro de Investigacións Forestais de Lourizán sobre balance hídrico en pequenas cuncas ocupadas por montes arborados sobre substratos graníticos, de características en moitos aspectos semellantes ás dos montes de Paraños. Obtivéronse cifras do orden de 18 litros por segundo de caudal medio anual producido por un quilómetro de cunca, se ben esta cifra varía moito dun ano a outro e sobre todo da estación invernal á de estiaxe.

A presenza de bosques de ribeira nas canles dos arrosios que atravesan o monte é escasa, salvo na zona do río Xabriña. Os cursos de auga non presentan afectación algunha. Xeralmente estes arrosios non ocasionan problemas de erosión (aínda nos casos de maior pendente onde o factor de erosionabilidade do solo é maior), xa que non posúen carácter torrencial e a densidade do arboredo e da matogueira é alta.

Nos montes existen varios puntos de auga: no monte de O Picoto, no monte Quinteiro, nas Medelas, nas proximidades do centro cultural da parroquia e cinco no monte da Peroxa.

1.2.6. Biodiversidade; fauna e vexetación. Hábitats forestais (singulares e ecotonos)

1.2.6.1. Fauna

A elevada produtividade, a temperatura suave e a boa humidade existente na zona, son factores que fomentan un excepcional interese a nivel zoolóxico.

Forman parte do ecosistema moitas especies de protozoos, nematodos, oligoquetos, moluscos e artrópodos que constitúen a microfauna do solo. Outros invertebrados e entre eles moitos insectos, aliméntanse directamente da materia vexetal viva, todos grandes consumidores de diversos órganos vexetais.

Por outra banda o monte non é un espazo pechado e existe unha importante mobilidade de especies que tendo preferencia por un ambiente determinado pódense atopar en calquera outro próximo. Isto é realmente importante cando se trata de aves e mamíferos, que poden ter territorios de varios quilómetros e abarcar tipos de diferentes hábitats.

De seguido expóñense as especies animais (anfíbios, reptís, aves e mamíferos) presentes na zona de estudo, segundo o Atlas de vertebrados de Galicia (1995) e a análise de protección das especies con relación a dúas directivas europeas: *Directiva 92/43/CEE do Consello do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres*; e *Directiva 79/409/CE do Consello do 2 de abril de 1979, relativa á conservación das aves silvestres*.

Algunhas especies van acompañadas de asteriscos sendo o seu significado o seguinte:

* Anfíbios, reptís e mamíferos incluídos na *Directiva 92/43/CEE do Consello do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres*.

** Aves silvestres incluídas na *Directiva 79/409/CE do Consello do 2 de abril de 1979, relativa á conservación das aves silvestres*.

Anfibios e reptís

Os ambientes húmidos e umbrosos son os máis axeitados para a proliferación de diferentes anfibios, os cales se atopan en proporción relativamente inferior aos reptís, amantes de lugares máis secos e cálidos.

Entre os anfibios aparecen *Triturus boscai* (limpafontes común ou *lagartija de agua*), *Triturus helveticus* (limpafontes palmado ou *lagartija de agua palmada*), *Triturus marmoratus* (limpafontes verde ou *lagartija verde*), *Salamandra salamandra* (salamántiga ou *salamandra*), *Chioglossa lusitanica* (salamántiga galega ou *salamandra gallega*), *Alytes obstetricans* (sapo partero) ou *Discoglossos galganoi* (sapo raxado ou *sapo rayado*), *Bufo bufo* (sapo cunqueiro ou *sapo común*), *Bufo calamita* (sapo corriqueiro), *Rana iberica* (rá patilonga ou *rana patilarga*), *Rana perezi* (rá verde ou *rana verde*).

Os reptís teñen unha maior área de distribución, aparecendo de forma habitual *Anguis fragilis* (escáncer común ou *lución*), *Lacerta lepida* (lagarto arnal) *Lacerta schreiberi* (lagarto das silvas ou *lagarto verdinegro*), *Podarcis hispanica* (lagartija ibérica), *Podarcis bocagei* (lagartija de bocage), *Chalcides bedriagai* (esgonzo ibérico ou *eslizón ibérico*), *Coronella girondica* (cobra lagarteira meridional ou *culebra lagartera*), *Malpolon monspessulanus* (cobregón ou *culebra bastarda*), e preto dos cursos de auga e lagoas *Natrix maura* (cobra de auga ou *culebra viperina*).

Aves

Debido á situación do monte e as súas características fisiográficas, atopámonos tanto con especies típicas do litoral como especies ligadas a áreas boscosas, zonas de mato e ambientes rurais como campos de cultivo. As especies que se dan son as típicas de calquera lugar das Rías Baixas con características ecolóxicas similares. Nembargante é unha zona cunha gran diversidade faunística.

No monte e os seus arredores danse cita algunhas especies de rapaces como *Falco tinnunculus* (lagarteiro peneireiro ou *lagartero*) e *Buteo buteo* (miñato común ou *ratonero*). Xunto a elas aparecen outras especies como *Accipiter nisus* (gabián ou *gavilán*), *Columba palumbus*** (pombo torcaz ou *paloma torcaz*), *Tyto alba* (curuxa

común), *Otus scops* (moucho de orellas), *Athene noctua* (moucho común), *Caprimulgus europaeus* (avenoiteira cincenta), *Lullula arborea* (cotovía pequena), *Picus viridis* (pito real), *Dendrocopos major*** (peto real ou pájaro carpintero), *Alauda arvensis*** (laberca), *Motacilla cinerea* (lavandeira real ou lavandera cascadeña), *Motacilla alba* (lavandeira branca ou lavandera blanca), *Troglodytes troglodytes* (carrizo ou chochín), *Sylvia atricapilla* (papuxa das amoras ou curruca capirotada), *Sylvia communis* (papuxa común), *Sylvia undata* (papuxa montesa), *Phylloscopus collybita* (picafollas común), *Saxicola torquata* (chasco común ou tarabilla común), *Phoenicurus ochruros* (rabirubio tizón), *Erithacus rubecula* (paporrubio común), *Turdus merula*** (merlo común ou mirlo común), *Turdus viscivorus* (Tordo charlo), *Parus cristatus* (ferreiriño cristado ou herrerillo capuchino), *Parus ater* (ferreiriño común ou carbonero garrapiñeiros), *Parus major* (ferreiriño abeleiro ou carbonero común), *Certhia brachydactyla* (gabeador común ou agateador común), *Emberiza cia* (escribenta riscada ou escribano montesino), *Emberiza cirulus* (escribenta liñaceira ou escribano soteño), *Fringilla coelebs*** (pimpín común ou pinzón común), *Serinus serinus* (xirín ou verdecillo), *Acanthis cannabina* (liñaceiro común ou pardillo común), *Passer domesticus* (pardal común ou gorrión común), *Sturnus unicolor* (estorniño negro ou estornino negro), *Garrulus glandarius*** (pega marza ou arrendajo común), *Pica pica* (pega rabilonga ou urraca), *Corvus corone*** (corvo viaraz ou corneja), *Sterna albifrons* (pirrí), *Calandrella cinerea* (calandriña común), etc.

Outras aves presentes nos montes da zona e que se consideran ameazadas segundo a nomenclatura da “*Lista Roja de los Vertebrados de España*” son *Streptopelia turtur*** (rula común ou tórtola común), *Coturnix coturnix* (paspallás ou codorniz), *Cuculus canorus* (cuco), *Upupa epops* (abubilla), *Hirundo rustica* (andoriña común ou golondrina común), *Delichon urbica* (anduriña do cu branco ou avión común), *Carduelis carduelis* (xílgaro ou jilguero) e *Carduelis chloris* (verderolo común). Aínda que nesta comarca teñen unha poboación estable e significativa, e non se aprecia risco de desaparición.

Mamíferos

Os numerosos invertebrados presentes neste monte son un alimento esencial para a supervivencia de numerosos insectívoros e morcegos, así coma un

complemento na dieta de roedores e carnívoros. Por outra banda as xemas, raíces, e diferentes froitos son o sustento de roedores e un complemento na alimentación dos carnívoros.

Cabería así destacar a existencia dos insectívoros seguintes: *Erinaceus europaeus* (ourizo cacho ou *erizo*), *Talpa occidentalis* (toupa cega ou *topo*), *Sorex granarius* (furafolllas ibérico ou *musaraña española*), *Sorex minutus* (furafolllas pequeno ou *musaraña enana*), *Neomys anomalus* (murgaño de Cabrera), *Crocidura russula* (furaño común ou *musaraña común*), e *Crocidura suaveolens* (furaño xardineiro ou *musaraña campesina*).

Entre os morcegos aparecen: *Rhinolophus hipposideros* (morcego pequeno de ferradura ou *murciélago pequeño de herradura*), *Rhinolophus ferrumequinum** (morcego de ferradura grande ou *murciélago de herradura grande*), *Myotis myotis* (morcego de orellas de rato grande ou *murciélago de orejas grandes*), *Eptesicus serotinus* (morcego das hortas ou *murciélago de las huertas*) y *Pipistrellus pipistrellus* (morcego común ou *murciélago común*).

Dentro dos roedores e lagomorfos destaca a presenza de *Oryctolagus cuniculus* (coello bravo ou *conejo*), *Lepus capensis* (lebre ou *liebre*), *Eliomys quercinus* (leirón careto ou *lirón careto*), *Microtus agrestis* (trilladeira dos prados ou *ratilla agreste*), *Microtus lusitanicus* (rata dos prados ou *rata de los prados*), *Arvicola sapidus* (rata de auga común ou *rata de agua*), *Rattus norvegicus* (rata común ou *rata gris*), *Rattus rattus* (rata cincenta ou *rata negra*), *Apodemus sylvaticus* (rato de campo ou *ratón de campo*) y *Mus musculus* (rato caseiro ou *ratón casero*).

Entre os carnívoros aparecen: *Vulpes vulpes* (raposo ou *zorro*), *Mustela nivalis* (donicela ou *comadreja*), *Mustela putorius* (turón ou *hurón bravo*), *Meles meles* (teixugo ou *tejón*), e *Genetta genetta** (algaria ou *gineta*).

Actualmente frecuente é *Sus scofra*

Especies de interese cinexético

Perdiz rubia (*Alectoris rufa*). Pertence á orde *Galliformes*, familia *Phasianidae*. A densidade de poboación desta especie no monte é bastante baixa por non dicir que escasa. Depende principalmente das repoboacións da sociedade cinexética xestora do TECOR.

A becada ou arcea (*Scolopax rusticola*). Pertence á orde *Charadriiformes*, familia *Scolopacidae*. Ocupa unha ampla gama de ambientes, sendo eminentemente forestal, sempre que teña claros e boa cobertura de sotobosque. Cría de forma moi esporádica en zonas forestais do terzo norte dende Galicia a Cataluña. e migra para invernar á rexión mediterránea. A migración parece ser parcial e marcadamente protagonizada por individuos novos, do ano, sendo numerosas as aves que pasan o inverno nos seus cuarteis de cría.

Coello (*Oryctolagus cuniculus*). Pertence á orde dos *Lagomorfos*, familia dos *Lepóridos*. Ocupa gran variedade de hábitats, pero prefire lugares que teñan un solo areoso e soleado que lles permita escavar galerías. Ten tendencia aos matos preferentemente de toxo e tamén soe atoparse nos límites dos bosques. Aliméntase de brotes tenros de matas e arbustos. O coello é unha especie abundante nesta zona, aínda que nos últimos anos reduciuse a súa poboación debido sobre todo a dúas enfermidades (a mixomatose e a NHV: pneumonía hemorráxico vírica) e á alta presión cinexética.

Raposo (*Vulpes vulpes*): Pertence á orde dos Carnívoros, familia dos Cánidos. O raposo é unha especie xeralista e profundamente oportunista. Constitúese como un predador que pode ocasionar, cando a súa densidade está disparada, un gran número de baixas entre as niñadas e poladas de aves. O seu hábitat é moi extenso, dende as costas cara ás altas montañas, estepas, bosques, zona de mato, etc.

Xabarín (*Sus scofra*): Pertence á orde dos *Artiodáctilos* suborde *Suida*, familia *Suidae*. Trátase dunha especie que nos últimos anos estase facendo máis abundante na comarca. Anteriormente, só se vían exemplares de paso, pero recentemente incrementáronse os danos que provoca nos cultivos, o que provocou que se organicen batidas esporádicas co fin de diminuír a súa poboación.

O xabarán é un animal omnívoro que se alimenta de landras, cogomelos, vermes, raíces, tubérculos, etc. e que non dubida en invadir cultivos para alimentarse, preferentemente millo e pataca, nos que causa importantes danos, así como en pastos onde busca raíces e invertebrados. Os seus hábitats máis adecuados son os bosques con matos, zonas pantanosas e aquelas outras próximas a arroyos. O actual sistema de monocultivo forestal, o abandono do campo por parte dos agricultores, o aumento de maleza e de especies coma o toxo, favorece a súa proliferación.

1.2.6.2. Vexetación

O monte que nos ocupa está encravado na rexión bioxeográfica Eurosiberiana, provincia Cántabro-Atlántica, sector Galaico-Portugués e todo el pertence ao piso colino típico (eucolino), estando na proximidade dos límites co subpiso colino superior ou submontano.

A agrupación vexetal espontánea que lle corresponde está encabezada pola serie colina galaicoportuguesa acidófila do carballo (*Quercus robur*), *Rusco-Querceto roboris sigmetum*, que corresponde no seu óptimo estable a un robledal denso de *Quercus robur* (roble gallego, carballo), que pode levar unha certa cantidade de *Betula celtiberica* (abedul, bidueiro), *Quercus pyrenaica* (rebollo, cerquiño), *Ilex aquifolium* (acebo, acivro), *Laurus nobilis* (laurel, loureiro) e *Quercus suber* (alcornoque, sobreira), este último máis frecuente en zonas pedregosas e solainas. No sotobosque da *carballeira*, ademais dun bo número de herbas nemorais, hai un estrato arbustivo. Tamén vexeta un sotobosque arbustivo máis ou menos denso no que soen atoparse elementos mediterráneos: *Ruscus aculeatus* (rusco, xibarba), *Arbutus unedo* (madroño, érbedo), *Daphne gnidium* (torbisco), etc., coincidindo con outros vexetais caducifolios eurosiberianos ou de área máis ampla, tales como *Pyrus cordata* (peral silvestre, pereira brava), *Lonicera periclymenun* (madreselva), *Crataegus monogyna* (majuelo, espiño), *Rubus ulmifolius* (zarza, silva).

Desta formación vexetal que algún día cubriu de espeso bosque toda a zona, só quedan pequenos bosquetes (*carballeiras*) e árbores e arbustos illados repartidos por todo o monte.

En terreos frescos e profundos aparece de forma illada o *Prunus avium* (cerezo, cerdeira) e na proximidade dos arroyos, *Laurus nobilis* (laurel, loureiro), *Alnus glutinosa* (aliso, ameneiro), *Fraxinus angustifolia* (fresno, freixo) e *Salix atrocinerea* (sauce, salgueiro).

En canto as especies presentes no sotobosque, as citadas anteriormente quedaron reducidas a pequenos enclaves de valgadas.

Como xa se comentou, o bosque primitivo foi destruído hai moitos séculos para dar paso á agricultura e a unha extensa matogueira que servía de complemento a esta. Estas matogueiras de degradación foron adquirindo importancia, destacando actualmente as seguintes especies: *Ulex europaeus*, *Pteridium aquilinum*, *Erica umbellata*, *Calluna vulgaris*, *Cytisus scoparius*, *Genista triacanthos*, *Cistus salvifolius*, *Daboecia cantabrica*, *Erica arborea*, *Adenocarpus complicatus*, *Halymium alyssoides*, *Genistella tridentata*, *Erica cinerea*, *Cytisus striatus* e *Ulex minor*. En solos húmidos, aparece ademais a *Erica ciliaris*.

Nos últimos tempos esta matogueira perdeu a súa utilidade, cedendo parcialmente o sitio a un novo bosque formado por especies foráneas, como o piñeiro e o eucalipto.

Pinus pinaster (pino gallego, piñeiro do país) empezou a cobrar importancia no século pasado nas propiedades particulares da comarca. A mediados deste século unha gran parte da superficie foi repoboada por esta especie. No ano 1944, establécese o consorcio co Patrimonio Forestal do Estado sobre os montes de Paraños. Despois desta data iniciáronse as repoboacións con esta especie nos montes de A Peroxa e O Quinteiro, estando estendido na actualidade por toda la superficie veciñal.

A facilidade de reprodución por semente deste piñeiro e a súa adaptabilidade á zona permítelle rexenerar espontaneamente todos os rasos tanto das terras lixeiras como das pesadas, sitios secos ou húmidos, superficiais ou profundos, sempre que dispoña de suficiente luz.

Mágoa que tan atractiva condición véxase contrarrestada pola baixa calidade dos seus troncos inclinados e tortos, que forzan a necesidade de corrixir estes defectos coa aplicación dunha silvicultura apropiada.

Polo demais, o piñeiro exerce unha recoñecida acción melloradora da calidade do solo, posibilitando a posterior colonización por especies máis esixentes. A distribución no monte deste piñeiro pode verse no capítulo sobre o estado forestal.

Eucalyptus globulus, especie que se supón introducida en España por un tudense, Fray Rosendo Salvado, polo ano 1860, e de tal xeito adaptouse ás condicións ecolóxicas do litoral galego, incluíndo nelas con carácter fundamental a frecuencia dos incendios, converteuse nun elemento máis da flora espontánea arbórea. Nos comunais de Paraños foi introducida nunha pequena superficie no monte de A Peroxa nos anos cincuenta, concretamente no paraxe Fonte Carballeda. Tamén se plantou en A Grifa, en onde sufriu as consecuencias do lume. Como resultado diso producíronse brotes de cepa. Ademais, apareceu de forma espontánea en varias parcelas dispersas pola superficie veciñal, debido posiblemente á presenza de eucaliptos en parcelas próximas de propietarios particulares. En total ocupa aproximadamente unha superficie de unhas 4 ha.

Outras especies foráneas comúns na comarca son as leguminosas arbóreas: *Robinia pseudoacacia*, *Acacia melanoxylon* e *Acacia dealbata*, que se estenden de forma incontrolada pola zona. Neste monte a súa presenza é máis ben escasa.

O castiñeiro, introducido fai dous milenios, non aparece con frecuencia nesta zona, existindo algúns pés novos que foron diseminados polas aves polo monte. A escaseza desta árbore quizais se deba en boa parte ás enfermidades que lle afectan.

De recente introdución é o carballo americano, que se atopa nunha parcela de 6,4 hectáreas mesturado con castiñeiros e piñeiros na zona do Quinteiro e formando un rodal monoespecífico de 2,3 hectáreas no monte de Parada.

O carballo, o bidueiro e máis raramente a sobreira e o carballo cerquiño, forman parte da rexeneración natural do monte de piñeiros e eucaliptos.

1.2.6.3. Hábitats forestais (singulares e ecotonos)

A mellor descrición dos hábitats actuais pode verse no cadro de estratos dos Estado Forestal.

1.2.7. Enfermidades, pragas e outros danos

Axentes bióticos

Ao castiñeiro nativo séguelle atacando como en todo o litoral galego a enfermidade da tinta, causada por *Phytophthora cambivora*, polo que é recomendable utilizar nas plantacións só híbridos co castaño xaponés, *Castanea crenata*, resistentes á enfermidades. O chancro do castiñeiro causado pola *Cryphonectia parasitica* esta presente na comarca, polo que poderá causar danos no futuro.

O *carballo*, que é a árbore máis xenuína da rexión e mellor adaptado á estación, segue sendo o sustento e acubillo dun variado número de insectos que, se ben lle restan crecemento, encabezan unha rica cadea trófica –de aí o seu valor ecolóxico. Ultimamente estalle causando danos de consideración o coleóptero defoliador *Altica quercetorum*, e nalgúns anos de humidade excesiva, o oidium ataca con forza a follaxe da parte inferior.

No piñeiro son moi espectaculares os danos nos anos en que se intensifica o ataque da larva procesionaria da bolboreta *Thaumetopoea pityocampa*, que debilita fortemente ás árbores, afectando ao seu crecemento nos anos seguintes.

O coleóptero hilobio (*Hylobius abietis*) pode causar danos nas novas plantacións, pero este problema non existe cando se trata da rexeneración espontánea, en xeral excesivamente densa, e fíxose tras a corta un bo aproveitamento de leñas de copa e eliminación dos restos de corta.

A bolboreta *Dioryctria silvestrella* faille perder a guía, gaiando as árbores, o que ten importancia cando sucede a pouca altura no tronco.

Quizais os danos maiores no piñeiral son os producidos pola enfermidade do corro, na que van morrendo concéntricamente a partir dun punto todos os pés dun círculo crecente. Son varios os fungos que producen este tipo de mal: *Armillaria*, *Leptographium*, *Ceratocystis*, *Fomes* e *Rhizina*, desatándose a enfermidade, en moitos casos, a partir dunha fogueira que lles fai vulnerables, debido á calor, o sistema radicular subxacente.

A abundancia de coellos pode producir danos nas plantacións dalgunhas especies; non así na rexeneración natural tanto pola súa abundancia coma pola protección que ofrece a matogueira acompañante. No primeiro caso conviría recorrer a protectores.

O eucalipto presenta cada vez maiores problemas polo ataque do coleóptero *Gonipterus scutellatus* ou *platensis*. É un insecto orixinario de Australia. A súa aparición en distintos países seguiu ás plantacións de eucalipto e a súa presenza en España data de principios dos noventa do século pasado. Durante os últimos anos a súa presenza na nosa rexión foi especialmente notable producindo danos nos brotes tenros. Ao longo da súa vida o insecto cambia de aspecto e de hábitos. Tras a saída do ovo, a larva, con aspecto de eiruga, é branca. Aparece nas follas adultas alimentándose delas e formando sucros no limbo. Tras esta fase, entérrase no solo e transfórmase en adulto. Neste estadio o seu aspecto é o de un pequeno escaravello adherido aos bordos das follas. Mentres as come vai percorrendo o seu perímetro dándolle así un aspecto de festoneadura. A forma de control deste coleóptero é mediante a denominada loita integrada, biolóxica e máis química. Existe un insecto parasito dos ovos de goniptero, unha pequena mosca, *Anaphes nitens*, que mostra unha eficacia parcial no control da praga. Outro insecto que está a causar dano de certa consideración é a *Ctenarytaina spatullata*, homóptero que succiona a saiba das follas do gromo en forma de filodios do ápice da copa e provoca a aparición do fungo fumagina que produce unha necrose nos mesmos

Axentes abióticos

O problema máis serio do monte constitúeo o risco de lume, polo que é de primeira necesidade adoptar toda clase de medidas preventivas, incluíndo a vixilancia

e posta a punto dunha rápida actuación extintora chegado o caso. A exposición a poñente e sur e a forte pendente, aumentan o perigo.

Como datos indicativos da incidencia do lume pódense citar os seguintes (referidos ao municipio do Covelo):

- O número de incendios producidos segundo a época do ano repártese do seguinte xeito: 37 % no inverno, 34 % na primavera e 29 % en verán.
- O 82 % da superficie queimada está cuberta unicamente por matogueiras.
- Quéimanse anualmente 1,8 hectáreas por cada 100 hectáreas de superficie forestal.
- O tamaño medio do incendio é de 2 hectáreas.

Depósitos de auga, devasas, rozas estratéxicas, mecánicas ou manuais, aproveitando pistas e tramos de monte de superficie regular, rodais en banda con especies sombreadoras, regulamentación do tránsito, concienciación do público e a incentivación do esquilmeo ou recollida de biomasa, son todas operacións que poderían mitigar o risco.

O vento é outro axente que pode causar danos importantes no monte, e deberá terse en conta ao programar as claras, controlando a esvelteza das árbores e procedendo nas cortas a feito de forma que se dea protección á nova repoboación.

1.2.8. Descrición de árbores, entornes e paisaxes singulares, patrimonio cultural e valores recreativos

Nos montes de Paraños non cabe destacar a presenza de árbores, entornas e paisaxes singulares.

Con respecto ao patrimonio arqueolóxico, no concello do Covelo, de 124 km², localizáronse máis de 30 xacementos (segundo o inventario arqueolóxico da Xunta de Galicia de 1992) que ilustran, de modo xeneralizado, a maioría das etapas prehistóricas e históricas de Galicia. A etapa neolítica atópase ben representada con

numerosos túmulos megalíticos (mámoas de Rebordechán, Borraxeiros e Os Agrelos, na parroquia de S. Bernabeu da Graña; mámoa de Portela de Deva en Cernadela, parroquia de Sta. María Godóns; mámoa de Corzos, parroquia de S. Bartolomeu de Lamosa; mámoas do monte Moncelo, en Coveliño, S. Salvador de Prado; mámoas de Picoto, en Sta. María de Paraños; etc.).

Por outro lado descubríronse materiais cerámicos –O Picoto e Gorgullón en Paraños, Os Agrelos de O Regueiro, en S. Bartolomeu da Lamosa, etc.– que evidencian unha ocupación da etapa Calcolítica.

Tamén se localizaron varios gravados rupestres –Petroglifos de Pazos, en O Chan de Areas en S. Xoán de Piñeiro.

A Idade de ferro está ben representada con diversos castros dispersos polo municipio: Castro de Campo (A Bouciña, Sta. María de Campo), Coto do castro de Maceira (O Castro, S. Salvador de Maceira), a cidade de Maceira (Vales, S. Salvador de Maceira), Castro do Coto de Aldir (A Ermida, Sta. María do Covelo), ou os que se atopan en Fontán e O Castro, nas parroquias de Sta. María do Covelo e S. Xoán de Piñeiro.

Por último, a ocupación romana evidénciase polos restos localizados en Os Agrelos, O Regueiro, na parroquia de S. Bartolomeu da Lamosa. E o mundo medieval queda testemuñado por un sepulcro que se atopa na ermida de Xestosa (Coveliño, S. Salvador de Prado) ou o xacemento medieval de A Arroteña/Mosteiro Sta. María de Casteláns, na parroquia de S. Estevo de Casteláns.



Visado E004624
08/06/2012

Estado Forestal

1.3. Capítulo III: Estado Forestal	50
1.3.1. División inventarial	50
1.3.1.1. Estratos	52
1.3.1.2. Cantóns	57
1.3.1.3. División do monte en rodais	60
1.3.2. Cálculo de existencias	60
1.3.2.1. Metodoloxía	60
1.3.2.2. Estrutura da masa por estratos	66
MONTE A PEROXA, O QUINTEIRO E OUTROS					
LÍMITES			SUPERFICIES		
<i>NORTE:</i>	Pista que separa de cantón 22		TOTAL:	13,30	
<i>SUR:</i>	Pista que separa de cantón 18		<i>FORESTAL ÚTIL:</i>	13,30	
<i>LESTE:</i>	Pista que separa do cantón 12		Arborizada:	13,30	
<i>OESTE:</i>	Cortalumes que separa do cantón 20		Rasa:	0,00	
			<i>INFORESTAL:</i>	0,00	
RODAL	ESTRATO	Idade	H dom	IS	SUP. (ha)
19a	A4	32	20	14	5,97
19b	E1	11-18	14	19	7,33
RODAL	CÓD ESTRATO	Nº PES VERDES	Gi (m ²)	Vol. C.C. (m ³)	Crec. C.C. (m ³)
19a	A4	2486	190,96	1382,78	901,31
19b	E1	---	---	---	---
TOTAIS		2486	190,96	1382,78	901,31
TIPO DE MASA	<i>ESTRATO DOMINANTE</i>		<i>Pinus pinaster</i> fustal medio, rexeneración natural intervido		
	<i>ESPECIE PRINCIPAL</i>		<i>Pinus pinaster</i>		
	<i>REXENERACIÓN</i>		Sen datos		
	<i>DEFOLIACIÓN</i>		Sen datos		
	<i>VIGOR DA REXENERACIÓN</i>		Sen datos		
ESTACIÓN FORESTAL	<i>VEXETACIÓN C. INDICADORA</i>		Carrasco (<i>Erica</i>) e toxo		
	<i>ALTITUDE (MÁX-MIN- MEDIA)</i>		610	479	560
	<i>PENDENTE MEDIA (%)</i>		30		
	<i>EXPOSICIÓN</i>		NW-NE-E		
	<i>CARENCIAS NUTRIC.</i>		Non se observan		
	<i>PEDREGOSIDADE</i>		Abundante		
	<i>RELEVO</i>		Ladeira		
	<i>PROFUNDIDADE SOLO</i>		Baixa		
	<i>FERTILIDADE</i>		Capa fina de humus (<5 cm)		
<i>AUGA</i>		Terreo mais ben seco			
<i>SINAIS DE EROSIÓN</i>		Só no cortalumes			
OUTROS DATOS	<i>Rodal</i>	<i>Ano Rexeneración</i>	<i>Estado silvícola</i>		
	19a	1980	<i>Rexeneración natural</i>		
	19b	1997	<i>Plantación primavera 1997</i>		

CANTÓN C.20					
MONTE A PEROXA, O QUINTEIRO E OUTROS					
LÍMITES			SUPERFICIES		
NORTE:	Estrada N-559		TOTAL:	14,56	
SUR:	Límite municipal		FORESTAL ÚTIL:	15,27	
LESTE:	Cortalumes que separa dos cantóns 18, 19 e 22		Arborizada:	15,27	
OESTE:	Límite municipal		Rasa:	0,00	
			INFORESTAL:	0,00	
RODAL	ESTRATO	Idade	H dom	IS	SUP. (ha)
20a	E1	11-18	14	19	13,50
20b	M	15-25	17	---	1,06
20c	A4	32	20	14	0,71
RODAL	CÓD ESTRATO	Nº PES VERDES	Gi (m ²)	Vol. C.C. (m ³)	Crec. C.C. (m ³)
20a	E1	---	---	---	---
20b	M	---	---	---	---
20c	A4	296	22,71	164,45	107,19
TOTAIS		296	22,71	164,45	107,19
TIPO DE MASA	<i>ESTRATO DOMINANTE</i>		<i>Pinus pinaster latizal medio</i>		
	<i>ESPECIE PRINCIPAL</i>		<i>Pinus pinaster</i>		
	<i>REXENERACIÓN</i>		Escasa		
	<i>DEFOLIACIÓN</i>		Nula		
	<i>VIGOR DA REXENERACIÓN</i>		Bo vigor		
ESTACIÓN FORESTAL	<i>VEXETACIÓN C. INDICADORA</i>		Fento e toxo moi abundante		
	<i>ALTITUDE (MÁX-MIN- MEDIA)</i>		487	449	525
	<i>PENDENTE MEDIA (%)</i>		33		
	<i>EXPOSICIÓN</i>		NW-W		
	<i>CARENCIAS NUTRIC.</i>		Non se observan		
	<i>PEDREGOSIDADE</i>		Puntualmente moi pedregoso, non en xeral		
	<i>RELEVO</i>		Ladeira		
	<i>PROFUNDIDADE SOLO</i>		Variable		
	<i>FERTILIDADE</i>		Variable		
<i>AUGA</i>		Non existe presenza			
<i>SINAIS DE EROSIÓN</i>		Ningunha			
OUTROS DATOS	<i>Rodal</i>	<i>Ano Rexeneración</i>	<i>Estado silvícola</i>		
	20a	1997	Plantación primavera 1997		
	20b	1992	Rexeneración natural		
	20c	1980	Rexeneración natural		

CANTÓN C.21						
MONTE A PEROXA, O QUINTEIRO E OUTROS						
LÍMITES			SUPERFICIES			
<i>NORTE:</i>	Propiedades particulares		TOTAL:		18,07	
<i>SUR:</i>	Estrada N-559		<i>FORESTAL ÚTIL:</i>		17,40	
<i>LESTE:</i>	Propiedades particulares		Arborizada:		16,60	
<i>OESTE:</i>	Propiedades particulares		Rasa:		0,80	
			<i>INFORESTAL:</i>		0,67	
RODAL	ESTRATO	Idade	H dom	IS	SUP. (ha)	
21a	Q	4	---	---	5,22	
21b	Q	4	---	---	0,99	
21c	Q	4	---	---	0,80	
21d	O	10-15	---	---	3,63	
21e	M	15-25	17	---	4,63	
21f	A2	68	21	10	0,53	
21g	K	40-50	---	---	0,52	
21h	W	---	---	---	0,67	
21i	V	---	---	---	0,23	
21j	V	---	---	---	0,57	
21k	K	40-50	---	---	0,28	
RODAL	CÓD ESTRATO	Nº PES VERDES	Gi (m ²)	Vol. C.C. (m ³)	Crec. C.C. (m ³)	
21a	Q	---	---	---	---	
21b	Q	---	---	---	---	
21c	Q	---	---	---	---	
21d	O	---	---	---	---	
21e	M	---	---	---	---	
21f	A2	269	22,90	176,11	115,67	
21g	K	---	---	---	---	
21h	W	---	---	---	---	
21i	V	---	---	---	---	
21j	V	---	---	---	---	
21k	K	---	---	---	---	
TOTAIS		269	22,90	176,11	115,67	
TIPO DE MASA	<i>ESTRATO DOMINANTE</i>		Frondosas monte bravo			
	<i>ESPECIE PRINCIPAL</i>		Frondosas			
	<i>REXENERACIÓN</i>		Boa			
	<i>DEFOLIACIÓN</i>		Normal			
	<i>VIGOR DA REXENERACIÓN</i>		Normal			

CANTÓN C.21			
(Continuación)			
ESTACIÓN FORESTAL	VEXETACIÓN C. INDICADORA		Fento, toxo, silva e espiños
	ALTITUDE (MÁX-MIN- MEDIA)	459	350 404
	PENDENTE MEDIA (%)	29	
	EXPOSICIÓN	NW	
	CARENCIAS NUTRIC.	Non	
	PEDREGOSIDADE	Superficial e artificial das pedras que cairon pola ladeira cando se fixo a estrada N-559	
	RELEVO	Ladeira pronunciada	
	PROFUNDIDADE SOLO	En xeral >50 cm., pero nalgún punto moi superficial	
	FERTILIDADE	Media-boa	
	AUGA	Non	
	SINAIS DE EROSIÓN	Non	
OUTROS DATOS	Rodal	Ano Rexeneración	Estado silvícola
	21a	2008	<i>Plantación de frondosas en 2008. Fixérase unha corta antes de pés illados e bosquetes de piñeiro en febreiro de 2008. Especies: Carballo americano e castiñeiro principalmente, e algo de bidueiro e capudre nas beiras dos camiños. No 2009, 10 e 11 fíxose reposición e roza</i>
	21b	2008	
	21c	2008	
	21d	1997	<i>Rexenerado natural</i>
	21e	1992	<i>Rexenerado natural de idade moi diversa 15-30 anos</i>
	21f	1944	<i>Descoñecido</i>
	21g	1964	<i>Rexeneración natural</i>
	21h	0	<i>Afloramentos de rocha con algún piñeiro rexenerado de 10-15 anos</i>
	21i	0	<i>Matogueira baixo LAT</i>
	21j	0	<i>Matogueira baixo LAT</i>
	21k	1964	<i>Rexeneración natural</i>

CANTÓN C.22						
MONTE A PEROXA, O QUINTEIRO E OUTROS						
LÍMITES				SUPERFICIES		
NORTE: Estrada N-559 SUR: Pista que separa do cantón 19 LESTE: Cantóns 12 e 11 OESTE:				TOTAL: 10,61 FORESTAL ÚTIL: 10,61 Arborizada: 10,21 Rasa: 0,40 INFORESTAL: 0,00		
RODAL	ESTRATO		Idade	H dom	IS	SUP. (ha)
22a	A4		32	20	14	6,44
22b	F2		0-2	---	---	3,01
22c	V		---	---	---	0,40
22d	F2		0-2	---	---	0,76
RODAL	CÓD ESTRATO	Nº PES VERDES	Gi (m ²)	Vol. C.C. (m ³)	Crec. C.C. (m ³)	
22a	A4	2682	205,99	1491,64	972,27	
22b	F2	---	---	---	---	
22c	V	---	---	---	---	
22d	F2	---	---	---	---	
TOTAIS		2682	205,99	1491,64	972,27	
TIPO DE MASA	ESTRATO DOMINANTE		<i>Pinus pinaster</i> fustal medio, rexeneración natural intervido			
	ESPECIE PRINCIPAL		<i>Pinus pinaster</i>			
	REXENERACIÓN		Normal ou escasa			
	DEFOLIACIÓN		Nula			
	VIGOR DA REXENERACIÓN		Bo vigor			
ESTACIÓN FORESTAL	VEXETACIÓN C. INDICADORA		Fento e silvas moi abundantes			
	ALTITUDE (MÁX-MIN- MEDIA)		532	432	478	
	PENDENTE MEDIA (%)		29			
	EXPOSICIÓN		NW			
	CARENCIAS NUTRIC.		Non se observan			
	PEDREGOSIDADE		Pouco o nada pedregoso			
	RELEVO		Ladeira			
	PROFUNDIDADE SOLO		Medianamente profundo			
	FERTILIDADE		Capa grosa de humus (>5cm)			
	AUGA		Non hai encharcamentos			
SINAIS DE EROSIÓN		Ningunha				
OUTROS DATOS	Rodal	Ano Rexeneración	Estado silvícola			
	22a	1980	Rexeneración natural			
	22b	2010	Rexeneración natural de corta no 2008; fíxose roza no 2010			
	22c	0	Matogueira baixo LAT			
	22d	2010	Rexeneración natural de cortas finais 2008, fíxose roza no 2010			

CANTÓN C.23						
MONTE A PEROXA, O QUINTEIRO E OUTROS						
LÍMITES			SUPERFICIES			
<i>NORTE:</i>	Varios		TOTAL:			6,73
<i>SUR:</i>	Varios		<i>FORESTAL ÚTIL:</i>			6,27
<i>LESTE:</i>	Varios		Arborizada:			3,41
<i>OESTE:</i>	Varios		Rasa:			2,86
			<i>INFORESTAL:</i>			0,46
RODAL	ESTRATO	Idade	H dom	IS	SUP. (ha)	
23a	T	---	---	---	2,38	
23b	A2	68	21	10	0,16	
23c	K	40-50	---	---	0,90	
23d	E2	12	---	---	0,22	
23e	K	40-50	---	---	0,26	
23f	X	---	---	---	0,36	
23g	X	---	---	---	0,06	
23h	U	---	---	---	0,06	
23i	A2	68	21	10	0,02	
23j	U	---	---	---	0,04	
23k	X	---	---	---	0,04	
23l	H	15-25	---	---	0,06	
23m	A1	0	0	0	0,25	
23n	A3	35	20	14	0,33	
23ñ	O	10-15	---	---	0,16	
23o	U	---	---	---	0,06	
23p	U	---	---	---	0,11	
23q	H	15-25	---	---	0,38	
23r	O	10-15	---	---	0,22	
23s	U	---	---	---	0,08	
23t	U	---	---	---	0,13	
23u	G	25-35	27	8	0,21	
23v	E2	12	---	---	0,24	

CANTÓN C.23					
<i>(Continuación)</i>					
RODAL	CÓD ESTRATO	Nº PES VERDES	Gi (m ²)	Vol. C.C. (m ³)	Crec. C.C. (m ³)
23a	T	---	---	---	---
23b	A2	81	6,91	53,17	34,92
23c	K	---	---	---	---
23d	E2	---	---	---	---
23e	K	---	---	---	---
23f	X	---	---	---	---
23g	X	---	---	---	---
23h	U	---	---	---	---
23i	A2	10	0,86	6,65	4,36
23j	U	---	---	---	---
23k	X	---	---	---	---
23l	H	---	---	---	---
23m	A1	---	---	---	---
23n	A3	155	12,01	89,05	58,22
23ñ	O	---	---	---	---
23o	U	---	---	---	---
23p	U	---	---	---	---
23q	H	---	---	---	---
23r	O	---	---	---	---
23s	U	---	---	---	---
23t	U	---	---	---	---
23u	G	---	---	---	---
23v	E2	---	---	---	---
TOTAIS		246	19,78	148,86	97,51
TIPO DE MASA	<i>ESTRATO DOMINANTE</i>		Área de corta de eucalipto		
	<i>ESPECIE PRINCIPAL</i>		<i>Raso</i>		
	<i>REXENERACIÓN</i>		Variable en zonas escasa e noutras abundante		
	<i>DEFOLIACIÓN</i>		Non se observa		
ESTACIÓN FORESTAL	<i>VEXETACIÓN C. INDICADORA</i>		Fento e silvas moi abundantes		
	<i>ALTITUDE (MÁX-MIN- MEDIA)</i>		477	343	427
	<i>PENDENTE MEDIA (%)</i>		26		
	<i>EXPOSICIÓN</i>		A TODOS VENTOS (TODAS ORIENTACIÓNS)		
	<i>CARENCIAS NUTRIC.</i>		Non se obsevan		
	<i>PEDREGOSIDADE</i>		Pedregoso ou pouco pedregoso		
	<i>RELEVO</i>		Ladeira		
	<i>PROFUNDIDADE SOLO</i>		Profundo ou medianamente profundo		
	<i>FERTILIDADE</i>		Capa grossa de humus (>5cm)		
	<i>AUGA</i>		Non existe presenza		
<i>SINAIS DE EROSIÓN</i>		Ningunha			

CANTÓN C.23			
<i>(Continuación II)</i>			
OUTROS DATOS	<i>Rodal</i>	<i>Ano Rexeneración</i>	<i>Estado silvícola</i>
	23a	0	0
	23b	1944	Desconocido
	23c	1964	Rexeneración natural
	23d	2000	Rexeneración natural
	23e	1964	Rexeneración natural
	23f	0	Área de lecer
	23g	0	Aparcamiento
	23h	0	Matogueira
	23i	1944	Desconocido
	23j	0	Matogueira
	23k	0	Poza
	23l	1992	Rexeneración natural
	23m	1937	Desconocido
	23n	1977	Rexeneración natural
	23ñ	1997	Rexenerado natural
	23o	0	Matogueira
	23p	0	Matogueira
	23q	1992	Rexeneración natural con mestura de piñeiro
	23r	1997	Rexenerado natural con mestura de mimosa
23s	0	Matogueira	
23t	0	Matogueira	
23u	1982	Rexeneración natural con mestura de pino	
23v	2000	Rexeneración natural	

1.3.4. Estado do rexenerado.

A presenza de rexeneración natural procedente de semente no caso do piñeiro galego é abundante. De feito na actualidade toda a superficie arbórea do monte ten rexeneración natural, sen ter que recurrir á plantación.

É moi abundante o rexenerado natural de especies frondosas, especialmente carballo, sobreira, mesturado coas especies principais.

No caso do eucalipto, especie minoritaria neste monte, a rexeneración natural prodúcese maioritariamente por rebrote de cepa ou de raíz.

A supervivencia do rexenerado antes da corta de rexeneración no ten demasiada importancia dado que o método silvícola utiliza a rexeneración despois da corta final. Ademais os rexenerados precoces aumentan considerablemente o risco de incendios forestais. Non existe risco de danos importantes aínda que se teñen detectado danos por presenza de gando e algúns danos provocados polo corzo.

No seguinte cadro se indica as superficies deste monte en función da súa orixe (rexeneración natural, artificial ou mixta), e a porcentaxe que esta representa no total da superficie.

	Rexen. natural	Rexen. artificial	Rexen. mixta
Superf (ha)	195,59	78,44	9,56
% respecto á sup. de xestión	64,67	25,93	3,16

O estado do rexenerado ten máis interese nas masas novas en rexeneración. Considerando as clases naturais de idade ata monte bravo temos unha superficie total neste monte de 33,86ha.

	Rexen. natural	Rexen. artificial	Rexen. mixta
Superf (ha)	18,66	15,20	0,00
% respecto á sup. de xestión	6,17	5,02	0,00
% respecto á sup. en rexeneración	55,11	44,89	0,00

1.3.5. Resumo do inventario.

Neste apartado preséntase de forma resumida os datos descritivos das masas forestais. Aparte dos datos dasométricos dos estratos inventariados incorpóranse os datos recollidos nas visitas de recoñecemento do resto de estratos. Efectuouse unha corrección no estrato D₁, ao que se lle considera un terzo da superficie con claros, segundo a fotointerpretación realizada. Ao final do cadro nº 1.3.9 de Cálculo de existencias por estrato, preséntanse as existencias totais do monte e indicase o erro de mostraxe calculado, que ven detallado no anexo nº 2.

Cadro nº 1.3.9.: Cálculo de existencias por estrato

Estrato	Especie principal	Clase natural de idade	Idade	Idade media	Superf ha	Nºpés/ha	m ³ /ha	m ³
A ₁	<i>P. pinaster</i>	Fustal alto	70-80	75	0,25	300	450	112,5
A ₂	<i>P. pinaster</i>	Fustal medio	68	68	5,42	507	332,29	1.801,0
A ₃	<i>P. pinaster</i>	Fustal medio	35	35	7,18	573	269,85	1.937,5
A ₄	<i>P. pinaster</i>	Fustal medio	32	32	66,89	461	231,62	15.493,1
A ₅	<i>P. pinaster</i>	Fustal baixo	32	32	28,48	446	174,84	4.979,4
B ₁	<i>P. pinaster</i>	Fustal baixo	22	22	40,48	640	225,41	9.124,7
B ₂	<i>P. pinaster</i>	Fustal baixo	20	20	6,46	478	163,98	1.059,3
C ₁	<i>P. pinaster</i>	Fustal baixo	25	25	6,04	413	158,83	959,3
C ₂	<i>P. pinaster</i>	Fustal baixo	25	25	3,10	400	150	465,0
C ₃	<i>P. pinaster</i>	Fustal baixo	18	18	3,20	339	110,78	354,5
C ₄	<i>P. pinaster</i>	Fustal baixo	12-18	15	9,02	381	146,5	1.321,4
D ₁	<i>P. pinaster</i>	Alto latizal	14-16	15	4,57	435	102,1	466,6
D ₂	<i>P. pinaster</i>	Alto latizal	25	25	2,40	600	150	360,0
D ₃	<i>P. pinaster</i>	Latizal medio	13	13	1,45	800	120	174,0
E ₁	<i>P. pinaster</i>	Latizal medio	11-18	15	41,12	682	95,18	3.913,8
E ₂	<i>P. pinaster</i>	Baixo latizal	12	12	0,74	1300	120	88,8
E ₃	<i>P. pinaster</i>	Baixo latizal	12	12	3,47	349	33,469	116,1
E ₄	<i>P. pinaster</i>	Baixo latizal	9	9	3,97	900	30	119,1
F ₁	<i>P. pinaster</i>	Monte bravo	2-5	5	5,13	500	0	0,0
F ₂	<i>P. pinaster</i>	Diseminado	0-2	1	11,15	N. invent.	0	0,0
G	<i>E. globulus</i>	Fustal medio	25-35	30	0,50	2673	536,08	268,0
H	<i>E. globulus</i>	Alto latizal	15-25	20	0,90	700	200	180,0
I	<i>P. radiata</i>	Latizal aberto	14	14	1,07	1083	153,3	164,0
J	<i>P. radiata</i>	Alto latizal	12	12	6,04	300	80	483,2
K	Fronosas	Fustal	40-50	45	1,96	350	200	392,0
L	Fronosas	Latizal	15-20	18	0,15	150	40	6,0
M	Mixto	Latizal medio	15-25	20	5,86	953	173,97	1.019,5
N	<i>Quercus rubra</i>	Baixo latizal	16	16	2,35	244	7,73	18,2
Ñ	Varias-escolar	Repob-mte bravo	4-10	7	1,03	700	1	1,0
O	Mixto	Baixo latizal	10-15	12	4,54	600	20	90,8
P	<i>Pseudotsuga</i>	Latizal medio	18	18	0,33	400	40	13,2
Q	Fronosas	Monte bravo	4	4	7,01	625	0	0,0
R	Fronosas	Repoboado	2	2	1,33	625	0	0,0
Total volume:							45.482,0	

Os resultados máis salientables do inventario son:

Superficie veciñal: 302,45 ha
Superficie arborada: 283,59 ha

Distribución superficie arborada por clases naturais de idade:

- Diseminado: 11,15 ha
- Repoboado: 2,36 ha
- Monte bravo: 12,14 ha
- Latizal: 78,96 ha
- Fustal: 178,98 ha

Distribución superficie arborada por idade media:

- De 1 a 9 anos: 29,62 ha
- De 10 a 19 anos: 78,05 ha
- De 20 a 29 anos: 65,24 ha
- De 30 a 39 anos: 103,05 ha
- De 40 a 75 anos: 7,63 ha

Número de pés maiores (>7cm. n): 149.263

Volume de madeira con casca (Vcc): 45.482 m³

Erro relativo do inventario: 10,5% cunha probabilidade do 95%

Crecedemento corrente actual (6,3% s./Vcc): 2.871 m³/ha/ano

Estado Económico

1.4. Capítulo IV: Estado Económico	126
1.4.1. Breve resumo económico do último decenio	126
1.4.1.1. Análise dos aproveitamentos	128
1.4.1.2. Análise dos usos sociais	129
1.4.1.3. Análise dos traballos silvícolas, de protección e de infraestruturas	129
1.4.1.4. Análise da man de obra empregada e maquinaria	130
1.4.1.5. Análise da fiscalidade	131
1.4.2. Distancias a núcleos e principais centros de transformación	131
1.4.3. Condicións da comarca e mercado de productos forestais	132
1.4.3.1. Análise sucinto da situación social e económica da comarca	132
1.4.3.2. Estudo de mercado dos produtos forestais	134
1.4.4. Condicións intrínsecas do monte	136
1.4.4.1. Camiños forestais	136
1.4.4.2. Infraestruturas de defensa contra incendios forestais. Cargadeiros de madeira	137



Visado E004624
08/06/2012

1.4. CAPÍTULO IV: ESTADO ECONÓMICO


1.4.1. Breve resumo económico do último decenio

O balance económico dos últimos 10 anos é o que se presenta a continuación. Na seguinte táboa amósanse os ingresos percibidos nos últimos anos.

INGRESOS DO PERÍODO 2002-2011						
Ano	Total ingresos (€)	Ingresos (€)				
		Vendas de madeira	Subvencións	Arrendamentos e outras vendas	Expropiacións	Outros ingresos
2002	104345,36	93307,41	10413,61	0,00	0,00	624,34
2003	92655,42	14504,02	62750,34	1592,03	13793,90	15,13
2004	73282,10	2397,79	40277,58	0,00	30556,63	50,10
2005	68225,15	20308,03	47172,83	0,00	0,00	744,29
2006	73660,88	73650,68	0,00	0,00	0,00	10,20
2007	33.482,17	0,00	33.466,80	0,00	0,00	15,37
2008	136.355,16	93.421,26	40.985,84	0,00	0,00	1.948,06
2009	142.406,34	42.997,05	96.641,41	0,00	0,00	2.767,88
2010	131.827,34	25.494,33	51.349,41	0,00	54.757,04	226,56
2011	102.001,20	55,00	88.922,18	0,00	0,00	13.024,02
MEDIA	95.824,11	36.613,56	47.198,00	159,20	9.910,76	1.942,60
TOTAL	958.241,12	366.135,57	471.980,00	1.592,03	99.107,57	19.425,95

En “Outros ingresos” inclúense intereses bancarios, indemnizacións varias e outros semellantes.

No seguinte gráfico móstrase a distribución dos ingresos segundo a súa tipoloxía destacando, sobre o resto, os ingresos procedentes de subvencións e da venda de madeira.




Na seguinte táboa amósanse os gastos soportados nos últimos anos.

GASTOS DO PERÍODO 2002-2011					
Ano	Total gastos (€)	Gastos (€)			
		Inversións no monte	Outros gastos no monte	Obra social e cultural	Bens de inversións
2002	98617,66	53947,36	27271,39	5039,75	12359,16
2003	105153,33	74922,51	11163,45	18356,6	710,77
2004	95289,52	69781,51	14448,92	11059,09	0,00
2005	52517,6	29474,42	5828,11	7456,88	9758,19
2006	60260,85	37107,69	2664,98	20488,18	0,00
2007	68.964,65	56.996,30	3.368,13	8.600,22	0,00
2008	171.390,16	48.128,26	5.136,89	103.125,01	15.000,00
2009	146.877,35	75.565,18	7.839,05	44.429,47	19.043,65
2010	52.596,82	18.381,37	9.535,90	8.779,57	15.899,98
2011	179.233,98	14.819,77	6.973,98	143.429,23	14.011,00
MEDIA	103.090,19	47.912,44	9.423,08	37.076,40	8.678,28
TOTAL	1.030.901,92	479.124,37	94.230,80	370.764,00	86.782,75

En “Outros gastos no monte” se inclúen reparacións, servizos de profesionais (avogados, notarios,...), servizo contable e laboral, subministro de carburante e luz, material de oficina, teléfono, fotocopias, comisións de banco, etc. En definitiva, tódolos gastos vinculados co monte pero que non son propiamente no monte.

No seguinte gráfico móstrase a distribución dos gastos segundo a súa tipoloxía destacando, sobre o resto, os gastos derivados de inversión no monte.



1.4.1.1. Análise dos aproveitamentos

Os aproveitamentos neste monte limítanse á produción de madeira que xeran uns ingresos periódicos. No seguinte cadro amósase a composición dos ingresos por aproveitamentos nos montes obxecto de ordenación ao longo do período 2002-2011.

INGRESOS POR APROVEITAMENTOS NO PERÍODO 2002-2011				
	Vendas de madeira	Arrendamentos	Outros ingresos	Total Aproveitamentos
Ingresos	366.135,57	1.592,03	19.425,95	387.153,55
% s/ingresos por aproveitamentos	94,57	0,41	5,02	100
% s/ingresos totais	38,21	0,17	2,03	40,40

1.4.1.2. Análise dos usos sociais

Os usos sociais, non están regulados e realízanse na unidade de xestión sen ningunha contrapartida económica. A oferta de uso recreativo está moi potenciada pola creación do parque forestal Fraga do Rei e a Ruta do Xabriña, ademais doutros sendeiros que permiten andar e facer paseos en bicicleta.

Durante o período os gastos de carácter social no entorno foi unha partida relevante nas contas da C.M.V.M.C. de Paraños, representando o 36% do total do gasto, e o 38% respecto dos ingresos totais da comunidade pola percepción de axudas. Esta partida do gasto ten sufrido bastantes oscilacións nestes pasados dez anos. É de supoñer que, en anos futuros, ese nivel de gasto siga manténdose no caso de que a propiedade conte con dispoñibilidade económica.

1.4.1.3. Análise dos traballos silvícolas, de protección e de infraestruturas

Ao longo do período 2002-2011, a C.M.V.M.C. de Paraños gastou no monte (tanto en gasto de silvicultura como noutro tipo de gastos) un 55% do seu gasto total. Ese nivel de gasto supón que a C.M.V.M.C. de Paraños reinveste no monte un 59,83% dos ingresos totais e un 156,60% dos ingresos que proveñen dos aproveitamentos de madeira. Na táboa seguinte amplíase esa información.

GASTOS REALIZADOS NO MONTE AO LONGO DO PERÍODO 2002-2011				
	Inversións no monte	Outros gastos no monte	Bens de inversión no monte	Total
Gastos realizados no período	479.124,37	94.230,80	86.782,75	660.137,92
% s/ingresos por aproveitamentos de madeira	130,86	25,74	23,70	180,30
% s/ingresos totais	50,00	9,83	9,06	68,89

Os traballos desenvoltos neste últimos anos foron, principalmente, melloras silvícolas, repoboacións e traballos de mantemento e mellora de infraestruturas, cunha grande dedicación de recursos á prevención e defensa contra incendios forestais.

Tamén destacan a elaboración de documentos de xestión do monte (ordenación e valorización), así como obras de acondicionamento socio-recreativas no monte.

1.4.1.4. Análise da man de obra empregada e maquinaria

Man de obra empregada

En relación á man de obra empregada, a C.M.V.M.C. de Paraños contou durante os catro primeiros anos do período 2002-2011 con man de obra contratada pola propia comunidade. Estas cuadrillas traballaban normalmente ao longo de todo o ano cun reforzo especial nas campañas anuais de incendios.

Nembargante os últimos anos as circunstancias económicas impediron a comunidade manter a este persoal, polo que dende o ano 2006 os traballos realizados no monte son subcontratados a empresas de servizos forestais.

Maquinaria

No que respecta a vehículos e maquinaria, a C.M.V.M.C. de Paraños conta co seguinte equipamento para o desenvolvemento dos traballos na unidade de xestión:

- 1 Vehículo todoterreo Land-Rover Santana
- 1 cisterna
- 1 cortacésped
- 1 aburadora
- 1 máquina podadora electrocup
- 1 podadora manual
- 3 motorozadoras e 3 motoserras
- Ferramentas manuais, equipos de protección individual, ...

1.4.1.5. Análise da fiscalidade

En relación á fiscalidade que afecta á actividade silvícola, a C.M.V.M.C. de Paraños tributa polo Imposto sobre Sociedades a raíz da inclusión das comunidades de montes dentro dese imposto a consecuencia da Lei 50/1998 que introduciu un novo artigo (135 bis –artigo 123 tras a modificación do texto da Lei-) polo que se aprobaba un réxime específico para as comunidades de montes veciñais en man común dentro do imposto sobre sociedades.

Este réxime, tras sufrir unha modificación no ano 2007 mediante a Lei 16/2007 do 4 de xullo, ten as seguintes características principais:

- Tipo impositivo do 25%
- Posibilidade de reducir a base imponible nas cantidades destinadas a gastos sociais ou investimentos dentro do propio monte ou na parroquia durante os catro anos seguintes a obtención do beneficio. Período que se podería ampliar no caso de que fose necesario.
- Non ten obriga de presentar declaración polo Imposto sobre Sociedades nun exercicio concreto no caso de non ter movementos económicos.

No que respecta ao Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), a comunidade de montes veciñais en man común de Paraños está acollida ao Réxime Especial da Agricultura, Gandería e Pesca.

1.4.2. Distancias a núcleos e principais centros de transformación

As poboacións onde se atopan os principais centros de transformación que poderían converterse en receptores da madeira producida na unidade de xestión, están relativamente próximas ao concello de Covelo (Vigo, Pontevedra, Santiago de Compostela e industrias receptoras de Portugal).

Na seguinte táboa se mostran os principais destinos que se lle pode dar a madeira producida na unidade de xestión:

POSIBLES DESTINOS PARA A MADEIRA PRODUCIDA NA UNIDADE DE XESTIÓN

Especie	Destino	Principais Receptores da madeira	
		Empresa	Distancia (QM)
Piñeiro	Industria de trituración	FINSA (Pontecesures)	103
		Europa&c Kraft Viana, S.A. (Viana do Castelo)	105
	Industria de serra	Serradoiros da zona	<25
Eucalipto	Industria de trituración	ENCE (Pontevedra)	73
		Europa&c Kraft Viana, S.A. (Viana do Castelo)	105
		Portucel Soporcel (Figuera da Foz)	300
		FINSA (Pontecesures)	103
Madeira grossa de Coníferas	Industria de serra	Serradoiros da zona	<25

No caso de produción de madeira grossa de coníferas, os centros de transformación máis adecuados serán os serradoiros que se atopan na comarca e comarcas limítrofes, especializados principalmente na madeira de piñeiro bravo.

1.4.3. Condicións da comarca e mercado de produtos forestais

1.4.3.1. Análise sucinto da situación social e económica da comarca

En primeiro lugar hai que destacar que dentro do contexto xeográfico de Galicia, as bisbarras do sur de Pontevedra se atopan entre as que teñen unha intensidade maior de superficie veciñal con respecto á superficie forestal e representan o 52% da superficie total de MVMC da provincia.

Tamén é notable o dinamismo das Xuntas Reitoras que dirixen estas comunidades manifestándose este dinamismo nunha actitude pioneira á hora de reivindicar a titularidade dos montes a favor dos veciños, no alto nivel de organización comunitario que se acada e na forte demanda de axudas económicas e doutra índole que dirixen cara ás Administracións Públicas. Froito da actitude das comunidades de montes da comarca dinámica xurdiu no ano 2005 a constitución da

Mancomunidade de comunidades de Montes A Paradanta, aínda que só composta por sete das 55 comunidades de montes da comarca, abarca un 19 % da superficie veciñal total.

A Paradanta é unha comarca no surleste da provincia de Pontevedra. Limita ó norte coa Comarca de Vigo, ó nordeste e ó leste coa provincia de Ourense, ó sur con Portugal por medio do río Miño e ó oeste coa Comarca do Condado. Está formada polos seguintes municipios: Arbo, A Cañiza, Covelo e Crecente. Abarca unha superficie total de 333,3Km² cunha densidade poboacional de 47,95hab/Km². Os datos de poboación dos municipios da comarca segundo a enquisa de poboación feita a finais de 2011 polo INE dan estes resultados:

Arbo	3.741
A Cañiza	6.461
Covelo	3.235
Crecente	2.533
	15.970

A principal actividade económica nesta comarca ten sido nestes últimos anos o sector servizos, seguido da actividade industrial e a construción, e por último a agricultura.

A superficie forestal ocupa un 88% da total da comarca, da que en torno a un 33% é propiedade de particulares e o resto de propiedade veciñal (máis de 19.000ha). Unha parte desta superficie está desarborada e ocupada por formacións de pasto arbustivo.

A actividade forestal de produción madeireira non ten sido relevante dentro da comarca en canto á xeración de emprego, aínda que si ten un efecto positivo a nivel económico, social e medioambiental e ten un potencial produtivo medio- alto.

Os principais aproveitamentos forestais de madeira na comarca é a madeira de *Pinus pinaster*, e en menor medida de *Pinus insignis* e *Pinus sylvestris*.

Outros aproveitamentos nestes montes son a gandería extensiva tradicional, explotacións agrícola-gandeiras, parques eólicos, e en menor medida caza, edificacións ou instalacións para usos diversos (industriais, sociais e deportivos, etc.),

1.4.3.2. Estudo de mercado dos produtos forestais

No que respecta á capacidade de produción de madeira na unidade de xestión, pódese considerar media-alta en liñas xerais. As condicións climáticas da estación son boas na meirande parte do monte.

A especie produtora de máis peso na zona é o *Pinus pinaster*.

Ante a detección en Galicia do nematodo da madeira de piñeiro *Bursaphelenchus xylophilus* (Resolución do 17 de novembro de 2010 da Dirección Xeral de Producción Agropecuaria da Xunta de Galicia; DOG nº. 228 do 26 de novembro) existe unha grande incerteza no mercado da madeira das especies forestais susceptibles desta doenza (principalmente coníferas de xénero *Pinus*). Por parte da Administración definíronse as directrices a seguir emitindo a Instrución de 22 de decembro de 2010 e o Decreto 10/2011, medidas que estableceron limitacións aos aproveitamentos de madeira de coníferas o que tivo unha clara repercusión negativa sobre o mercado de este tipo de madeira.


A **madeira de resinosas** con destino á industria de serra mantíña en Galicia un prezo máis ou menos estabilizado fronte a unha sensible tendencia a baixa noutras rexións e países do entorno.

No tocante a madeira de resinosas destinada á industria de trituración, taboleiros e pasta de papel, o prezo non deixou de diminuír nos últimos anos. Isto agudizouse coa actual situación de crise que no só afectou ao prezo senón tamén ao volume demandado pola industria.

Con vistas ao consumo futuro de madeiras, debe terse en conta o incremento que na demanda de madeira de coníferas de calidade, con usos para construción e vivenda, tense producido nos países máis avanzados e que é de esperar que se produza tamén en España unha vez se superen as dificultades actuais. Á vez, a

restrición á explotación de recursos forestais nos países tropicais, que ata o momento abastecían parte deste mercado, poden ser un importante factor de incidencia no incremento do consumo de madeira de resinosas de calidade nas nosas latitudes. Por todo isto, resulta recomendable orientar a produción para a obtención de madeira de piñeiro de calidade con destino a serra e desenrolo. Madeira ben conformada, con diámetros normais considerables e libre de nós, cando menos, nas dúas primeiras tronzas comerciais. É dicir, madeira con estabilidade dimensional, ausencia de nós, dimensións suficientes, lixeireza do material e versatilidade.

Isto débese compatibilizar cun bo estudo de rendibilidade que se deriva da realización das labores silvícolas necesarias para alcanzar estes obxectivos. De optar por esta orientación, obteríase nas cortas de mellora madeira de trituración e na corta final madeira de serra de calidade.



1.4.4. Condicións intrínsecas do monte

1.4.4.1. Camiños forestais

A rede de vías dispoñible no monte presenta unha lonxitude e distribución adecuada para a explotación forestal. En ocasións o seu estado de conservación non é tan satisfactorio debido á falta de cunetas e de pasos de auga, dando lugar coa choiva do inverno á formación de regueiros nos camiños con pendente.

Lonxitude e densidade de vías forestais

Lonxitude total de camiños (m.l.)	33.540
Densidade de camiños (m.l./ha)	121,95

Enténdese por camiños principais aquelas vías aptas para todo tipo de vehículos, incluso camiións articulados, e como camiños secundarios aquelas vías de trazado permanente e mantemento periódico aptas para vehículos xeralmente todoterreo.

A lonxitude da rede de vías forestais deste monte segundo a súa tipoloxía preséntase no seguinte cadro:

Tipo de pista	Lonxitude (Km)
Estradas asfaltadas	1,60
Camiños principais asfaltados	1,27
Camiños principais de terra	10,66
Pistas secundarias	20,01
Total:	33,54

A maior parte das infraestruturas do monte presenta un estado de conservación apto para o tránsito de vehículos todoterreo. Algunhas incluso poderían ser transitadas

por vehículos de grande tonelaxe, si ben estas zonas redúcense ás áreas de pendente máis reducida e que presentan un mellor acceso dende as estradas próximas ao monte.

1.4.4.2. Infraestruturas de defensa contra incendios forestais. Cargadeiros de madeira.

Neste monte existe unha boa rede de puntos de auga. En total son 6 puntos uniformemente distribuídos cunha capacidade aproximada de 50.000 litros cada un.

Destes 6 depósitos, só un deles foron construídos polo Servizo de Defensa Contra Incendios Forestais e o resto pola Comunidade de Montes.

As coordenadas destes puntos de auga son:

Depósito	Nome do paraxe	X	Y
1	O Francote - A Toxeira	551873	4672801
2	A Fonte Carballeda	551194	4671838
3	Regato da Fonte do Campo	550833	4671186
4	Fonte do Campo	551095	4671198
5	Regueiro da Balouta	552335	4671229
6	Fonte Vilariño	551964	4670510

A rede de pistas existente é máis que suficiente e aínda que algunhas precisan labores de mantemento, permiten acceder rapidamente ó monte á vez que poden frear o avance das lapas en caso de lume.

Non existen cargadeiros de madeira e/ou biomasa planificados no monte, pero sóense empregar para este fin, puntos concretos con sobre ancho nos camiños principais.

Desde fai moitos anos a Comunidade de Paraños viña colaborando coa Xunta de Galicia nas campañas anuais de defensa contra os incendios forestais, acolléndose cando é posible ó programa anual de axudas que convoca a Consellería do Medio Rural.

Á marxe disto establécense acordos de colaboración con outras comunidades de montes limítrofes establecendo grupos de vixilancia conxunta e incluso de intervención en caso de necesidade para os seus montes.



Visado E004624
08/06/2012

Conclusiones do Inventario

5. Capítulo V: Conclusión do Inventario	139
--	------------



Visado E004624
08/06/2012

5. CAPÍTULO V: CONCLUSIÓN DO INVENTARIO

Do inventario dedúcense as seguintes conclusións:

1. O monte A Peroxa, O Quinteiro e outros está conformado por varias unidades superficiais que suman 302,45 ha segundo as medicións da cartografía deste documento. A estrutura física ofrece unidades topográficas ben diferenciadas agrupadas en seis grandes parcelas (dúas delas de dimensións considerablemente maiores que o resto) que forman o corpo principal do monte, e outras parcelas que puidésemos chamar residuais, vestixios quizá dunha propiedade veciñal máis extensa, agora perdida.
2. Existen dúbidas respecto dos límites do monte nalgunhas demarcacións, aínda que as superficies afectadas non supón unha parte importante respecto ao total veciñal. Para a ordenación dos montes de Paraños adóptase a liña máis desfavorable ata que se deslinde con certa seguridade os puntos con dúbida.
3. A parcela máis extensa, A Peroxa, ocupa as ladeiras norte e occidental dunha pequena montaña ou monte, dende o alto coñecido como Seixos Albos a unha cota de 755 m ata as proximidades do río Xabriña. A exposición norte desta parcela favoreceu o desenvolvemento ao longo do tempo de solos máis profundos e con máis reserva de humidade. As pendentes son en xeral superiores ao 20%, aínda que non hai limitacións á mecanización dos traballos máis que nas zonas próximas ao mencionado río. No cume do monte aparecen numerosos afloramentos rochosos e a velocidade do vento dificulta a formación de pés arbóreos altos.
4. A segunda parcela en importancia, o monte do Quinteiro, está situada ao noroeste da parroquia. Ten unha exposición predominante ao suroeste, e é atravesada en varias ocasións pola estrada N-120. En canto á distribución das pendentes, varían moito dunha zona a outra, aínda que se pode apreciar unha maior proporción de

superficie con pendente inferior ao 30%. A calidade de estación é media, e diminúe nas zonas máis elevadas.

5. As demais parcelas principais son de pouca pendente e teñen exposicións variadas, e presentan tamén calidades diferentes, atopándose as mellores nas Medelas e Picoto. O resto das parcelas non teñen moita entidade forestal, con solos de moi distinta calidade e topografía.
6. As existencias de madeira por superficie forestal son de aproximadamente 150 m³/ha, o que indica unha capitalización aceptable do monte. No inventario anterior de 2002 eran 80 m³/ha, o cal supón un aumento considerable. O monte ten unha boa capacidade para a produción forestal, especialmente para o piñeiro.
7. O piñeiro bravo o do país, *Pinus pinaster*, preséntase como a especie mellor adaptada ás estacións de calidade media, ofrecendo magníficas rexeneracións naturais. É unha especie cunha madeira de boa aceptación comercial polos numerosos serradoiros existentes na zona. Non se observan danos por pragas ou enfermidades de gravidade, fóra da aparición puntual de ataques de fungos en corro, pero está aí o perigo de propagación do nematodo que suporía unha afección sería a xestión e economía do monte. Xa as prescricións legais por estar na zona demarcada supoñen na actualidade un trastorno grave aos aproveitamentos e a silvicultura.
8. O monte ten unha rede de camiños suficiente, aínda que pola súa anchura e elevadas precipitacións requiren de reparación de firmes e limpeza de canles con certa frecuencia.
9. A aplicación do modelo de ordenación anterior deu bo resultado e adáptase aos desexos da comunidade propietaria. Non obstante, se fan algúns arranxos na delimitación dos cantóns para simplificar e facilitar a xestión e comprensión da ordenación. Mantense un cuartel de produción de piñeiro que abarca a maior parte da superficie forestal e cinco cantóns especiais para fomento do uso social do monte e fomento da biodiversidade.

TÍTULO II: PLANIFICACIÓN

- 2.1. CAPÍTULO I: FUNDAMENTOS E FINS**
- 2.2. CAPÍTULO II: PLAN XERAL**
- 2.3. CAPÍTULO III: PLAN ESPECIAL**



Visado E004624
08/06/2012

Fundamentos e fins

2. TÍTULO II: PLANIFICACIÓN	141
2.1. Capítulo I: Fundamentos e Fins	141
2.1.1. Obxectivos da ordenación, especialmente cara ao Plan Forestal de Galicia	141
2.1.2. Prioridade e compatibilidades entre os aproveitamentos e servizos do monte	145
2.1.3. Principais limitacións da ordenación	147
2.1.4. Formación definitiva de cuarteis e seccións en relación cos obxectivos da ordenación	149



Visado E004624
08/06/2012

2. TÍTULO II: PLANIFICACIÓN

2.1. CAPÍTULO I: FUNDAMENTOS E FINS

2.1.1. Obxectivos da ordenación, especialmente cara ao Plan Forestal de Galicia

Os obxectivos xerais perseguidos pola ordenación de montes, e que marcan o punto de partida para orientar a planificación, son os seguintes:

- *Persistencia e estabilidade da masa.* Mediante a aplicación de técnicas de silvicultura e de protección axeitadas, débese garantir a renovación da masa por medio da correcta utilización do automatismo corta-rexeneración. Así mesmo, outras intervencións silvícolas como rozas, desmestas, rareos e, en xeral, cortas de mellora, deben garantir tamén a estabilidade do voo, cumprindo así os citados obxectivos de persistencia e estabilidade. Débese asegurar tamén a conservación do solo, evitando a súa degradación e esgotamento.
- *Rendemento sostido.* Coa consecución da ordenación do monte asegúrase a obtención sostida de produtos de natureza tanto económica como ecolóxica e social. A igualdade e periodicidade das superficies de corta que se obteñen co proxecto de ordenación, permite a estabilidade de poboacións animais (mamíferos e aves). Ademais, coa consecución do equilibrio de clases de idade garántese unha permanencia das paisaxes e das condicións de acollida para o lecer. A percepción sostida de rendas supón tamén unha constancia de tarefas e tratamentos silvícolas, o que leva consigo unha oferta sostida de traballo.

- *Máximo de utilidades ou uso múltiple do monte.* Trata de alcanzar o máximo rendemento de todas as utilidades que pode render o monte, o cal conseguírase plenamente coa consecución da ordenación do mesmo.

Os obxectivos programáticos do **Plan Forestal de Galicia**, que responden ao carácter fráxil da estrutura do monte, son:

- *Conservar e protexelos recursos naturais* de Galicia.
- *Mellorar a calidade de vida* dos galegos, propiciando formas de uso social e recreativo do monte.
- *Potenciar a economía* de Galicia, xa que o monte é produtor de materias primas renovables e indutor de procesos de transformación das mesmas.

Por outro lado, as metas operativas son:

- *Establecer un modelo de monte* cuxas funcións básicas en cada territorio teñan unha clara correspondencia coas condicións de estación e conteña no seu conxunto unha distribución equilibrada dos seus usos.
- *Incrementar a produción forestal* na medida que o permitan o modelo e a conservación dos recursos.
- *Capitalizar o monte* mediante a mellora da estrutura da propiedade e os investimentos que permitan dotalo das infraestruturas necesarias.
- *Mellorar os servizos* de xestión e protección do monte.

Tratarase de examinar para cada un dos usos do monte en que grao e con que intensidade son capaces de cumprir as condicións de persistencia e estabilidade, e cales son os condicionantes para chegar ao rendemento sostido cun máximo de

utilidades, ademais dos obxectivos perseguidos polo **Plan Forestal de Galicia**. Preténdense coñecer as restricións que o logro dos obxectivos xerais impón aos diferentes usos actuais e potenciais.

Para dar coherencia aos obxectivos concretos que terá a ordenación do monte, realizarase previamente unha análise dos usos actuais e potenciais do mesmo.

2.1.1.1. Descrición de usos actuais e potenciais do monte

Na actualidade os usos que levan a cabo nos montes de Paraños son os seguintes:

- Produción de madeira.
- Aproveitamento de leñas.
- Gandería extensiva.
- Uso cinxético.
- Uso social.

Dentro dos usos forestais, a **produción de madeira** é o que maior importancia ten. Máis de dúas terceiras partes da superficie dos montes de Paraños están poboadas con especies de crecemento medio-rápido, como son *Pinus pinaster*, *Pinus radiata* e *Eucalyptus globulus*. A madeira obtida no monte destínase fundamentalmente ao abastecemento dos serradoiros da zona. Polo tanto, o monte ten unha clara orientación cara a produción de madeira para serra, considerada uso prioritario.

Outro dos usos forestais que hai que ter en conta é o **aproveitamento de leñas**, actividade que hai décadas foi significativa entre os veciños e que na actualidade apenas se realiza, aínda que está contemplado no Estatuto Regulador do Monte Veciñal como un aproveitamento directo e gratuíto. Extráense ao redor de 5 a 10 tractores cargados con leñas cada ano.

O **uso gandeiro** redúcese hoxe en día ao libre pasto de gando equino, propiedade dos membros da comunidade e de persoas alleas, polo monte, atopándose grupos soltos sobre todo nas zonas da Peroxa e O Quinteiro. Este aproveitamento tamén se atopa recollido no Estatuto como directo e gratuíto para os veciños. O

aproveitamento de gando propiedade de persoas alleas á parroquia é fraudulento e non tolerado.

En canto ao **uso cinexético**, xa se mencionou no apartado referido ao estado legal a inclusión dos montes nun couto de caza menor. A importancia das distintas especies cinexéticas varía moito, sendo a de maior presenza o coello. A perdiz aparece de xeito ocasional, debido fundamentalmente á desaparición do seu hábitat natural polo abandono das terras de cultivo. A arcea é outra especie interesante, aínda que a súa presenza é tamén escasa. De cando en vez realízanse batidas para cazar o porco bravo, e antigamente tamén se facían para cazar raposo. O corzo estase a estender polas comarcas próximas e xa se empeza a ver nalgunha zona do monte.

No relativo ao **uso social**, a utilización do monte como lugar de lecer ten un interese crecente, coa cada vez maior demanda da sociedade por espazos ao aire libre. En determinadas épocas e zonas realízanse paseos polo interior das masas, sobre todo na época de recollida de cogomelos, polo que haberá que considerar posibles restricións nalgúns casos.

En este senso cabe salientar a creación recente do Parque Forestal da Fraga do Rei no monte das Medelas e a ruta de sendeirismo do Xabriña.

Como se apuntou no apartado de “usos e costumes veciñais”, os camiños do monte da Peroxa son transitados por varias romarías que se celebran o luns de Pentecostes e no mes de setembro, polo que nesas épocas a afluencia de xente é notable.

No monte do Picoto existe un xacemento arqueolóxico que limita a posibilidade de actuación libre aos seus arredores. Non obstante, tomando as medidas oportunas é posible realizar nel actividades forestais.

2.1.2. Prioridade e compatibilidades entre os aproveitamentos e servizos do monte

Anteriormente definíronse os principais usos actuais e potenciais do monte, aínda que resulta practicamente imposible optimizar e compatibilizar todos os usos en nunha mesma zona, o que obriga a priorizar entre eles e a delimitar zonas segundo usos prioritarios.

Ha de terse presente que, actualmente, a principal prioridade da xestión do monte é lograr a maior superficie arborada posible, o cal favorecerá, directa ou indirectamente, a outros usos como a produción de madeira, a protección de solos, a produción de cogomelos e réximes hídricos, etc.

A **produción de madeira** é, en xeral, o uso preferente no monte e todos os demais usos estarán subordinados a el. En determinadas zonas nas que se establecerán outras prioridades, a produción de madeira pasa a ser un uso secundario, aínda que nunca se descartará. O resto de usos pódense realizar de forma simultánea con ela, excepto nos casos de incompatibilidade que se sinalan no seguinte apartado, e que de forma resumida son:

- Problemas aos rexenerados ou repoboacións por pisoteo do gando equino que pasta libremente, tendo especial importancia a gandería extensiva de propiedade allea á comunidade do monte, que é fraudulenta e persegue obxectivos particulares que non poden ser permitidos.
- Problemas causados polos hábitos alimenticios ou conduta da fauna cinexética aos rexenerados ou repoboacións.
- Problemas orixinados pola realización de actividades no interior das masas se existe abundancia de rexenerado.

Outro problema non analizado do **uso cinexético** é que, en época de caza, os cazadores deberán extremar as precaucións e non se deberán realizar outras actividades deportivas ou de lecer que congreguen a un gran número de xente no monte.

Para rematar, con respecto ao **uso social**, deberanse extremar os coidados en zonas nas que se estean realizando operacións de corta, evitando que circulen por elas persoas alleas as mesmas. Doutra banda, a rede de camiños durante a época de aproveitamentos forestais adoita sufrir deterioracións ocasionados polo paso de maquinaria, polo que resulta difícil o tránsito para actividades recreativas.

Estes inconvenientes, que poderían impedir unha simultaneidade temporal de determinados usos, deberán ser avaliados antes da realización de actividades que poidan producilos. En xeral trátase de incompatibilidades que teñen doada solución, co que se prevé que se poida alcanzar a simultaneidade temporal de todos os usos presentes no monte.

Establécese unha listaxe de usos no monte, ordenados de maior a menor prioridade:

1. **Produción de madeira.** Considérase o uso preferente na maior parte da superficie do monte.
2. **Uso social.** A sociedade cada vez demanda con maior frecuencia lugares ao aire libre nos que realizar diferentes actividades. Por este motivo considérase que este uso do monte ten unha gran potencialidade debido á proximidade de grandes urbes como Vigo.
3. **Gandería extensiva veciñal.** Debería terse en conta como unha axuda para o control da biomasa vexetal e a consecuente diminución do risco de incendios forestais.
4. **Uso cinexético.** Este uso ten bastante arraigo tradicional e hai veciños que o demandan. Dentro do conxunto do TECOR, que abrangue varias parroquias, os montes de Paraños no son precisamente os de maior interese polo peso que ten a masa arborada de tipo produtivo.
5. **Aproveitamento de leñas.** Este uso está a emerxer pola crise de combustibles fósiles, se ben no monte veciñal son poucas as persoas que na actualidade dedícanse á recollida de leñas para consumo familiar, aínda que non se considera incompatible con ningún outro uso.

2.1.3. Principais limitacións da ordenación

Débense coñecer as posibles restricións que o logro dos obxectivos xerais da ordenación de montes (Persistencia e estabilidade, Rendemento sostido e Máximo de utilidades) pode impor aos diferentes usos actuais e potenciais do monte.

Produción de madeira. A *persistencia* da masa arbórea alcanzase, na medida que sexa posible, mediante a rexeneración natural. No caso de que non se lograse un alto grao de rexeneración por este procedemento, recorreríase á rexeneración artificial. A *estabilidade* da masa lograrase mediante medidas silvícolas axeitadas (desmestas, rareos, podas, etc.) e de protección (mantemento de camiños e devasas, tratamentos fitosanitarios, cortas de policía, etc.). O *rendemento sostido* nas masas de *Pinus pinaster* e as poucas presentes de *Pinus radiata* conseguírase unha vez concluída unha rolda de transformación nalgúns tranzóns, e dúas roldas noutros. Antes de que estes complétense, trátase de equilibrar a produción minimizando os sacrificios de cortabilidade. Nas masas de frondosas e outras masas máis orientadas ao uso social que se poidan implantar ou mellorar non ten sentido falar de rolda de transformación. Ao *máximo de utilidades* chegarase unha vez que estea ordenado o cuartel con función preferente de produción.

Uso social. A utilización do monte con fins recreativos non parece expor problemas para lograr a *persistencia e estabilidade* da masa arbórea. Unicamente no caso de realizar actividades no interior das masas deberanse extremar as precaucións, sobre todo en zonas con abundancia de rexenerado. En canto ao *rendemento sostido*, a práctica de actividades relacionadas con este uso non provocará unha diminución da renda derivada da produción de madeira, xa que non interfiren no seu aproveitamento. Por outro lado, existe un aumento da demanda por parte da sociedade de espazos de lecer para realizar este tipo de actividades, sendo moi difícil realizar unha cuantificación económica do rendemento que producen. O uso social do monte xunto cos demais usos contribuirá ao logro do seu aproveitamento múltiple. Coa ordenación lograranse maximizar todos os beneficios derivados destas actividades.

Gandería extensiva. O cumprimento do obxectivo de *persistencia e estabilidade* pode verse afectado polo pastoreo do gando equino, que aínda que é compatible con eucaliptos e piñeiros (xa que no come as plantas novas nin os brotes),

pode ocasionar danos mecánicos por pisoteo nos primeiros anos dos rexenerados ou as repoboacións. O segundo obxectivo, *rendemento sostido*, alcanzarase coa consecución da ordenación, debido a que as superficies en rexeneración serán as mesmas en todos os períodos. É importante destacar o importante papel que pode ter o gando, convenientemente elixido e adecuadamente manexado pola propiedade ou polo xestor do monte, na redución do combustible vexetal do sotobosque. O gando alleo á comunidade aproveitando pastos fraudulentamente persegue obxectivos contrarios a aos intereses da propiedade, é a orixe de moitos incendios e incide na inestabilidade e na descapitalización do monte. O *máximo de utilidades* conseguirase, como en todos os casos, unha vez ordenado o monte.

Uso cinexético. Pode afectar á *persistencia e estabilidade* debido a danos no rexenerado por especies como o corzo ou o coello. Nalgúns casos será necesario protexer mediante tubos ou peches determinadas especies forestais que resulten máis apetecibles para o corzo, en xeral frondosas. Nos rexenerados e repoboacións haberá que ter tamén moi en conta a posibilidade de danos por coellos. O *rendemento sostido* conseguirase coa ordenación da masa arborada, do mesmo xeito que o *máximo de utilidades*, xa que as superficies que periodicamente se corten e posteriormente rexenérense serán sempre dunha contía moi similar, o que permitirá a estabilización das poboacións animais. As especies de interese cinexético atoparán o seu alimento nas zonas de rexeneración e o seu abrigo nas masas novas máis densas. Tamén convén ter presente que as propiedades de particulares en enclavados ou montes próximos estean case todas abandonadas e aí poden dispoñer de refuxios.

Aproveitamento de leñas. A *persistencia e estabilidade* da masa non se verá ameazada por esta actividade no caso de que se siga realizando como actualmente, xa que a súa contía é moi pequena ou nula, de pés secos ou restos da silvicultura. O efecto sobre o rexenerado será á súa vez mínimo pola mesma causa. O *rendemento sostido* en leñas é moi difícil de alcanzar debido á dificultade da súa cuantificación e a irregularidade do seu aproveitamento. O obxectivo de *máximo de utilidades* alcanzarase unha vez que estean ordenados todos os cuarteis produtores. Nese momento lograrase o máximo rendemento en todos os usos do monte.

2.1.4. Formación definitiva de cuarteis e seccións en relación cos obxectivos da ordenación

A fin de cumprir a vontade da comunidade propietaria, e dados os recursos forestais e territoriais inventariados, a organización do monte pode realizarse a partir de:

- Un cuartel de produción, que ocuparía gran parte da superficie veciñal e estaría constituído polos montes da Peroxa (a maior parte), Picoto, e O Quinteiro. Estes montes correspóndense coas zonas máis afastadas dos núcleos de poboación e de menos tránsito.
- Un conxunto de 5 cantóns de uso social-medioambiental, nos montes de Parada e das Medelas, varias parcelas nas proximidades do río Xabriña, así como a parte máis elevada do monte da Peroxa.

Segundo este esquema, a composición do cuartel sería a seguinte (véxase plano nº 6: Planificación), ratificándose así a delimitación inicial de cuarteis realizada no Estado Forestal do Inventario:

O **Cuartel Único**, que sería o primeiro de función prioritaria produtiva, esténdese polos montes mencionados, separados dos núcleos de poboación e nas zonas sur, oeste e nordés da parroquia. Trátase de superficies con pendentes moi variadas, que alcanzan o seu valor máximo na Peroxa, en contraste coas do monte Picoto. Unha boa parte da superficie forestal é mecanizable. Nalgúns rodais das zonas máis elevadas incrementase o efecto do vento e a desecación do solo nas épocas máis secas. As formacións forestais actuais son basicamente piñeirais, de piñeiro bravo ou do país, aínda que hai tamén repoboacións recentes de piñeiro insigne e frondosas, masas de carballo americano e castiñeiro de nova idade e eucaliptais. Tamén hai matogueiras con rexeneración de piñeiro.

Os **Cantóns Especiais 3, 4, 16, 21 e 23**, que ocuparían os montes situados no norte e noroeste e o centro de Paraños, ademais das fincas indicadas nas ribeiras do río Xabriña e nos altos da Peroxa. En xeral, son os máis próximos aos núcleos de poboación e a vexetación é mais variada e con máis presenza de especies autóctonas.



Visado E004624
08/06/2012

Plan Xeral

2.2. Capítulo II: Plan Xeral	150
2.2.1. Decisións silvícolas	150
2.2.1.1. Adecuación da masa na súa composición, estrutura, forma fundamental da masa, rexeneración á estación, obxectivos de xestión e directrices superiores ..	150
2.2.1.2. Elección de tratamentos silvícolas (modelo de silvicultura)	152
2.2.2. Decisións dasocráticas	157
2.2.2.1. Elección do método de ordenación	157
2.2.2.2. Discusión de quendas, idades de madurez ou diámetros de cortabilidade	158
2.2.2.3. Organización no tempo das actuacións silvícolas	159
2.2.2.4. Organización no espazo das actuacións silvícolas	159
2.2.2.5. Análise de sensibilidade e análise de risco dos principais obxetivos e limitacións	164
2.2.2.6. Estudo comparativo do esquema de ordenación e organización do Plan Xeral fronte ao Plan Forestal de Galicia	165
2.2.3. Monte ordenado	165



Visado E004624
08/06/2012

2.2. CAPÍTULO II: PLAN XERAL

Neste apartado realizarase unha planificación indicativa a longo prazo, na que se propón o modelo teórico ou estrutura global do monte, tendo en conta os obxectivos asignados á mesma no capítulo anterior. Por esta razón comprende unha serie de toma de decisións entre alternativas silvícolas e dasocráticas.

2.2.1. Decisións silvícolas

2.2.1.1. Adecuación da masa na súa composición, estrutura, forma fundamental da masa, rexeneración á estación, obxectivos de xestión e directrices superiores

Elección de especie

Unha vez analizados os datos recollidos no inventario, os desexos da propiedade e considerando as esixencias ecolóxicas das especies, elixíronse estas da seguinte forma:

Cuartel Único. Este cuartel reúne boas condicións para a produción forestal por razón de altitude, posibilidades de mecanización e calidade de solo. *Pinus pinaster* demostrou a súa boa adaptación ás súas condicións estacionais, aínda que nas zonas cacuminais o seu desenrolo e calidade diminúen apreciablemente. Por este motivo mantense como especie principal; ademais está xa ben establecida na comarca e goza de boa acollida entre as empresas transformadoras. Se respectará a reintrodución espontánea de frondosas como o bidueiro e o carballo, que van desprazando ao piñeiro, ata un límite medio por tranzón do 20% da produción madeirable. Nas cortas de madeira se irán cortando total o parcialmente para asegurar a rexeneración da especie principal.

Cantóns Especiais 3, 4, 16, 21 e 23.

Neste grupo de cantóns o concepto de especie principal perde significado, xa que na actualidade presentan unha composición específica moi diferenciada.

Ademais, interesa alcanzar unha distinción en canto a distribución de idades e de diámetros. Nesta situación, o tratamento é pé a pé ou en bosquete e a elección de cada especie vai depender fundamentalmente da profundidade do solo en cada lugar e da protección que poida existir no momento de facer a plantación correspondente.

No **Cantón Especial 3** manterase como especie máis presente o *Quercus rubra*, que procede dunha repoboación efectuada no ano 1994, como iniciativa por parte da comunidade propietaria de aumentar as masas de frondosas existentes.

No **Cantón Especial 4** a masa principal actual está formada pola especie *Pinus pinaster*, aínda que pola presenza do parque forestal e das plantación escolares tratarase de diversificar o máximo posible. Pódense elixir, ben frondosas esixentes, como *Castanea sativa*, *Quercus robur*, *Acer pseudoplatanus* e *Tilia cordata* para os mellores solos, ben frondosas menos esixentes para o resto como os *Platanus* sp., ou resinosas como *Pseudotsuga menziesii*, *Chamaecyparis lawsoniana* ou *Sequoia gigantea*.

No **Cantón Especial 16**, situado nos altos do monte A Peroxa, mantense fóra da organización produtiva a que se verá sometido ao Cuartel Único debido á baixa calidade da estación e polo tanto pouca produtividade. Conservaranse as masas actuais de *Pinus pinaster* e só se favorecerá a rexeneración ou reforestación con certas restricións. A razón é por ser unha zona reservada para a diversidade e multiplicidade de usos forestais, restrinxirase a expansión do bosque sempre que sexa para mellorar as iniciativas de explotación silvopastorais, apícolas, etc., e reservarse espazos rasos onde hai afloramentos ou solos superficiais para favorecer a presenza de queirogais ou carrascos, reptís, especies de caza e as vistas panorámicas. Cabe ademais a posibilidade de instalación de aeroxeneradores na expansión dos parques eólicos.

O **Cantón Especial 21**, de composición específica diversa, intentarase que evolucione cara a quercineas ou outras caducifolias e bosques galería nos cursos de auga, tratando de levar unha silvicultura axeitada para a obtención de madeira de calidade. Tamén a utilización de coníferas (principalmente *Pinus pinaster*) servirá para acelerar a evolución cara a aquelas.

O **Cantón Especial 23**, ten usos e especies forestais de diversa índole. Tratarase de manter a diversificación e de propoñer cambios orientados a potenciar principalmente o seu uso social. A(s) especie(s) elixiranse para cada rodal de maneira que mellore o seu uso social e integración nos núcleos rurais máis próximos.

Elección da forma fundamental de masa ou método de beneficio

A elección do método de beneficio ou forma fundamental de masa ven condicionada pola capacidade de rebrote da especie principal utilizada, as posibilidades de mecanización do terreo, os produtos que demanda o mercado e os desexos da propiedade.

No **Cuartel Único** a forma fundamental de masa ou método de beneficio será o **monte alto**, se ben a elección futura nos **Cantóns Especiais** de algunha especie que brote de cepa ou raíz permitiría como forma fundamental de masa o **monte baixo**.

2.2.1.2. Elección de tratamentos silvícolas (modelo de silvicultura)

Cuartel Único. Tendo en conta o temperamento do *Pinus pinaster* de carácter marcadamente heliófilo, a rexeneración podería ser natural ou artificial, pero sempre a plena luz. Obsérvase boa rexeneración natural tras os incendios habidos nos últimos anos e tamén en zonas claras. É de esperar polo tanto que as cortas a feito provoquen tamén unha boa rexeneración natural se non ben unha proliferación excesiva e densa de silvas ou fentos; en todo caso debe pensarse en axudar á rexeneración con labores mecánicas cando o solo o permita. A produción é o obxectivo principal do cuartel, polo que convén realizar cortas de suficiente cabida e do maior volume por hectárea que faciliten a extracción. Pola mesma razón económica convén colleitar produtos homoxéneos, como os que reclama a industria. En consecuencia, considérase que o tratamento silvícola a aplicar será o de **cortas a feito** nunha soa operación.

Debido á especie principal considerada no cuartel faise necesaria a aplicación de cortas de mellora. Ditos aproveitamentos consistirán na realización de rareos (cortas de mellora nas que se obtén madeira con valor comercial) que seguirán as pautas descritas a continuación.

En xeral realizaranse alúmenos dúas claras. A idade da primeira atrasarase o máximo posible, co fin de extraer produtos de dimensións axeitadas para a súa comercialización.

Ámbolos dous rareos serán mixtos, nos que se extraen tanto pés dominantes e codominantes coma outros pertencentes a clases sociolóxicas inferiores, de modo que a relación entre o volume medio da árbore extraída e o volume medio da árbore da masa total (V_e/V) oscile entre 0,6 e 0,9. Con relación ao peso ou intensidade dos rareos, extraeranse en todas elas entre unha cuarta e unha terceira parte dos pés existentes. Con este tipo de rareos conséguese unha redución da competencia entre os pés da masa, así como unha maior calidade dos produtos obtidos.

A selección dos pés débese corresponder co tipo de rareo que se considerou, pero calquera que sexa o estrato ao que pertence o pe existen unhas condicións que apoian a súa selección como árbore a extraer: árbores atacadas por pragas, árbores enfermas, árbores mortas ou moribundas por exceso de competencia, árbores con danos de orixe abiótica (polas partidas, derribes ou semiderrubamentos polo vento, feridas no tronco, afectados por raios, danos provocados por xeadas ou sarabia), pés que non presentando danos teñen un porte ou vigor que non interesa para a produción que se espera obter no futuro, presenza de gallas e deformacións, inclinación da árbore respecto da vertical, sinuosidade do tronco, cuadratura ou falla de cilindreza do tronco, falla de regularidade ou de desenrolo da copa, elevada ramosidade, etc.

As cortas extraordinarias serán as non previstas no Plan de Cortas, que corresponden ás baixas producidas por danos catastróficos, necesidades perentorias da propiedade, etc. Debido precisamente ao seu carácter de imprevistas resulta imposible incluír este tipo de cortas na planificación, polo que deberán considerarse á hora de sinalar a posibilidade nos plans anuais.

As cortas extraordinarias tamén veñen dadas polo erro inherente a todo inventario por mostraxe, pois é inviable a localización pé a pé de todas as árbores e especies presentes no monte. Este tipo de cortas escápanse ao detalle de planificación dun proxecto de ordenación, e deberán ir avaliándose coa xestión diaria das masas forestais. Por este motivo debe existir certa flexibilidade e permisividade na localización e corta de determinados pés illados ou agrupados en pequenos bosquetes,

que se pretendan cortar por considerarse especies que non cumpren cos obxectivos fixados para un determinado cuartel.

Nos rodais xuvenís procedentes de rexeneración natural deberá procederse pronto as desmestas (*clareos* en castelán), consistentes en cortas nas que se extraen os pés da masa principal que non teñen valor comercial como madeira.

De recorrer á rexeneración artificial por plantación tanto en zonas de corta como en zonas anteriormente rasas, ademais de utilizares semente xenéticamente superior, aplicaranse as técnicas modernas que inclúen preparación mecánica (principalmente subsolado lineal), roza (un ou dous ata que as plantas dominen o mato) e abonado, se convén segundo o terreo, para impulsar un bo desenrolo dende as primeiras idades. No caso de que nos catro primeiros anos posteriores á plantación se observen plantas mortas sería conveniente realizar unha reposición de marras.

As operacións de poda fanse necesarias tendo en conta a especie principal elixida para este cuartel, pois de elas depende en gran medida a calidade da madeira que se obterá no aproveitamento final. O principal obxectivo das podas é conseguir a maior cantidade de madeira libre de nos, xa que os toros podados son de mellor calidade e acadan prezos moito máis altos. Ademais, as podas tamén constitúen unha eficaz labor de prevención contra incendios, xa que rompen a continuidade entre as polas das árbores e o mato. Asemade, facilitan a penetración dos equipos de extinción, así como as labores de roza e restantes coidados silvícolas, incluso o uso social. Por outra banda, as podas producen un efecto favorable de aireación basal das árbores, o que limita o desenrolo de fungos que provocan enfermidades como a banda vermella.

Nas masas de piñeiro realizaranse varias intervencións de poda ata alcanzar os 5,5 m de fuste limpo, co criterio de que cantas máis sexan as intervencións o resultado na calidade da madeira é mellor, porque os nós son mais pequenos e porque aumenta a velocidade de peche da ferida, pero tendo presente que cantas máis sexan as intervencións aumenta o custo. O modelo plantexase cun número de catro. No Plan Especial, no apartado de prezos xa se describe en que consiste cada operación e en que estado se fai a intervención.

É totalmente desaconsellable a poda excesiva que deixa poucos verticilos de polas na parte superior do tronco (nunca debe alcanzarse o verticilo de polas máis longas en cada poda), xa que a perda de masa foliar provocaría unha redución do crecemento e dificultaría o peche da ferida.

As polas procedentes da poda deben ser eliminadas, ordenadas ou aproveitadas como combustible, co conseguente encarecemento da intervención. Inicialmente só se contemplan as dúas primeiras operacións pola normativa preventiva de control da praga do nematodo.

A época máis recomendable para realizar a poda é o final da primavera ou principio do verán, a ser posible, en época sen choiva.

Por último, con relación ao apeo das árbores nas cortas de rexeneración e de mellora, realizarase manualmente con motoserra, con altura de corte de 15 a 18 cm do solo. O desrame e torado en monte realizarase manualmente ou con cabezal procesador. O desembosque levarase a cabo con tractor agrícola ou autocargador.

Convén eliminar os restos de corta, pólas e rabeiros, tanto para permitir os traballos de preparación como para evitar problemas sanitarios. Nas zonas en que a pendente e as condicións do terreo o permitan, a forma de eliminación deste material leñoso será mediante máquina desbrozadora (coas medidas contra o nematodo teñen que ser de martelos) aplicada ao tractor. Deste xeito contribúese á fertilización do monte e redúcese o estres hídrico nas épocas secas (menor evaporación do solo), ademais de impedires a aparición de malas herbas causantes da competencia sobre as plantas. Nun futuro próximo, coa instalación de plantas de aproveitamento de biomasa para fins enerxéticos, de residuo pasará a ser un produto, e dependendo dos custes de extracción e da política enerxética do intre pode chegar incluso a cubrires os gastos da súa eliminación.

Cantóns especiais.

No **Cantón 3** a especie fundamental que vexeta nel ten un temperamento heliófilo. O obxectivo principal da plantación realizada é o aumento da superficie de frondosas no monte veciñal, á vez que a obtención de madeira de boa calidade a

medio ou longo prazo. A masa tratarase en función da súa evolución futura, ben mediante unha corta a feito e plantación da mesma ou outras especies, ben mediante cortas sucesivas que permitan a instalación de novas especies ao abrigo da actual.

Realizaranse rareos, cuxo obxectivo será a selección positiva da masa, favorecendo aqueles pés que posúan unhas mellores características de forma e vigor.

No **Cantón 4** realizaranse tratamentos pé a pé. Para facer a transformación da masa actual monoespecífica e regular as masas mesturadas máis irregulares, procederase a realizar cortas por bosquetes de superficie non superior ao cuarto de hectárea (para diminuír o impacto visual das cortas) e a plantar as especies que se elixan para cada ubicación.

No **Cantón 16** realizaranse os tratamentos propios dun piñeiral, practicando unha silvicultura económica e procurando non excederse na intensidade dos rareos para evitar derrubamentos por vento, pois se trata dunha zona moi exposta a este axente meteorolóxico, e favorecer o aproveitamento micolóxico.

Nos **cantóns 21 e 23** manterase a masa que compón a vexetación ripícola no seu estado actual. No resto da superficie, intentarase conseguir unha evolución cara á vexetación máis estable e de quedas máis longas, mediante accións encamiñadas a favorecer o desenrolo de frondosas caducifolias e algunha que outra conífera. Unha primeira etapa para conseguilo en zonas nas que se efectuaron recentemente cortas de *Pinus pinaster*, pode ser o manter nos rexenerados naturais unha mestura de piñeiro e frondosas, xeralmente *carballo*. A presenza lateral do piñeiro en densidades moderadas favorece a forma do carballo, que desenvolve fustes máis rectos e busca a luz sen ramificarse. Os tratamentos a aplicar serían os de eliminación da matogueira mediante rozas e o mantemento de densidades adecuadas mediante desmestas e rareos, coidando de que as copas dos piñeiros exerzan unha competencia tan só lateral. Estas mesturas ofrecen boas posibilidades silvícolas de restauración de carballeiras de calidade a longo prazo. Non obstante, en zonas nas que existan pés de *Pinus pinaster* de grandes dimensións estes deben eliminarse por entrecolla ou a feito, aproveitando á súa vez para eliminar tamén aqueloutros pés de piñeiro dominados ou con malformacións e que no cumpren co labor que lles foi asignado de favorecer a boa formación dos carballos.

Este xeito de proceder asegura dúas cousas: en primeiro lugar, a extracción dos pés que exercen unha competencia excesiva cos carballos e bidueiros por ser claramente dominantes; en segundo lugar, a eliminación de pés dominados ou con malformacións que non cumpren co obxectivo do piñeiro neste cantón, o que evitará que pés que nun futuro proporcionarán produtos de escaso valor económico compitan coa vexetación que se quere potenciar.

2.2.2. Decisións dasocráticas

2.2.2.1. Elección do método de ordenación

Cuartel Único. De acordo coas ideas expostas no punto anterior, o método de ordenación elixido para este cuartel no proxecto de ordenación inicial é o de **división por cabida**. Obsérvase que este cuartel cumpre as condicións para a aplicación deste método de ordenación, que son:

1. O obxectivo prioritario é a produción de madeira.
2. Son viables e recomendables as cortas a feito como método de rexeneración. Este tipo de cortas constitúe un dos métodos máis apropiados para a explotación forestal de *Pinus pinaster* debido ao seu temperamento robusto. Os riscos de erosión do monte pola práctica deste tipo de cortas son baixos e as restricións de tipo paisaxístico veranse rapidamente superadas.
3. A rexeneración inmediata despois da corta está asegurada, xa que a rexeneración natural é abundante e no caso de que fallase poderíase recorrer á rexeneración artificial por plantación.
4. O clima é suave e non sofre grandes fluctuacións estacionais, co que a rexeneración non precisa de ningunha cuberta protectora.
5. A quenda aplicada a este cuartel é relativamente curta, co que se evita unha excesiva división regulada do cuartel.

Cantóns especiais 3, 4, 16, 21 e 23. Non ten sentido falar dun método de ordenación específico nestes cantóns, posto que teñen unha diversidade de usos e especies que fai difícil unificar os criterios de xestión nun único cuartel. O seu uso prioritario esixe un seguimento e planificación a curto prazo. Por iso, unha vez que as masas alcancen a quenda ou a idade de madurez procederase a realizar as oportunas cortas de rexeneración.

2.2.2.2. Discusión de quendas, idades de madurez ou diámetros de cortabilidade

Cuartel Único. Mantendo a decisión do proxecto de ordenación inicial, hai que esperar no monte ordenado e capitalizado un crecemento medio en torno a 10 m³/ha e ano para unha quenda de **36 anos**. Con cortas intermedias ben graduadas e unha mellora notable da calidade xenética das masas, sexa por utilizar no futuro plantóns de gran calidade, sexa por unha forte e oportuna selección dos diseminados naturais, cabe esperar a obtención de madeira de gran calidade tecnolóxica se se practica unha boa silvicultura. Nestas condicións deberá perseguirse para este cuartel cortas finais próximas aos 300 m³/ha e pés medios próximos a 1 m³. Con estas dimensións as árbores serán aptas para os destinos de serra e os máis destacados para o desenrolo, polo menos as mellores trozas, que son as que proporcionan un maior valor ao propietario.

Cantóns especiais 3, 4, 16, 21 e 23. Non cabe pensar en establecer unha quenda para os tratamentos, debido á variación específica que terá. Ademais, xa que un dos usos prioritarios destes cantóns é o fomento da biodiversidade, o criterio de cortabilidade que determinará o momento de rexenerar as distintas masas será o silvícola. Con iso buscase a optimización das utilidades non produtivas (beneficios indirectos), que se alcanzará coa presenza continuada e vigorosa da masa forestal. Con esta medida lograrase aumentar o número de clases de idade e consecuentemente a diversidade de estruturas verticais. O uso social tamén vense beneficiado deixando ás especies máis lonxevas ata a súa vellez.

2.2.2.3. Organización no tempo das actuacións silvícolas

Unha vez elixido o método de ordenación e determinada a quenda, a idade de madurez ou o diámetro de cortabilidade, neste apartado establécense os principios en que se baseará a organización temporal da silvicultura.

Cuartel Único. No proxecto de ordenación anterior elixiuse unha intermitencia de cortas de 4 anos, pero a efectos de lograr unha maior regularidade dos ingresos agora propónse reducila a unha intermitencia de 2 anos. Tampouco se observou que duplicar a superficie de corta supuxera unha mellora sensible do prezo en pé da madeira. O **período de 2 anos** é unha cifra submúltipla da quenda elixida, 36 anos, o que proporciona unha vantaxe de orde práctica na realización do método de ordenación adoptado, e permitirá, unha vez que o voo se regule, proceder a cortas de rexeneración con volumes por tranzón de suficiente entidade para realizar a extracción en boas condicións económicas. No anexo nº 3 de táboas de produción para o monte ordenado ven unhas curvas de crecemento coas previsión de evolución de existencias do piñeiro por ha, contemplando un réxime de rareos pensado na produción de madeira de serra.

Con respecto aos tratamentos silvícolas, no anexo nº 4 de esquemas silvícolas indícase as principais operacións a realizar unicamente á especie principal do monte, *Pinus pinaster* durante un ciclo completo produtivo. Tamén se indican algunhas diferenzas do modelo de silvicultura en función do sistema de rexeneración da masa forestal. No apartado de prezos do Plan Especial faise unha descrición máis detallada do traballo proposto.

2.2.2.4. Organización no espazo das actuacións silvícolas

Neste apartado realízase a organización espacial da silvicultura dentro de cada cuartel, é dicir, fórmanse as unidades silvícolas de corta.

División dasocrática

Cuartel Único. Para aplicar o método de ordenación elixido de **división por cabida**, sendo a quenda de 36 anos e a intermitencia de cortas de 2 anos, o número de tranzóns necesario será: $36 / 2 = 18$.

A superficie de equilibrio dos tranzóns obtense entón como:

Superficie forestal do cuartel / nº de tranzóns: $230 / 18 \approx 12,7$ ha de superficie media de tranzón.

Composición e asignación de tranzóns

Cuartel Único. Todos os tranzóns conformáronse a partires dun único cantón, procurando, sempre que sexa posible, que tranzóns consecutivos no tempo non teñan cantóns contiguos no espazo.

Para a asignación de tranzóns a cada período conxúganse existencias por hectárea arborada, idade media do tranzón, estratos que entran en cada tranzón, estado fitosanitario, silvicultura realizada e superficie rasa. Ponderando cada un destes factores e sumando, pódese obter un criterio ecléctico. Baseándose nel, a asignación de cada tranzón ao período respectivo pode verse no cadro nº 2.2.1 e a representación gráfica no plano nº 6 de planificación.

Cantóns especiais 3, 4, 16, 21 e 23. Dada a función principal do cuartel e o tratamento establecido, mantense exclusivamente a división inventarial como sistema de identificación. Este cuartel non está suxeito a unha programación específica a longo prazo nin se establece nel unha vinculación ou rotación entre os cantóns que o compoñen. Polo tanto, non ten sentido falar de división dasocrática nin de articulación no tempo, xa que cada rodal se xestionará de forma individual segundo os requirimentos silvícolas que precise e as funcións que desempeña.

A 1ª rolda transitoria de transformación

Para chegar dende o estado actual do monte ata o do modelo deseñado no Plan Xeral precisase un prazo de tempo que depende do grao de semellanza existente entre un e outro. Esta condición está determinada pola estrutura actual do voo e pola idade

media de cada un dos tranzóns do cuartel. A estrutura actual confórmase polo número de estratos que entran en cada tranzón, pola propia estrutura de cada estrato e pola superficie que ocupan.

Cadro nº 2.2.1: PROGRAMA DE CORTAS CUARTEL ÚNICO

Bienio	Ano inicial	Ano final	Tranzón	Cantón	Superf. ha	Ano de corta
1	2011	2012	Tr-I	11	11,49	2012
2	2013	2014	Tr-II	17	16,07	2013
3	2015	2016	Tr-III	22	10,61	2015
4	2017	2018	Tr-IV	14	13,79	2017
5	2019	2020	Tr-Vn	18	17,50	2019
6	2021	2022	Tr-VI	19	13,30	2021
7	2023	2024	Tr-VII	7	10,13	2023
8	2025	2026	Tr-VIII	13	13,39	2025
9	2027	2028	Tr-IX	9	10,55	2027
10	2029	2030	Tr-X	12	14,91	2029
11	2031	2032	Tr-XI	6	11,26	2031
12	2033	2034	Tr-XII	15	18,70	2033
13	2035	2036	Tr-XIII	10	12,81	2035
14	2037	2038	Tr-XIV	20	15,27	2037
15	2039	2040	Tr-XV	2	7,76	2039
16	2041	2042	Tr-XVI	5	10,59	2041
17	2043	2044	Tr-XVII	8	12,34	2043
18	2045	2046	Tr-XVIII	1	10,01	2045

Cuartel Único. De seguido presentase o programa de cortas de madeira durante a quenda de transformación para lograr ordenar o monte, facendo referencia aos distintos rodais en sazón (identifícanse polo número de cantón ao que pertencen seguido da letra do rodal). Convén ter en conta o primeiro bienio de cortas inclúe o ano 2011, coas actuacións que quedaran pendentes do proxecto anterior

No primeiro bienio (2011-2012) córtanse a feito a masa de fustal do tranzón Tr-I (9,72 ha dos rodais 11a, 11b, 11c, 11d e 11e) en toda a súa extensión e rexenérase con piñeiro do país. O rodal 11f non se corta por ser masas de piñeiro do país novas de 12 anos. Córtanse tamén a feito as masas de eucalipto en bosquetes do tranzón Tr-IX (0,28 ha do rodal 9b), do tranzón Tr-XIII (0,29 ha do rodal 10c) e do tranzón Tr-XVIII (0,18 ha do rodal 1g) en toda a súa extensión e rexenéranse con piñeiro do país. Tamén se inclúe unha entrecolla dunha rodeira pequena con mestura

de piñeiro e bidueiro do cantón 14 e unha corta parcial de piñeiro do país no rodal 15b para liberar o piñeiro de Oregón (*Pseudotsuga*) fundido debaixo do anterior

No segundo bienio (2013-2014) córtase a feito a masa de fustal medio de 33 anos do tranzón Tr-II (15,67 ha do rodal 17a) en toda a súa extensión e rexenérase con piñeiro do país.

No terceiro bienio (2015-2016) córtase a feito a masa do tranzón Tr-III (6,44 ha do rodal 22a de 35 anos) en toda a súa extensión e rexenérase con piñeiro do país. Os rodaís 22b e 22d non se cortan por ser masas de piñeiro do país de 5 anos.

No cuarto bienio (2017-2018) córtase a feito y rexenérase o tranzón Tr-IV (Cantón 14) en toda a súa extensión, 13,79 ha de 34 anos, quedando xa regularizado, é dicir, toda a masa coa mesma idade e a que lle corresponde polo orden de rotación de cortas.

No quinto bienio (2019-2020) córtase a feito e rexenérase o tranzón Tr-V (Cantón 18) en toda a súa extensión, 17,5 ha de 39 anos, quedando regularizado.

No sexto bienio (2021-2022) córtase enteiro o tranzón Tr-VI (Cantón 19) de 13,3 ha con masas de 24 e 41 anos e rexenérase con piñeiro do país. Tranzón regularizado.

Ata aquí describíronse as cortas finais previstas no Plan Especial 2012-2021. As seguintes xa formarán parte do plan de futuras revisións.

No sétimo bienio (2023-2024) córtase a feito a masa de fustal do tranzón Tr-VII (8,48 ha do rodal 7a de 33 anos) en toda a súa extensión e rexenérase con piñeiro do país. O rodal 7b non se corta por ser unha masa de frondosa de 13 anos.

No oitavo bienio (2025-2026) córtase tamén a feito o tranzón Tr-VIII completo, o cantón 13 de 13,39 ha de piñeiro entre os 38 e 45 anos que rexenérase con posterioridade con piñeiro do país. Tranzón regularizado.

No noveno bienio (2027-2028) córtase a feito a masa de fustal do tranzón tr-IX (de 10,27 ha do rodal 9a de 37 anos) e rexenérase con piñeiro do país.

No décimo bienio (2029-2030) córtase a feito e rexenérase o tranzón Tr-X (Cantón 12) completo, 14,91 ha dunha idade de entre 22 e 29 anos, quedando regularizado.

No onceavo bienio (2031-2032) córtase a feito a masa de 39-41 anos de piñeiro completa e parcialmente a de carballo americano (*Quercus rubra*) do tranzón Tr-XI (de 10,63 ha dos rodais 6a e 6b) e rexenérase con piñeiro do país. Tranzón regularizado.

No doceavo bienio (2033-2034) córtanse a feito e rexenéranse os rodais de piñeiro do país a, b, y d do tranzón Tr-XII. Correspondese con 15,6 ha cunha idade entre 39 e 53 anos situadas no cantón 15.

No treceavo bienio (2035-2036) córtase a feito a masa completa do tranzón Tr-XIII, 12,81 ha cunha idade entre 23 e 35 anos e rexenérase con piñeiro do país. Tranzón regularizado

No catorceavo bienio (2037-2038) córtase a feito e rexenérase o tranzón Tr-XIV (Cantón 20) en toda a súa extensión, 15,27 ha de masa forestal mixta con idade entre 40 e 57 anos, quedando regularizado.

No quinzeavo bienio (2039-2040) córtase a feito e rexenérase o tranzón Tr-XV (Cantón 2) en toda a súa extensión, 7,40 ha de piñeiro entre 28 e 45 anos, quedando regularizado.

No dezaseisavo bienio (2041-2042) córtase a feito e rexenérase o tranzón Tr-XVI (Cantón 5) en toda a súa extensión arborada, 8,58 ha de piñeiro do país e insigne entre 41 e 49 anos, quedando regularizado despois da súa rexeneración.

No dezaseteavo bienio (2043-2044) córtase a feito e rexenérase o tranzón Tr-XVII (Cantón 8) en toda a súa extensión arborada, 7,92 ha de piñeiro do país e insigne de 43 anos, quedando regularizado despois da súa rexeneración.

No dezaoitavo bienio (2045-2046) córtase a feito e rexenérase o tranzón Tr-XVIII (Cantón 1) en toda a súa extensión arborada, 7,92 ha de piñeiro do país e insigne de 43 anos, quedando regularizado despois da súa rexeneración.

Tras estes 18 bienios ou 36 anos (2012-2046) conclúe a primeira rotación, deixando o cuartel case ordenado, con pequenas diferenzas de especie ou dos anos, considerando que só se precisa dunha rolda de transformación para acadar o obxectivo de monte ordenado.

Ao concluír esta primeira rolda terase conseguido a ordenación do Cuartel Único, alcanzándose o monte normal. A partir deste momento as cortas se efectuaranse en cada tranzón á idade aproximada de 36 anos, obténdose unha renda constante en volume de madeira cada dous anos. A **quenda total de transformación** resulta entón de **36 anos**.

Non obstante, ata chegar a esa situación, o monte vai pasar por etapas distintas, non repetibles. Durante este tempo, o monte é progresivamente capitalizado e as cortas finais alcanzando un certo nivel de equilibrio e semellanza co monte ordenado.

Cantóns especiais 3, 4, 16, 21 e 23. A transformación deste grupo de cantóns do seu estado actual a unha masa pluriespecífica e irregular non require un esquema ríxido de actuación. En cambio, si procede realizar un programa específico ou proxecto de transformación suficientemente detallado para que as actuacións respondan a un modelo debidamente debatido e aceptado por toda a comunidade, xa que estes traballos supón investimentos elevados por unidade de superficie. O período de execución dependerá basicamente da contía que a propiedade decida destinar periodicamente ao efecto.

2.2.2.5. Análise de sensibilidade e análise de risco dos principais obxectivos e limitacións

O principal factor que supón risco potencial para a consecución da ordenación dos montes de Paraños é o lume e o risco de aparición do nematodo. En menor medida a incidencia doutras pragas e enfermidades, se ben estas foron escasas ata a

data e non se espera que revertan maior gravidade nun futuro debido á boa adaptación que presenta *Pinus pinaster* á estación.

De todas maneiras, non se pode predicir a priori a evolución destes factores, pero si poden ser sometidos a un seguimento e control que permitan unha rápida reacción no caso de que cambiase a situación.

2.2.2.6. Estudo comparativo do esquema de ordenación e organización do Plan Xeral fronte ao Plan Forestal de Galicia

Unha vez realizada a planificación a longo prazo na que se propón o modelo teórico ou estrutura global para o monte, compárase como o esquema de ordenación proposto responde aos obxectivos xerais de plans superiores.

Cadro nº 2.2.2: Comparación do esquema de ordenación proposto coa organización de plans superiores

Obxectivos de Plans Superiores		Esquema de ordenación proposto
Persistencia da masa	√	Axeitada utilización do automatismo corta - rexeneración
Estabilidade do voo	√	Intervencións silvícolas como rozas e cortas de mellora
Rendemento sostido	√	Igualdade e periodicidade de superficies de corta
Máximo de utilidades	√	Produción de madeira e fomento de diversidade biolóxica
Conservar recursos naturais	√	Multiplicidade de especies baixo as masas arboradas
Mellora de calidade de vida	√	Xeración de postos de traballo no sector forestal
Potenciar a economía	√	Produción de madeira e indución de procesos de transformación da mesma

2.2.3. Monte ordenado

Transcorrida a rolda de transformación o monte quedará ordenado. Isto equivale a que dentro do cuartel de produción cada tranzón terá unha masa coetánea de piñeiro bravo ou do país (*Pinus pinaster*), cunha pequena parte de frondosas espontáneas presentes como pés ou rodeiras illadas ou como masa secundaria debaixo do piñeiro sen exceder dun 20% da cobertura arbórea ou das existencias. A idade sería a axeitada para o programa de cortas e ao seu destino e coa espesura que corresponde á calidade do tranzón e á súa idade natural. Dise que unha masa está

normalizada cando as súas características dasométricas correspóndense coa súa idade actual, co seu destino e coa calidade de estación.

Para avaliar as características dasométricas do monte ordenado, a produtividade do cuartel suporase as que existirían ao iniciarse o bienio.

Unha comparación resumida entre o estado do monte no momento actual e unha vez transcorrido a quenda transitoria recóllese no cadro nº 2.2.3.

Cadro nº 2.2.3: COMPARACIÓN ENTRE O MONTE ORDENADO E O MONTE ACTUAL.

O monte ordenado (de 2046 en adiante)					
Cuartel	Especie principal	Quenda definitiva	Superf. forestal (ha)	Existencias medias do monte ordenado (m ³ c.c.)	Posibilidade anual ¹ media en monte ordenado (m ³ c.c.)
A	<i>P. pinaster</i>	36	230,48	34.572	1.936
CEs	Varias	--	71,97	14.394	144
TOTAL:			83,6	48.966	2.080
O monte actual (datos inventario 2011)					
Cuartel	Especie principal	% especie principal	Superf. forestal (ha)	Existencias actuais (m ³ c.c.)	Crecedemento anual actual (m ³)
A	<i>P. pinaster</i>	94,2%	230,48	37.137,9	2.339
CEs	Varias	--	71,97	8.344,4	526
TOTAL			302,45	45.482,3	2.865

¹: Para o cálculo utilízase unha media ponderada 8,4 m³/ha/ano tendo en conta unha produtividade media do piñeiro de 10 m³/ha/ano que supón o 80% da cobertura arbórea e unha produtividade do 2 m³/ha/ano de especie de frondosas por entrecollas que supón o 20% da cobertura arbórea. Nos cantóns especiais só se aplica a segunda produtividade.

En xeral, obsérvase bastante similitude en canto as existencias do monte actual e o monte ordenado. En canto a produción de madeira observase un decrecemento da produtividade do 28%, debido parte á acumulación de masas en estado de fustal (debido a homoxeneidade que provocan os incendios) e debido á perda de produción do 16% por consentir a propagación das frondosa espontáneas que desprazan ao piñeiro e por optar polo réxime de baixa produtividade de entrecollas.



Visado E004624
08/06/2012

Plan Especial

2.3. Capítulo III: Plan Especial	167
2.3.1. Plan de Cortas	167
2.3.2 Plan de Melloras	174
2.3.2.1. Prezos de traballos mellora silvícola	175
2.3.2.2. Programa de traballos de mellora silvícola	181
2.3.2.3. Resumo do Plan de Melloras Silvícolas	191
2.3.2.4. Plan de traballos de infraestructuras e prevención de incendios durante o período 2012-2021	193
2.3.2.5 outros gastos de mellora a realizar durante o período 2012-2021	194
2.3.2.6. Cadro resumo de gastos de melloras durante o período 2012-2021	195
2.3.3. Balance económico e financeiro	196



Visado E004624
08/06/2012

2.3. CAPÍTULO III: PLAN ESPECIAL

O Plan Especial desenvolve e concreta as directrices xerais da organización dasocrática do Plan Xeral. O prazo de vixencia é un período de dez anos, **dende o ano 2012 ata o ano 2021**, coincidindo co momento de caducidade estimado do inventario de existencias.

No Cuartel Único, dedicado ao piñeiro galego, contémplanse as actuacións a realizar adoptando como unidade temporal de referencia o bienio; abrangue este plan cinco bienios correspondentes ás Cortas de rexeneración ou finais dous seis primeiros tranzóns de Corta. O tranzón I, ao non efectuaren as Cortas no ano 2011 (plan especial anterior), inclúense tamén neste plan especial. As actuacións do terceiro trienio detallaranse no próximo Plan Especial. O ano de actuación referiranse, como criterio común a todo o plan, ao primeiro ano do bienio, agás o caso de 2011-2012, que se referiran ao ano 2012.

A programación anual debe tomarse como orientativa para os efectos de xestión e aplicación da ordenación, tendo presente que poden realizarse **adiantos ou atrasos de ata dous anos sen necesidade de xustificación** técnica nin revisión do Plan Especial

Divídese o Plan Especial en tres seccións:

- *Plan de Cortas.*
- *Plan de melloras.*
- *Balance económico e financeiro.*

2.3.1. Plan de Cortas

Desenvólvense con detalle os aproveitamentos de madeira durante o período 2012-2021. O tratamento de masa regular permite facer a clasificación das Cortas en dous tipos:

- **Cortas finais ou de rexeneración**, aplicadas ao voo do tranzón en destino co obxectivo de obter produtos finais, rexenerar a masa de forma natural ou artificial e regularizar o tranzón asignado. No cuartel de produción único serán a feito. Nos cantóns especiais por entrecolla, agás algún caso particular neste período de adaptación e transformación do monte.
- **Rareos, Cortas de mellora ou Cortas intermedias**, aplicadas coa intención de potenciar a calidade dos produtos finais e, ao mesmo tempo e con carácter secundario, obter produtos intermedios. En principio serán selectivas nas masas de máis idade e sistemáticas-selectivas nas máis novas.

Ademais, realizaranse **Cortas de policía** (eliminación de pés mortos, tombados polo aire, afectados por enfermidades ou pragas, etc.), para manter as masa en boas condicións sanitarias. Tamén é mester considerar as **Cortas extraordinarias**, como se indicou no Plan Xeral, que pola súa propia natureza xeralmente non poden ser obxecto de cuantificación nos capítulos de planificación dun proxecto de ordenación.

Como xa se indicou, aos efectos de elaborar un programa anual de Cortas suponse que as operacións realízanse o primeiro ano do período e en particular a principio do ano, salvo que se precise un ano ou momento distinto. No cadro nº 2.3.2.: Plan de Cortas do Plan Especial 2012-2021 detállanse os datos básicos de previsións de Corta e no plano nº 6 de Planificación a localización das Cortas.

Soamente faise referencia aos aproveitamentos madeirables, aínda que se tratará de vender os restos non madeirables como leña ou biomasa no caso de que a operación sexa rendible ou conveniente dende o punto de vista técnico e económico. Outros aproveitamentos secundarios do monte como podería ser o apícola, silvopastoral, micolóxico, servizos sociais, requirirían unha explotación y plan de actuación específico levado pola propia comunidade de montes ou ben por cesión do uso algunha empresa.

No seguinte cadro faise unha estimación do crecemento das existencias dende o momento do inventario (ano 2011) ata o momento no que se programa a Corta. A

estimación faise en función das táboas de produción adaptadas para o monte, do crecemento medio actual e da calidade estimada para a estación.

Cadro nº 2.3.1.: Estimación do volume de corta

Rodal	Estrato	Calidade	Estado inicial		Crecemento m ³ /ha	Estado final	
			Idade	m ³ /ha		Idade	m ³ /ha
Tr-II (C17)	A ₅	IV- 9,6 P.p.	32	175	7,7	33	182,7
Rodal 19b	E ₁	IV- 9,6 P.p.	15	95	17,7	17	112,7
Tr-XII (C15)	A ₄ ,C ₂ ,C ₁ ,E ₁	IV- 9,6 P.p.	27	175	18,1	29	193,1
Rodal 2a	C ₃	II- 12,6 P.p.	18	111	17,3	20	128,3
Rodal 16f	D ₂	IV- 9,6 P.p.	25	112	9,9	27	121,9
Rodal 16i	P	III- 11,1 P.p.	18	40	4,9	20	44,9
Rodal 21d	O	II- 12,6 P.p.	15	20	2,9	17	22,9
Rodal 21e	M	II- 12,6 P.p.	20	178	19,6	22	197,6
Rodais 21g, 21k	K	I- 14,1 P.p.	48	200	8,3	50	208,3
Rodal 23d	E ₂	II- 12,6 P.p.	12	120	28	14	148,0
Rodal 22a	A ₄	II- 12,6 P.p.	32	232	21,8	35	253,8
Estrato B ₁	B ₁	III- 11,1 P.p.	22	225	12,3	26	237,3
Estrato B ₂	B ₂	III- 11,1 P.p.	20	164	20,9	24	184,9
Estrato I	I	III- 11,1 P.p.	14	153	30,2	18	183,2
Tr-VIII (C13)	A ₄ ,C ₁ ,A ₅	III- 11,1 P.p.	30	210	39,2	34	249,2
Estrato E ₃	E ₃	IV- 9,6 P.p.	12	116	50,3	16	166,3
Rodal 8a	J	IV- 9,6 P.p.	12	80	32	16	112,0
Rodal 8c	C ₄	IV- 9,6 P.p.	12	147	58,8	16	205,8
Rodal 4b	D ₃	II- 12,6 P.p.	13	120	44,3	17	164,3
Rodal 4d	O	II- 12,6 P.p.	15	20	61	19	76,0
Rodal 4f	O	II- 12,6 P.p.	10	20	80	14	90,0
Tr-IV (C14)	A ₄	II- 12,6 P.p.	32	232	50,8	37	282,8
Rodal 20a	E ₁	IV- 9,6 P.p.	15	95	49,4	21	144,4
Rodal 20b	M	II- 12,6 P.p.	20	174	62,6	26	236,6
Rodais 1c, 1d	E ₁	II- 12,6 P.p.	12	95	95	20	190,0
Cantón 3	Varios	III- 11,1 P.p.	20	77	41,6	26	118,6
Cantón 16	Varios	IV- 9,6 P.p.	24	134	33,5	30	167,5
Cantón 23	Varios	II- 12,6 P.p.	12	50	33,3	20	83,3
Tr-V (C18)	A ₄	III- 11,1 P.p.	32	232	66	39	298,0
Rodal 11f	E ₂	I- 14,1 P.p.	12	120	99	21	219,0
Rodais 12b, 12c	E ₁ , E ₄	II- 12,6 P.p.	11	68	102	22	170,0
Tranzón XII (C15)	Varios	III- 11,1 P.p.	26	175	72,7	35	247,7
Rodal 2a	C ₃	II- 12,6 P.p.	18	111	51,8	26	162,8
Cantón 4	Varios	II- 12,6 P.p.	15	185	18,1	24	203,1
Rodal 23d	E ₂	II- 12,6 P.p.	12	120	109	21	229,0
Tranzón VI (C19)	Varios	II- 12,6 P.p.	23	156	80,2	33	236,2

Cadro nº 2.3.2.: Plan de cortas 2012-2021

Ano	Unidade de actuación	Superf. ha	Cuartel	Tranzón	Estrato principal	Especie principal	Condición dasocrática	Tipo de Corta	m ³ /ha	%ext	m ³ ext/ha	% vol. eucal	% vol. Piñeiro	% vol. acacia	m ³ ext	Prezo €/m ³	Valor €
2012	Rodais 11a-11e	9,72	Único	I	A	Piñeiro	Obrigatorio	Final	280	100	280	0	100	0	2.722	32	87.104
2012	Parte rodal 14a	0,30	Único	IV	A ₄	Piñeiro	Obrigatorio	Final	232	85	197	0	100	0	59	25	1.475
2012	Rodal 9b	0,28	Único	IX	H	Eucalipto	Obrigatorio	Final	200	100	200	100	0	0	56	24	1.344
2012	Rodal 10c	0,29	Único	XIII	G	Eucalipto	Obrigatorio	Final	536	100	536	100	0	0	155	26	4.030
2012	Rodal 1g	0,18	Único	XVIII	H	Eucalipto	Obrigatorio	Final	200	100	200	100	0	0	36	24	864
2012	Rodal 4a	0,30	CE4	---	A ₃	Piñeiro	Obrigatorio	Entrecolla	270	25	68	0	100	0	20	29	580
2012	Parte rodal 16d	2,00	CE16	---	A ₅	Piñeiro	Obrigatorio	Final	50	100	50	0	100	0	100	30	3.000
2012	Rodal 21f	0,53	CE21	---	A ₂	Piñeiro	Obrigatorio	Entrecolla	332	100	332	0	100	0	176	29	5.104
2012	Rodal 23b	0,16	CE23	---	A ₂	Piñeiro	Obrigatorio	Final	332	100	332	0	100	0	53	33	1.749
2012	Rodal 23i	0,02	CE23	---	A ₂	Piñeiro	Obrigatorio	Entrecolla	332	100	332	0	100	0	7	28	196
2012	Rodal 23l	0,06	CE23	---	H	Eucalipto	Obrigatorio	Final	200	100	200	100	0	0	12	23	276
2012-2015	Rodal 23m	0,25	CE23	---	A ₁	Piñeiro	Optativo	Entrecolla	450	100	450	0	100	0	113	45	5.085
2012	Rodal 23n	0,33	CE23	---	A ₃	Piñeiro	Obrigatorio	Final	270	100	270	0	100	0	89	35	3.115
2012	Rodal 23q	0,38	CE23	---	H	Eucalipto	Obrigatorio	Final	200	100	200	100	0	0	76	24	1.824
2012	Rodal 23u	0,21	CE23	---	G	Eucalipto	Obrigatorio	Final	536	100	536	100	0	0	113	28	3.164
2012	Estrato B ₁	40,48	Único	Varios	B ₁	Piñeiro	Obrigatorio	1º rareo	225	20	45	0	100	0	1.822	21	38.262
2012	Estrato B ₂	6,46	Único	Varios	B ₂	Piñeiro	Optativo	1º rareo	164	15	25	0	100	0	162	21	3.402
2012	Estrato I	1,07	Único	XVI	B ₂	Piñeiro	Obrigatorio	1º rareo	153	20	31	0	100	0	33	18	594
2013	Tranzón II	15,67	Único	II	A ₅	Piñeiro	Obrigatorio	Final	183	100	183	0	100	0	2.868	32	91.776
2014	Rodal 19b	7,33	Único	VI	E ₁	Piñeiro	Optativo	1º rareo	113	15	17	0	100	0	125	16	2.000
2014	Tranzón XII	15,67	Único	XII	Varios	Piñeiro	Optativo	1º y 2º rareo	193	20	39	0	100	0	611	19	11.609
2014	Rodal 2a	2,99	Único	XV	C ₃	Piñeiro	Optativo	2º rareo	128	20	26	0	100	0	78	21	1.638
2014	Rodal 16f	2,40	CE16	---	D2	Piñeiro	Optativo	1º rareo	122	15	18	0	100	0	43	14	602
2014	Rodal 16i	0,33	CE16	---	P	Pseudotsuga	Optativo	1º rareo	45	10	5	0	100	0	2	14	28
2014	Rodal 21d	3,63	CE21	---	O	Varias	Optativo	1º rareo	23	15	3	0	100	0	11	8	88
2014	Rodal 21e	4,63	CE21	---	M	Varias	Optativo	1º rareo	198	10	20	0	0	100	93	12	1.116
2014	Rodal 21g	0,52	CE21	---	K	Fronosas	Optativo	1º rareo	208	10	21	0	0	100	11	6	66

Cadro nº 2.3.2.: Plan de cortas 2012-2021

